PLENO DO PARLAMENTO

26 de setembro de 2017
10.00 horas

PARLAMENTO DE GALICIA

ÍNDICE

Páx.

Convocatoria do Pleno 1
Relación de membros da Cámara 7
Listado para votación 9

Punto 1. Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña (doc. núm. 10135) 12

Punto 2. Textos lexislativos 14

2.1 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia (doc. núm. 8133, PL-000003) 15
Publicación ditame da Comisión, BOPG n.º 173, do 11.09.2017 16
Publicación mantemento de emendas, BOPG n.º 173, do 11.09.201 53

2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia (doc. núm. 8740, 10/PPL-000007) 162
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 10.05.2017 164

Punto 3. Comparecencia 171

15162 (10/CPP-000033)
Do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para presentar o Plan de prevención do suicidio en Galicia.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017 172

Punto 4. Mocións 174

4.1 16476 (10/MOC-000045)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co actual modelo de prevención e extinción de incendios forestais. (Moción

consecuencia da Interpelación n.º 10899, publicada no BOPG n.º 136, do 28.06.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017) 175

4.2 16632 (10/MOC-000046)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 14385, publicada no BOPG n.º 165, do 30.08.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017)..... 179

4.3 16666 (10/MOC-000047)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 13965, publicada no BOPG n.º 165, do 30.08.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017) 182

Punto 5. Proposicións non de lei..... 184

5.1 10437 (10/PNP-000974)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia en relación co aumento do número de equipos de valoración e orientación (EVO) para acadar no presente ano a redución das listas de agarda para a valoración do grao de discapacidade ata, como máximo, tres meses.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 132, do 21.06.2017 185

5.2 11240 (10/PNP-001055)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para aumentar a convocatoria de concursos públicos de redacción de proxectos de arquitectura e urbanismo, así como propiciar fórmulas de participación dos profesionais novos e dos pequenos estudos.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 144, do 12.07.2017 189

PARLAMENTO DE GALICIA

5.3 13052 (10/PNP-001113)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación co proxecto de construcción dun macrocomplexo comercial e de lecer no monte comunal de Liñeiriños-Cabral.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017 194

5.4 15198 (10/PNP-001200)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón

Sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a elaboración participativa dunha proposta de plan de transporte público de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017..... 199

5.5 15393 (10/PNP-001208)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 8 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego á Deputación Provincial da Coruña da creación dunha mesa de traballo cos concellos da provincia da Coruña percorridos polo Camiño inglés a Santiago de Compostela e a prolongación do Camiño de Santiago a Fisterra-Muxía para a súa mellora.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017..... 205

5.6 15416 (10/PNP-001213)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 3 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego da constitución dunha comisión especial para a análise do expediente orixinal correspondente á doazón do pazo de Meirás a Franco, así como a procura e presentación dos procedementos necesarios para recuperar a súa titularidade pública.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017..... 209

5.7 16054 (10/PNP-001240)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Puy Fraga, Pedro e 15 máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia, en colaboración coas universidades galegas, dun estudo xurídico da posibilidade e mecanismos que permitan,

respectando a legalidade vixente, incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, coñecidas como Pazo de Meirás, sen custo para a cidadanía galega.
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 174, do 13.09.2017 213

5.8 15666 (10/PNP-001223)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación en que se atopan as autoescolas de Galicia a consecuencia do conflito laboral do persoal examinador de tráfico.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017 218

Punto 6. Interpelacións 223

6.1 15065 (10/INT-000543)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón

Sobre a política do Goberno galego en relación coa regulación do sector eólico.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017 224

6.2 15083 (10/INT-000545)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017 228

6.3 15654 (10/INT-000549)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017 231

Punto 7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta 236

7.1 16700 (10/POPX-000049)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o cumprimento do slogan electoral "Galicia Primeiro" 237

7.2 16730 (10/POPX-000050)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da defensa dos intereses de Galicia bloqueados polo Goberno central 239

7.3 16846 (10/POPX-000051)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para darlles solucións políticas aos problemas políticos 241

Punto 8. Preguntas ao Goberno 243

8.1 14371 (10/POP-001948)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as condicións para a repartición do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para o ano 2017 establecidas na Orde do 7 de xullo de 2017.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 165, do 30.08.2017 244

8.2 14364 (10/POP-001946)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o asentamento por The Navigator Company dunha base de operacións en Galicia destinada á captación de madeira de eucalipto para a fabricación de pasta de papel.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 165, do 30.08.2017 247

8.3 14788 (10/POP-001983)
Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a data límite que fixa a Xunta de Galicia para acadar o saneamento integral das rías galegas.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017 251

8.4 12972 (10/POP-001584)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre as accións previstas pola Xunta de Galicia destinadas a implantar o Plan de accesibilidade do transporte metropolitano na cidade da Coruña.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017 254

8.5 16702 (10/PUP-000106)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das consecuencias da política levada a cabo en relación coa enerxía eólica 257

8.6 12769 (10/POP-001532)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección e xestión da illa de Tambo, no concello de Poio.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 156, do 02.08.2017 261

8.7 16845 (10/PUP-000107)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a recuperación da memoria histórica..... 265

8.8 13090 (10/POP-001615)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre o proceso de ampliación do Hospital de Montecelo.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017 268

8.9 12911 (10/POP-001565)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre os datos presentados polas empresas que fixeron achegas á Consellería do Mar en resposta á consulta preliminar do mercado en relación cos custos económicos en materia de servizos de medios aéreos para salvamento marítimo de Galicia.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 156, do 02.08.2017..... 271

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
19 SET. 2017
Núm. 4653

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 26 de setembro de 2017, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 19 de setembro de 2017, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña (doc. núm. 10135)

Punto 2. Textos lexislativos

2.1 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia (doc. núm. 8133, PL-000003)
Publicación ditame da Comisión, BOPG n.º 173, do 11.09.2017
Publicación mantemento de emendas, BOPG n.º 173, do 11.09.2017

2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia (doc. núm. 8740, 10/PPL-000007)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 10.05.2017

Punto 3. Comparecencia

15162 (10/CPP-000033)
Do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para presentar o Plan de prevención do suicidio en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017

Punto 4. Mocións

4.1 16476 (10/MOC-000045)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co actual modelo de prevención e extinción de incendios forestais. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 10899, publicada no BOPG n.º 136, do 28.06.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017)

4.2 16632 (10/MOC-000046)
Grupo Parlamentario de En Marea

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
19 SET. 2017
Núm. 4653

Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 14385, publicada no BOPG n.º 165, do 30.08.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017)

4.3 16666 (10/MOC-000047)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 13965, publicada no BOPG n.º 165, do 30.08.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017)

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 10437 (10/PNP-000974)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia en relación co aumento do número de equipos de valoración e orientación (EVO) para acadar no presente ano a redución das listas de agarda para a valoración do grao de discapacidade ata, como máximo, tres meses
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 132, do 21.06.2017

5.2 11240 (10/PNP-001055)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para aumentar a convocatoria de concursos públicos de redacción de proxectos de arquitectura e urbanismo, así como propiciar fórmulas de participación dos profesionais novos e dos pequenos estudos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 144, do 12.07.2017

5.3 13052 (10/PNP-001113)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións do Goberno galego en relación co proxecto de construcción dun macrocomplexo comercial e de lecer no monte comunal de Liñeiriños-Cabral
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017

5.4 15198 (10/PNP-001200)
Grupo Parlamentario de En Marea

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
19 SET. 2017
Núm. 4653

Sánchez García, Antón
Sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a elaboración participativa dunha proposta de plan de transporte público de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017

5.5 15393 (10/PNP-001208)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 8 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego á Deputación Provincial da Coruña da creación dunha mesa de traballo cos concellos da provincia da Coruña percorridos polo Camiño inglés a Santiago de Compostela e a prolongación do Camiño de Santiago a Fisterra-Muxía para a súa mellora
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017

5.6 15416 (10/PNP-001213)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 3 máis
Sobre o impulso polo Goberno galego da constitución dunha comisión especial para a análise do expediente orixinal correspondente á doazón do pazo de Meirás a Franco, así como a procura e presentación dos procedementos necesarios para recuperar a súa titularidade pública
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017

5.7 16054 (10/PNP-001240)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Puy Fraga, Pedro e 15 máis
Sobre a realización pola Xunta de Galicia, en colaboración coas universidades galegas, dun estudo xurídico da posibilidade e mecanismos que permitan, respectando a legalidade vixente, incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, coñecidas como Pazo de Meirás, sen custo para a cidadanía galega.
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 174, do 13.09.2017

5.8 15666 (10/PNP-001223)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación en que se atopan as autoescolas de Galicia a consecuencia do conflito laboral do persoal examinador de tráfico.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
19 SET. 2017
Núm. 4653

Punto 6. Interpelacións

6.1 15065 (10/INT-000543)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre a política do Goberno galego en relación coa regulación do sector eólico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017

6.2 15083 (10/INT-000545)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017

6.3 15654 (10/INT-000549)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017

Punto 7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

7.1 16700 (10/POPX-000049)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre o cumprimento do slogan electoral "Galicia Primeiro"

7.2 16730 (10/POPX-000050)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da defensa dos intereses de Galicia bloqueados polo Goberno central

7.3 16846 (10/POPX-000051)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para darlles solucións políticas aos problemas políticos

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
19 SET. 2017
Núm. 4653

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 14371 (10/POP-001948)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as condicións para a repartición do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para o ano 2017 establecidas na Orde do 7 de xullo de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 165, do 30.08.2017

8.2 14364 (10/POP-001946)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre o asentamento por The Navigator Company dunha base de operacións en Galicia destinada á captación de madeira de eucalipto para a fabricación de pasta de papel
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 165, do 30.08.2017

8.3 14788 (10/POP-001983)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a data límite que fixa a Xunta de Galicia para acadar o saneamento integral das rías galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017

8.4 12972 (10/POP-001584)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 7 máis
Sobre as accións previstas pola Xunta de Galicia destinadas a implantar o Plan de accesibilidade do transporte metropolitano na cidade da Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017

8.5 16702 (10/PUP-000106)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das consecuencias da política levada a cabo en relación coa enerxía eólica

8.6 12769 (10/POP-001532)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección e xestión da illa de Tambo, no concello de Poio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 156, do 02.08.2017

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
19 SET. 2017
Núm. 4653

8.7 16845 (10/PUP-000107)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre a recuperación da memoria histórica

8.8 13090 (10/POP-001615)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre o proceso de ampliación do Hospital de Montecelo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017

8.9 12911 (10/POP-001565)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre os datos presentados polas empresas que fixeron achegas á Consellería do Mar en resposta á consulta preliminar do mercado en relación cos custos económicos en materia de servizos de medios aéreos para salvamento marítimo de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 156, do 02.08.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:
Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 19/09/2017 14:40:22

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

RELACIÓN DE MEMBROS DE
PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Magdalena Barahona Martín	EM
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	EM
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	EM
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
Carlos Enrique López Crespo	P
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Beatriz Mato Otero	P
Juan José Merlo Lorenzo	EM
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG

Pedro Puy Fraga	P
Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	EM
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Soraya Salorio Porral	P
Antón Sánchez García	EM
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Eva Solla Fernández	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	EM
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Luis Villares Naveira	EM

Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia
X Lexislatura

(actualizada 06 de febreiro de 2017)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST
1. Álvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	P			
4. Balseiros Guinarte, Silvestre José	P			
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
6. Barahona Martín, Magdalena	EM			
7. Blanco Paradelo, Moisés	P			
8. Blanco Rodríguez, Noela	S			
9. Cal Ogando, Marcos	EM			
10. Casal Vidal, Francisco	EM			
11. Castiñeira Broz, Jaime	P			
12. Chao Pérez, Luca	EM			
13. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	EM			
14. Díaz Villoslada, Juan Manuel	S			
15. Egerique Mosquera, Teresa	P			
16. Fernández Fernández, Raúl	S			
17. Fernández Gil, César Manuel	P			
18. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
19. Fernández Prado, Martín	P			
20. García Míguez, María Angeles	P			
21. Gómez Salgado, Carlos	P			
22. González Vázquez, José	P			
23. Lago Peñas, José Manuel	EM			
24. López Crespo, Carlos Enrique	P			
25. Losada Álvarez, Abel Fermín	S			
26. Merlo Lorenzo, Juan José	EM			
27. Moreira Ferro, Jacobo	P			
28. Mouriño Villar, Antonio	P			
29. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
30. Novo Fariña, María Isabel	P			

31. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
32. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
33. Pazos Couñago, José Alberto	P			
34. Pérez Seco, José Manuel	S			
35. Pierres López, María Luisa	S			
36. Pontón Mondelo, Ana Belen	BNG			
37. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
38. Prado del Río, Paula	P			
39. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
40. Puy Fraga, Pedro	P			
41. Quinteiro Araújo, Paula	EM			
42. Quiroga Díaz, José Antonio	S			
43. Rivas Cruz, José Luis	BNG			
44. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
45. Rodríguez Arias, Marta	P			
46. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
47. Rodríguez Estévez, David	EM			
48. Rodríguez Pérez, Moisés	P			
49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	P			
51. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
52. Salorio Porral, María Soraya	P			
53. Sánchez García, Antón	EM			
54. Santos Queiruga, Carmen	EM			
55. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
56. Toja Suárez, María Dolores	S			
57. Torrado Quintela, Julio	S			
58. Trenor López, Gonzalo	P			
59. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	P			
60. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
61. Vázquez Verao, Paula	EM			
62. Vega Pérez, Daniel	P			
63. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
64. Villares Naveira, Luís	EM			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA				
65. Quintana Carballo, Rosa María	P			
66. Rey Varela, José Manuel	P			
67. Conde López, Francisco José	P			
68. Mato Otero, Beatriz	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			
DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO				
71. Burgo López, María de la Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	EM			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

1. Elección de un membro do Consello Social da Universidade da Coruña

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
19 SET. 2017
Núm. 4659

Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña en representación do Parlamento de Galicia

O 13 de xuño de 2017, a Mesa da Cámara tomou coñecemento do escrito do presidente do Consello Social da Universidade da Coruña no que solicita, con motivo do cesamento dun dos membros do Consello Social designados polo Parlamento o 27 de outubro de 2015, a iniciación dos trámites parlamentarios para proceder a súa substitución (doc. núm. 10135).

Logo da audiencia da Xunta de Portavoces do 19 de setembro de 2017.

Vistos os Criterios de ordenación da elección dos seis membros representantes dos intereses sociais nos consellos sociais do sistema universitario de Galicia designados polo Parlamento de Galicia aprobados o 17 de setembro de 2013.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Os grupos parlamentarios poderán propoñer un máximo dunha candidata ou candidato.

Deberán reunir as condicións de idoneidade preceptuadas nos artigos 77.3 e 78 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, e na proposta deberá constar a aceptación expresa do candidato ou candidata e a súa declaración de reunir as condicións legais preceptuadas.

A presentación de candidaturas farase por escrito, dirixido á Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz do grupo parlamentario.

A Mesa do Parlamento logo de cualificadas as propostas presentadas, elaborará unha lista única pechada, na que figurarán por orde alfabética os nomes dos candidatos ou candidatas e os grupos parlamentarios propoñentes. Desta lista daráselles traslado aos portavoces dos grupos parlamentarios cunha antelación mínima de seis horas ao inicio da sesión plenaria na que se realice a correspondente designación.

2.º) O prazo para formalizar candidaturas remata ás 18:30 horas do 25 de setembro de 2017.

3.º) Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso, Vicepresidente 1º na data 19/09/2017 14:40:06

Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. de En Marea
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

2. Textos lexislativos

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia (doc. núm. 8133, PL-000003)

1. Procedementos parlamentarios

1. 1. Procedementos de natureza normativa
1. 1. 2. Propostas de normas
1. 1. 2. 1. Proxectos e proposicións de lei
1. 1. 2. 1. 1. Proxectos de lei

Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos sobre o Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na reunión do 7 de setembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión

- 8133 (10/PL-000003)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia
BOPG nº 104, do 25.04.2017

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do día 7 de setembro de 2017, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre o Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte:

DITAME

Exposición de motivos

I

O dereito a gozar dun ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de o conservar, consagrado no artigo 45.1 da Constitución española, e a atribución da competencia exclusiva do Estado para ditar a lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades que teñen as comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección, previsto no artigo 149.1.23 do citado texto, configuran o fundamento constitucional de competencias en materia ambiental.

Neste mesmo sentido, o artigo 148.1.9 dela recolle que as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de «medio ambiente».

O artigo 27.30 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, recolle a competencia exclusiva para ditar «normas adicionais de protección do medio ambiente e da paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución».

Con fundamento no exposto, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativIdade, alzouse como resposta normativa ante a falta dunha lexislación actualizada e integradora sobre a protección e defensa dos animais que viven no contorno humano e co obxectivo fundamental de lles dar amparo e salvagarda mediante a regulación das mínimas atencións hixiénico-sanitarias que debían recibir, así como das obrigas das súas persoas posuidoras, dos centros de recollida, dos albergues ou das instalacións para o seu mantemento temporal, co fin de garantir uns mínimos de bo trato animal.

A concienciación, oposición e reacción da cidadanía ante situacións de maltrato, tortura ou trato inaxeitado aos animais e o tempo transcorrido desde a entrada en vigor da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativIdade, motivaron a súa modificación a través da Lei 8/2014, do 26 de setembro. A través desta modificación procedeuse, entre outras cuestións, a incrementar o importe das sancións previstas, polo efecto disuasorio que este implica, e tras a constatación de que o maltrato dos animais diminuía naquelas comunidades autónomas cunha normativa sancionadora máis actualizada.

Cómpre agora dar un paso máis alá na mellora e actualización da defensa, o benestar e a protección dos animais, toda vez que é constatable a persistencia de maltrato aos animais, polo que desde os poderes públicos é obrigado responder con contundencia fronte a estas condutas reprobables.

Por outra banda, é necesario dar un papel significativo nesta materia ao labor educativo e de sensibilización á cidadanía de que maltratar non significa só violencia extrema, senón que abrangue actuacións máis habituais do desexable, tales como someter os animais a condicións hixiénicas e sanitarias moi cuestionables e o seu emprego en espectáculos prohibidos ou noutros nos que non se cumpren unhas mínimas condicións de benestar.

A pesar do importante labor que están a realizar os cada vez máis presentes colectivos e asociacións protectoras de animais, a problemática do maltrato continúa no noso territorio, polo que resulta preciso combinar a disuasión que supón a imposición de fortes sancións administrativas co exercicio proactivo da sensibilización e concienciación, a través do impulso e da cooperación nas campañas de sensibilización que organicen os devanditos colectivos e asociacións.

Así, esta lei potencia e facilita a adopción dos animais abandonados que se atopen nos centros de recollida, e mesmo o seu acollemento temporal, e preverase a súa eutanasia unicamente naqueles casos prescritos e realizados por unha facultativa ou un facultativo veterinario, nos supostos e nas condicións establecidas na parte dispositiva da lei.

Por outro lado, atópase a situación daqueles animais que si son obxecto dun trato apropiado, mais respecto dos cales han de establecerse as normas necesarias para que a convivencia cidadá

e cos animais, e no que atinxe principalmente os de compañía, sexa cordial e fluída; normas referidas a determinadas obrigas que as persoas donas ou posuidoras deles deben cumprir, tales como a adopción das medidas necesarias para evitar as molestias e os demais danos que os seus animais poidan provocar, así como a identificación dos seus animais, entre outras.

Un animal de compañía acóllese co propósito de brindar compañía ou para gozo da persoa dona ou posuidora del. Este tipo de animais caracterízanse pola súa adaptabilidade e interacción co ser humano. Un animal de compañía pódese integrar na convivencia cunha persoa, grupo, familia ou sociedade, quen, pola súa parte, debe proporcionarlle todo o necesario para o seu desenvolvemento cotián.

Posuír un animal de compañía pode ter consecuencias positivas para a saúde, e neste punto non convén esquecer tampouco o importante labor que desenvolven, sobre todo os cans, colaborando co ser humano no ámbito policial, no rescate de persoas, como guías das persoas invidentes, na asistencia ás persoas e mesmo no ámbito terapéutico.

Nesta liña, un animal de compañía ten que ser educado para a convivencia coas persoas, sendo esta convivencia un fenómeno social común a case todas as culturas desde hai miles de anos, e desas persoas que o incorporan á súa convivencia vai depender en exclusiva o seu benestar, converténdose este nunha responsabilidade directa delas. Cómpre, en consecuencia, regular minuciosamente as prohibicións, obrigas e responsabilidades das persoas donas e posuidoras dos animais de compañía. Neste sentido hai que destacar que esta lei incorpora especificamente a obriga de identificación sen excepción de todos os animais da especie canina, o que constituirá un elemento eficaz na loita contra o abandono e o maltrato animal, ao permitir unha máis sinxela identificación do seu dono ou dona e, en consecuencia, da persoa presuntamente infractora; así como a prohibición expresa de lles dar unha educación agresiva e a prohibición de mutilacións nos animais (orellas, rabos...) co fin de manter unhas características dun tipo racial, ou a prohibición da adquisición de animais de compañía por persoas menores de dezaseis anos.

Quen tome a decisión de incorporar un animal de compañía á súa vida é responsable da súa saúde e do seu benestar, e ten que ser consciente e asumir as obrigas e responsabilidades que iso implica, o que está directamente relacionado coa necesaria intervención das administracións públicas implicadas, ás que lles compete realizar un intenso labor de información, educación e sensibilización á cidadanía.

Esta lei establece unha regulación de mínimos sobre a tenza de animais potencialmente perigosos, respectando o disposto na normativa estatal na materia, constituída fundamentalmente pola Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos, e polo Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a dita lei, e así mesmo fixa tamén un contido mínimo sobre a protección e o benestar dos animais silvestres mantidos en catividade, dadas as súas particulares características.

Por outra banda, coa redacción da nova lei cómpre proceder á adaptación da normativa autonómica na materia de autorización ao disposto na Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, que deseña un sistema que elimina regulacións innecesarias, establece procedementos máis áxiles e minimiza as cargas administrativas, co fin de fomentar e impulsar o em-

prendemento e a iniciativa dos operadores económicos. Non obstante, esa pretensión non pode descoñecer as especificidades propias do relacionado co benestar animal e os animais de compañía na súa interacción coas persoas e o medio, especialmente atendendo a preservación do benestar dos propios animais, pero tamén a saúde e seguridade das persoas, o que fai preciso configurar un réxime propio descrito nesta lei respecto da exixencia de autorización.

Esta Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia establece de xeito xenérico, nos seus artigos 10.2 e 14, os requisitos da autorización para algúns tipos de núcleos zoolóxicos e para os eventos nos que participen animais de compañía, e difire ao seu desenvolvemento regulamentario a precisión detallada da súa regulación, sen prexuízo dos requisitos mínimos fixados na lei.

O reflexo legal en prol da autorización acollía unha interpretación conciliable coas previsións da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, que se viu afectada, primeiro, pola Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e máis tarde pola Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, especialmente respecto do control administrativo, ao declarar a dita lei xenericamente o libre acceso e exercicio de todas as actividades económicas en todo o territorio nacional, coa única limitación do establecido nesa lei ao disposto na normativa da Unión Europea ou en tratados e convenios internacionais.

Malia o anterior, o mantemento do réxime de autorización é unha garantía necesaria para a apertura de determinados establecementos ou a prestación de determinados servizos, fundamentada en razóns imperiosas de saúde pública, seguridade pública, protección do ambiente e interese xeral, que, en suma, se constitúen nunha garantía para a cidadanía.

En definitiva, a exixencia do réxime de autorización, sometido aos principios de necesidade e proporcionalidade, dabondo motivados legalmente e con especificación da súa concorrencia, atópase circunscrita a que esas razóns non poidan salvagardarse mediante a presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación previa.

II

A lei establece tamén o correspondente réxime sancionador, no que se introducen novas infraccións administrativas en consonancia coa evolución da sensibilidade social nesta materia, recollida no propio texto normativo.

En canto á súa estrutura, a lei contén corenta e nove artigos, divididos nun título preliminar e oito títulos, catro disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O título preliminar dedícase ás disposicións xerais en relación co obxecto e o ámbito de aplicación da lei, a organización e as competencias. O título I establece as disposicións xerais que rexen para os animais de compañía. E nel regúlanse as obrigas das persoas posuidoras e propietarias de animais; os establecementos de animais; os concursos, as exposicións e os espectáculos con animais; as medidas e os controis sanitarios que cómpre adoptar respecto deles; a prohibición do seu abandono, así como a prohibición do sacrificio e a regulación da eutanasia; e, por último, unha regulación mínima

dos animais potencialmente perigosos. O título II dedícase especificamente aos animais domésticos, incluíndo o relativo á recollida e ao acollemento dos animais perdidos, abandonados e vagabundos. O título III regula as especialidades dos animais silvestres mantidos en catividade, entre as que se atopan as relativas ás especies exóticas invasoras e ás especies protexidas. O título IV regula as asociacións de protección e defensa dos animais e o outorgamento da condición de entidades colaboradoras. O título V refírese á creación do Comité Consultivo para a Protección Animal. O título VI regula a divulgación, a información, a formación e a educación no relativo á protección animal. O título VII recolle a inspección, o control e a vixilancia nesta materia. E, finalmente, o título VIII establece as infraccións e sancións en materia de protección animal, así como o procedemento sancionador.

Esta lei foi obxecto de consulta e consenso coas principais asociacións protectoras de animais e ecoloxistas, coa Federación Galega de Municipios e Provincias e co Consello Galego de Colexios Veterinarios, e tamén foi posta en coñecemento dos membros do Consello Galego de Protección dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade.

TÍTULO PRELIMINAR
Disposicións xerais

CAPÍTULO I
Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta lei ten por obxecto establecer as normas que garanten a protección e o benestar, así como a posesión e a tenza responsable dos animais de compañía, incluíndo os silvestres mantidos en catividade con fins distintos dos produtivos, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. *Exclusións e aplicación supletoria*

1. Esta lei non será aplicable aos animais que sexan obxecto dunha regulación específica, e, entre outros, aos:

— Animais de produción destinados ao seu aproveitamento, incluído o autoconsumo.
— Animais pertencentes á familia dos équidos.
— Animais empregados en calquera espectáculo taurino, incluídos os encerros.
— Animais silvestres no medio natural.
— Animais empregados para experimentación ou outros fins científicos.

2. Ás coleccións de animais dos parques ou das reservas zoolóxicas e aos cans de asistencia seralles aplicable supletoriamente esta lei nos aspectos non previstos na súa normativa específica de regulación.

Artigo 3. *Fins*

Esta lei ten os seguintes fins:

1. Acadar o máximo nivel de protección e benestar dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei, consonte a súa condición de seres vivos dotados de sensibilidade física e psíquica.

2. Fomentar o coñecemento do mundo animal que contribúa a unha conduta máis responsable e cívica das persoas no respecto, a defensa e a preservación dos animais, así como na súa tenza, acorde coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas deles.

3. Compatibilizar o benestar dos animais co seu gozo e mantemento polas persoas.

4. Harmonizar a tenza dos animais coa convivencia social pacífica e segura.

4 *bis*. Impulsar e promover a identificación dos animais para combater o seu abandono e maltrato.

Artigo 4. *Definicións*

Para os efectos desta lei entenderase por:

1. Animais de compañía: os animais de calquera especie, dos incluídos no ámbito de aplicación desta lei, que teña no seu poder o ser humano, sempre que a súa tenza non supoña como destino o seu consumo ou o aproveitamento das súas producións, ou non se leve a cabo, en xeral, con fins comerciais ou lucrativos. En todo caso, dentro desta definición inclúense, na súa totalidade, os cans, os gatos, os furóns e os animais das coleccións zoolóxicas dos parques ou das reservas zoolóxicas, con independencia do fin ao que sexan destinados ou do lugar en que habiten, ademais de todos aqueles exemplares de animais silvestres mantidos en cativIdade con fins distintos dos produtivos.

2. Animais domésticos: aqueles animais de compañía pertencentes a especies que críe e posúa tradicional e habitualmente o ser humano, co fin de vivir en domesticidade no contorno do fogar, así como os de acompañamento, condución e axuda de persoas con discapacidade recoñecida.

3. Animais silvestres mantidos en cativIdade: aqueles animais de compañía distintos dos animais domésticos.

4. Animais de produción: os animais de produción, reprodución, ceba ou sacrificio, incluídos os animais de peletaría ou de actividades cinexéticas, mantidos, cebados ou criados para a produción de alimentos ou produtos de orixe animal, comprendido o autoconsumo, para calquera uso industrial ou calquera outro fin comercial ou lucrativo.

5. Animais potencialmente perigosos: considéranse animais potencialmente perigosos aqueles animais de compañía pertencentes tanto á fauna autóctona coma alóctona que, con independencia da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertenzan, poidan causar a morte ou provocar lesións ás persoas ou a outros animais, ou producir danos de certa entidade ás cousas, bardante o suposto previsto no artigo 1.2 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.

6. Animais silvestres: o conxunto de especies, subespecies, poboación e individuos animais que viven e se reproducen de forma natural en estado silvestre, incluídos os que se encontran en invernada ou están de paso, con independencia do seu carácter autóctono ou alóctono e da posibilidade do seu aproveitamento cinexético. Non se entenderán comprendidos os animais das

devanditas especies que teñan o carácter de domésticos, os criados con fins produtivos ou de aproveitamento deles ou das súas producións ou cultivos e mais os de experimentación ou investigación científica coa debida autorización.

7. Animais abandonados: os animais de compañía, incluíndo os vagabundos ou extraviados, cuxa persoa propietaria sexa descoñecida ou da que non sexa posible a súa localización, e aquel animal que, con propietaria ou propietario coñecido, non é recuperado nos prazos legalmente establecidos tras o correspondente requirimento consonte o establecido no artigo 23. Terá igualmente o carácter de abandonado aquel animal que non sexa retirado pola persoa propietaria del de calquera centro ou establecemento de animais no prazo convido, sen prexuízo do procedemento para a súa recollida consonte o establecido no artigo 23.

8. Animais identificados: os animais de compañía que, tendo implantado o sistema de marcaxe legalmente establecido por unha veterinaria ou un veterinario habilitado, estean dados de alta no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía ou en calquera outro rexistro considerado oficial no territorio en que se establezan, ben sexa doutra comunidade autónoma, do Estado español ou doutro Estado.

9. Propietario ou propietaria: a persoa física ou xurídica responsable da custodia dun animal de compañía que figure inscrita como propietaria no rexistro de identificación correspondente. Naqueles supostos en que non exista constancia desta inscrición, considérase propietario ou propietaria quen poida demostrar a súa titularidade por calquera medio admitido en dereito. As persoas menores e incapacitadas poderán ser propietarias de acordo coas regras xerais sobre capacidade establecidas no Código civil.

10. Posuidor ou posuidora: a persoa física que, sen reunir a condición de propietaria ou propietario segundo o establecido na definición anterior, teña e/ou estea encargada do coidado do animal de compañía.

11. Tenza responsable: o conxunto de obrigas, condicións e compromisos que deben asumir as persoas propietarias e posuidoras para garantir e asegurar o benestar dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei e a súa calidade de vida, conforme as súas necesidades etolóxicas e fisiolóxicas.

12. Asociacións de protección e defensa dos animais: aquelas asociacións constituídas legalmente e inscritas no rexistro oficial correspondente, sen fin de lucro, que teñen por obxecto fundamental a defensa e protección dos animais no medio en que vivan.

13. Eutanasia: a morte deliberada e provocada dun animal, sempre prescrita e efectuada por unha ou un profesional veterinario, coa finalidade de lle evitar sufrimento grave e irremediable ou afección grave, ou ben por razóns motivadas de sanidade animal, de saúde pública, de seguridade das persoas ou ambientais.

14. Maltrato: calquera conduta que ocasione directa ou indirectamente ao animal dor, sufrimentos ou danos evitables, tanto físicos coma psíquicos, ou a morte, sexa por acción ou omisión dolosa ou neglixente. Quedan excluídos desta definición os supostos en que concorra caso fortuíto ou forza maior.

15. Establecemento de animais de compañía: calquera recinto, instalación, edificio ou grupo de edificios, incluíndo anexos e espazos que non estean totalmente pechados ou cubertos, así como as instalacións móbiles onde se aloxen, manteñan, críen ou se preste servizos a estes animais.

16. Núcleo zoolóxico: conxunto formado polo establecemento ou recinto de animais de compañía, tanto de titularidade pública coma privada, e a colección zoolóxica que alberga.

17. Colección zoolóxica: conxunto de animais de compañía que habitan nun núcleo zoolóxico, de xeito permanente ou temporal.

18. Canceira deportiva: núcleo zoolóxico dedicado ao fomento, á cría e ao coidado de cans coa finalidade da práctica dalgunha modalidade deportiva, incluída a actividade cinexética, que albergue unha cantidade superior a dez exemplares maiores de tres meses de idade, ou quince cans maiores de tres meses de idade no caso de canceiras deportivas dedicadas á actividade cinexética.

19. Aves de rapina en catividade: aquelas especies de aves e os seus híbridos pertencentes ás ordes falconiformes e estrixiformes que se atopan en catividade.

20. Consellaría competente en materia de protección animal: a consellaría con competencias e funcións en materia de conservación da natureza, segundo o establecido no correspondente decreto de estrutura orgánica.

21. Consellaría competente en materia de sanidade animal: a consellaría con competencias e funcións en materia de protección e control da sanidade animal, segundo o establecido no correspondente decreto de estrutura orgánica.

22. Eventos con animais de compañía: calquera actividade que supoña a exhibición e a realización de concursos, exposicións, certames, feiras ou atraccións públicas, de acordo co establecido na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, no relativo aos espectáculos públicos e ás actividades recreativas, recollidos baixo unha mesma autorización, que implique a participación de animais de compañía (agás os parques zoolóxicos, de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos).

CAPÍTULO II
Organización e competencias

Artigo 5*. Principio xeral*

Todas as administracións públicas de Galicia cooperarán no desenvolvemento das medidas de defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei e mais na denuncia perante os órganos competentes de calquera actuación contraria ao disposto nela.

Artigo 6. *Competencias das administracións en materia de protección animal*

1. Atribúese ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei en cadanseu termo municipal.

2. No ámbito da Administración autonómica, a aplicación desta lei corresponde á consellaría competente en materia de protección animal.

TÍTULO I
Disposicións relativas aos animais de compañía

CAPÍTULO I
Disposicións xerais

Artigo 7. *Obrigas das persoas propietarias e posuidoras de animais de compañía*

1. A persoa propietaria ou posuidora dun animal é responsable da súa protección e benestar e deberá cumprir con todas as obrigas previstas nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan.

2. As persoas propietarias e posuidoras de animais teñen a obriga de garantir as seguintes necesidades básicas:

a) Subministrarlles a alimentación, a auga e os coidados que estean en consonancia coas súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas axeitados para o seu normal desenvolvemento.

b) Proporcionarlles aloxamento suficiente, cómodo, seguro, ao abeiro das inclemencias meteorolóxicas, e mantelos en boas condicións hixiénico-sanitarias e ambientais, todo conforme a súa etoloxía e as súas características físicas.

c) Sometelos ás revisións veterinarias necesarias e prestarlles todos aqueles tratamentos veterinarios preventivos, paliativos ou curativos que sexan precisos para garantir un bo estado sanitario, ou que lles eviten sufrimento, así como sometelos a calquera tratamento preventivo que sexa declarado obrigatorio para o seu benestar ou para a protección da saúde pública ou a sanidade animal.

d) Proporcionarlles o necesario exercicio físico e descanso, de acordo coas súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas.

e) Proporcionarlles un contorno libre de estrés, medo e sufrimento, así como a posibilidade de interacción necesaria para o seu normal desenvolvemento.

3. As persoas propietarias ou posuidoras de animais teñen, ademais das anteriores, as seguintes obrigas:

a) Colaborar coas autoridades e os seus axentes e mais facilitarlles canta documentación e información lles sexa requirida, así como o acceso ou a entrada aos lugares que sexa necesario, co fin de cumprir as previsións contidas nesta lei.

b) Adoptar as medidas necesarias para que os animais non poidan acceder libremente ás vías nin aos espazos públicos ou privados. No caso dos cans, deberán levalos provistos de correa e colar ou outros elementos de retención, agás os supostos establecidos nas actividades autorizadas en que os animais precisan transitar en liberdade ou naqueles lugares en que se permita que transiten en liberdade, e, en todo caso, baixo o control e a responsabilidade das persoas propietarias ou posuidoras deles, evitando danos ou molestias ás persoas viandantes ou a outros animais.

Así mesmo, deberase impedir o libre acceso ao lugar onde se aloxen os animais das persoas ou doutros animais.

O acceso dos animais no caso dos locais destinados a espectáculos públicos, deportivos e culturais someterase ao disposto nas normas municipais aplicables, co necesario respecto á restante normativa de aplicación.

c) Recoller os excrementos que os animais depositen nas vías e nos espazos públicos e privados de uso común.

d) Evitar a reprodución incontrolada dos animais.

e) Manter actualizados os datos comunicados aos rexistros obrigatorios previstos nesta lei.

Artigo 8. *Responsabilidade por danos*

1. En materia de responsabilidade por danos haberá que aterse ao disposto no artigo 1905 do Código civil.

2. Será obrigatoria a contratación dun seguro de responsabilidade civil nos supostos legal ou regulamentariamente previstos.

Artigo 9. *Prohibicións xenéricas*

Están prohibidas as seguintes condutas ou prácticas en relación cos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei:

a) O maltrato aos animais, no sentido indicado no artigo 4.14.

b) O abandono dos animais, no sentido indicado no artigo 4.7.

c) A utilización de calquera mecanismo ou utensilio que, destinado a limitar ou empecer a mobilidade dos animais, lles produza dor, danos, sufrimentos, menoscabo ou estrés innecesarios, en especial os que lles impidan manter a cabeza na posición natural, agás prescrición veterinaria. Neste sentido, prohíbese manter os animais da especie canina atados de forma permanente ou limitarlles os movementos que son necesarios durante a maior parte do día, así como o emprego de instrumentos ou métodos daniños de suxeición, retención ou educación, como os colares eléctricos que produzan descargas.

d) Non proporcionar aos animais a auga e a alimentación abondas e adecuadas ás súas necesidades, agás por prescrición veterinaria.

e) Manter os animais en condicións inadecuadas, desde o punto de vista hixiénico-sanitario ou ambiental, ou desatender o coidado e a atención necesarios, de acordo coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas segundo a raza e a especie.

f) Obrigar os animais a desempeñaren traballos ou actividades nos que o esforzo exixido supere a súa capacidade ou ben se poña en perigo a súa saúde.

g) Empregar animais en atraccións feirais e outras asimilables, agás o disposto no artigo 14.

h) Practicar mutilacións aos animais, incluídas aquelas que teñan como finalidade o mantemento das características dun tipo racial ou estéticas. Exclúense aquelas mutilacións necesarias por razóns médico-cirúrxicas, de esterilización, por exixencia funcional ou por supoñer un beneficio futuro para o animal, as cales deberán ser, en todo caso, prescritas e realizadas por unha ou un profesional veterinario.

i) Regalar animais como recompensa, premio ou gratificación en eventos ou atraccións públicas, de acordo co definido no artigo 4.22.

j) Utilizar animais en pelexas, festas, espectáculos ou calquera outra actividade que leven consigo malos tratos, crueldade ou sufrimento.

k) A entrada e permanencia de animais de compañía nos locais ou lugares destinados á preparación, a venda, o almacenamento, o transporte ou a manipulación de alimentos.

Malia o anterior, e sen prexuízo do establecido nas ordenanzas municipais correspondentes, as persoas propietarias de hoteis, pensións, restaurantes, bares, cafetarías e similares poderán autorizar ao seu criterio a entrada e permanencia dos animais de compañía nos seus establecementos, para o que deberán mostrar un distintivo que o indique nun lugar visible á entrada do establecemento.

En todo caso, exceptúanse das prohibicións establecidas nesta alínea os cans de asistencia e os pertencentes ás Forzas Armadas e aos corpos e forzas de seguridade do Estado, do ámbito autonómico e local, así como os das empresas de seguridade legalmente habilitadas e os dos corpos de salvamento e rescate.

l) O emprego e a tenza de animais de especies silvestres nos circos.

m) A filmación ou realización de escenas para cine, televisión ou calquera outro medio audiovisual que recollan escenas de crueldade, maltrato, morte ou sufrimento de animais, agás autorización da consellaría competente en materia de protección animal, co fin de garantir que o dano sexa simulado e que os produtos e os medios empregados non provoquen ningún prexuízo ao animal.

n) A utilización de calquera tipo de produtos ou substancias farmacolóxicas para modificar o comportamento natural dos animais que se utilizan para o traballo fotográfico, publicitario, de exposición ou exhibición.

o) Exercer a mendicidade ou calquera outra actividade ambulante utilizando animais como medio de publicidade ou reclamo destas actividades.

p) Alimentar os animais vagabundos ou extraviados nas vías públicas sen contar coa correspondente autorización municipal, agás situacións que poidan comprometer o benestar dos animais.

q) Dar educación agresiva, estresante ou violenta aos animais, así como de instigación ou preparación para pelexas ou ataques, quitando os adestradores de cans de empresas de seguridade legalmente habilitadas e de corpos e forzas de seguridade do Estado e as excepcións previstas no artigo 11 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos. Neste punto, prohíbese expresamente implicar os animais en pelexas, ataques ou agresións, incluíndo a súa organización, así como encirralos, permitirlles ou non impedirlles atacar unha persoa ou calquera outro animal.

Artigo 10. *Clasificación e rexistro dos núcleos zoolóxicos*

1. Os núcleos zoolóxicos serán obxecto de autorización ou de comunicación previa ao inicio da súa actividade, de acordo co establecido nesta lei. A autorización ou presentación da comunicación de inicio da actividade, segundo os casos, supoñerá a inscrición de oficio do establecemento no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (Reganuz), adscrito á consellaría competente en materia de protección animal, conforme o procedemento de autorización e comunicación previa que regulamentariamente se determine.

2. Por razóns de saúde pública, seguridade pública e protección do ambiente serán obxecto de autorización e inscrición no Reganuz os seguintes tipos de establecementos ou recintos de núcleos zoolóxicos: os establecementos ou recintos de coleccións zoolóxicas particulares, os centros de recuperación de fauna silvestre, os centros de recollida de animais abandonados, os centros de cría, os establecementos de venda de animais, as residencias de animais, os centros de terapia a humanos con animais (excepto équidos), as canceiras deportivas, os centros de adestramento e os centros de adopción de animais de compañía. Os centros de importación de animais de compañía e mais os parques zoolóxicos e as reservas zoolóxicas serán obxecto de inscrición no Reganuz, tras a súa autorización, de acordo co réxime de autorización específico contido na normativa correspondente de aplicación, en cada caso.

3. Serán obxecto de comunicación previa ao inicio da súa actividade os establecementos veterinarios e os centros dedicados á hixiene e ao coidado estético dos animais, para a súa inscrición no Reganuz, de conformidade co disposto na normativa de unidade de mercado, nesta lei e na demais normativa aplicable. Regulamentariamente poderán establecerse outros tipos de establecementos ou recintos obxecto de comunicación previa.

4. Os núcleos zoolóxicos deberán cumprir, sen prexuízo dos que se establezan regulamentariamente, os seguintes requisitos mínimos e obrigas:

a) Dispoñer de boas condicións hixiénico-sanitarias e ambientais, así como de espazos e locais adecuados ás condicións fisiolóxicas e etolóxicas dos animais que alberguen.

b) Dispoñer de rexistros de entrada e saída de animais, segundo os casos, nas condicións e co contido que regulamentariamente se estableza. Como mínimo deberase recoller nestes rexistros: a data de entrada do animal; a procedencia ou orixe; a especie, a raza e, se é o caso, a identificación individual; as incidencias sanitarias, a data e a causa da baixa e o destino.

c) Adoptar as medidas necesarias para evitar os contaxios entre os animais que alberguen e dispoñer das medidas para evitar que os animais poidan escapar.

d) Os establecementos que fagan entrega de animais mediante venda débeno facer coas debidas garantías sanitarias, libres de toda doenza, acreditándoo coa documentación que regulamentariamente se determine.

e) Será obrigatoria a subministración ás consellarías competentes en materia de protección e sanidade animal de toda a información de carácter zoosanitario ou calquera outra relacionada co cumprimento desta lei e da restante normativa vixente que lles sexa solicitada.

Artigo 11. *Transporte dos animais de compañía*

1. Sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente na materia, o transporte dos animais de compañía efectuarase segundo as peculiaridades propias de cada especie, co espazo, as dimensións e os requisitos hixiénico-sanitarios axeitados, de acordo co que se determine regulamentariamente. Durante o seu transporte, os animais deberán ser alimentados e abeberados segundo se estableza regulamentariamente. Así mesmo, empregaranse equipos axeitados na carga e descarga de animais que non produzan danos ou sufrimentos.

2. Non se poderán transportar animais feridos ou enfermos, salvo:

a) Que se trate de animais levemente feridos ou enfermos, cuxo transporte non sexa causa de lesións ou sufrimentos innecesarios.

b) Que os animais sexan transportados co obxecto de os someter á atención, ao diagnóstico e/ou ao tratamento veterinario. Na medida do posible, no caso de animais residentes en establecementos autorizados, a atención veterinaria intentarase aplicar no propio establecemento, en prol do seu benestar.

3. No transporte e na permanencia en vehículos de particulares estacionados, incluídos os seus remolques, o animal dispoñerá de ventilación e temperaturas adecuadas, así como de espazo abondo que lle permita levantarse, xirar e tombarse.

4. Queda prohibido o transporte de animais de compañía nos maleteiros totalmente pechados e sen ventilación axeitada, así como levalos atados a vehículos de motor en marcha.

Artigo 12. *Identificación dos animais de compañía*

1. Para os efectos desta lei, a identificación dos animais da especie canina é obrigatoria sen excepción. O animal deberá ser identificado dentro dos seus tres primeiros meses de vida e, en todo

caso, antes de ser obxecto de transmisión. Así mesmo, serán obxecto de identificación obrigatoria todos os animais catalogados como potencialmente perigosos.

As persoas propietarias e criadoras de cans están obrigadas a proceder á súa identificación no prazo establecido no parágrafo anterior. Sen prexuízo do disposto no punto 2 do artigo 28 e nos demais supostos establecidos nesta lei, a identificación do resto de animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei será voluntaria. Nestes casos, as condicións desa identificación fixaranse regulamentariamente.

No caso específico dos gatos e furóns que sexan obxecto de traslado a outros países serán aplicables as obrigas establecidas na normativa vixente que regula o desprazamento de animais de compañía.

2. A identificación comprende o sistema de marcaxe legalmente establecido, a expedición do correspondente documento de identificación ou pasaporte nos casos que corresponda, segundo o modelo normativamente regulado, así como a inscrición do animal no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (Regiac).

3. A inscrición no Regiac (Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía), sen prexuízo dos demais requisitos establecidos regulamentariamente, conterá o código identificador do animal, o número de pasaporte sanitario nos casos en que este sexa preceptivo, a especie e a raza, o sexo, a data do nacemento e o enderezo habitual do animal, xunto cos datos identificativos da persoa propietaria del.

No caso de inscrición obrigatoria, o cambio de titularidade dun animal de compañía será comunicado ao devandito rexistro, tanto pola persoa cedente coma pola adquirente da súa titularidade, no prazo máximo de dez días desde que se produza a efectiva entrega del.

Quedan exceptuados da obriga de inscrición no Regiac os cans que proveñan doutros territorios do Estado e que permanezan transitoriamente en Galicia un período de tempo inferior a tres meses.

4. A identificación será requisito previo e obrigatorio para realizar calquera transmisión do animal, cando aquela sexa obrigatoria segundo a especie, a título oneroso ou gratuíto, e debe constar en calquera documento que faga referencia a el. Non se expedirán pasaportes sanitarios a cans sen facer constar a identificación do animal.

Artigo 13. *Cría e venda de animais de compañía*

1. A cría con fins comerciais de animais de compañía só poderá efectuarse en establecementos debidamente autorizados e inscritos como centros de cría no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (Reganuz) establecido no artigo 10. Estes centros deberán ter o seu número de inscrición nun lugar visible.

2. Queda prohibida a compra, a venda, a cesión ou a doazón ambulante de animais de compañía.

3. Igualmente queda prohibida a venda, cesión ou doazón de animais de compañía ás persoas menores de dezaseis anos ou ás incapacitadas, agás que conten con autorización expresa de quen

teña a súa patria potestade, tutela ou custodia, e de conformidade, se é o caso, coa sentenza de incapacitación. O incumprimento desta prohibición e da contida no punto 2 anterior constituirá unha infracción administrativa nos termos previstos nesta lei.

4. Os centros de cría e os establecementos de venda de animais non poderán efectuar vendas ou cesións de animais de compañía a laboratorios ou outros establecementos con destino a labores de experimentación sen a correspondente autorización.

5. Os centros de cría e os establecementos de venda radicados en Galicia que oferten a venda de animais por calquera medio de comunicación, revistas ou publicacións, anuncios na rúa ou en establecementos ou edificios públicos, redes sociais ou calquera outro medio a través da internet terán que incluír na súa publicidade ou anuncio o número de inscrición no Reganuz.

6. Os centros de cría e os establecementos de venda entregarán a quen compre un animal, en papel ou en formato electrónico, toda a información precisa sobre a súa orixe, a identificación no caso en que sexa obrigatoria, as características, os tratamentos sanitarios aplicados ao animal no establecemento, os coidados e o manexo.

7. Os centros de cría e os establecementos de venda entregarán os animais en bo estado de saúde, certificado por unha ou un profesional veterinario, e identificados, no caso de que esta identificación sexa obrigatoria, segundo o establecido no artigo 12.

8. As crías de cans e gatos non poderán separarse das súas nais antes das dez semanas de vida, co fin de evitar problemas de saúde ou comportamento. Neste sentido deberanse tomar as medidas necesarias para acadar a socialización dos cachorros con anterioridade á súa transmisión.

9. Os animais de compañía destinados á venda non se poderán exhibir nos escaparates ou nas zonas expostas á vía pública, ou a modo de reclamo comercial.

10. Os establecementos de cría, venda ou importación de animais deberán contar con persoal suficiente e coa formación necesaria para o manexo e a atención dos animais aloxados nestes, o que se determinará regulamentariamente.

Artigo 14. *Eventos con animais de compañía*

1. A realización de eventos con animais de compañía deberá ser obxecto de autorización previa ao seu desenvolvemento, outorgada pola consellaría competente en materia de protección animal, cos requisitos e segundo o procedemento que regulamentariamente se establezan, sen prexuízo de calquera outra autorización que sexa preceptiva.

2. En todo caso, deberase dispoñer dun espazo axeitado no que poidan atenderse aqueles animais que precisen asistencia veterinaria e dun equipamento básico, co material imprescindible, para estabilizar e trasladar o animal a un centro veterinario axeitado cando se requira.

3. As solicitudes de autorización para a realización dos eventos sinalados no punto 1 serán presentadas por quen os organice cunha antelación mínima dun mes previa ao seu desenvolvemento,

e deberanse acompañar dunha memoria cos aspectos que se determinen regulamentariamente. O organizador ou a organizadora deberá responsabilizarse de que todos os animais participantes cumpren cos requisitos que regulamentariamente se establezan para cada especie.

Artigo 15. *Eutanasia*

1. A eutanasia dos animais será prescrita e realizada por unha ou un facultativo veterinario, de forma rápida e indolora, coa aplicación de sedación cando o manexo do animal poida supoñer un estrés ou sufrimento adicional, e efectuada con métodos que impliquen o mínimo sufrimento e provoquen unha perda de consciencia inmediata.

2. Por vía regulamentaria determinaranse os métodos autorizados para a eutanasia animal.

3. As consellarías competentes en materia de protección e sanidade animal poderán establecer excepcións aos métodos de eutanasia en situacións de emerxencia e/ou perigosidade debidamente xustificados. Cando sexa preciso o emprego de armas de fogo, e non exista outro método alternativo, estas deberán ser empregadas polas forzas ou corpos de seguridade ou por persoal expresamente autorizado polas ditas consellarías, logo de valoración da situación e dos riscos que implica, e actuando segundo a normativa específica aplicable.

4. Non se poderá dar morte aos animais acollidos nun centro de recollida ou fogar de acollida temporal, con independencia do tempo transcorrido desde a súa entrada.

5. Exceptúanse da prohibición establecida no punto anterior os supostos de eutanasia do animal debidamente motivados por escrito por unha ou un profesional veterinario, co fin de lle evitar un sufrimento grave e irremediable ou unha afección grave, ou ben por razóns motivadas de sanidade ou benestar animal, de saúde pública, de seguridade das persoas ou ambientais.

CAPÍTULO II
Animais potencialmente perigosos

Artigo 16. *Animais potencialmente perigosos*

1. Considéranse animais potencialmente perigosos aqueles animais de compañía pertencentes tanto á fauna autóctona coma alóctona que, con independencia da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertenzan, poidan causar a morte ou provocar lesións ás persoas ou a outros animais, ou producir danos de certa entidade ás cousas, excepto o suposto previsto no artigo 1.2 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.

2. En todo caso, entenderase por cans potencialmente perigosos aqueles nos que concorran calquera das condicións seguintes:

a) Cans que polas súas características raciais poidan ser aptos para o adestramento para a garda e defensa, e en concreto os cans pertencentes ás seguintes razas: American Stafforshire Terrier, Pit Bull Terrier, Bullmastif, Dobermann, Dogo Arxentino, Dogo de Bordeos, Dogo do Tíbet, Fila Brasileiro, Mastín Napolitano, Presa Canario, Presa Mallorquín (*Ca de Bou*), Rottweiler, Bull Terrier, Staf-

fordshire Bull Terrier, Tosa Inu e Akita Inu, e mais as restantes razas que poidan determinarse na normativa estatal sobre animais potencialmente perigosos de obrigado cumprimento.

Tamén serán considerados potencialmente perigosos os cruzamentos en primeira xeración destas razas ou os cruzamentos destas razas con outras.

b) Cans que foron adestrados para a garda e defensa.

c) Cans que tiveron algún episodio de agresións a persoas ou ataques de certa entidade a animais ou ás cousas, ou aqueles que manifesten un carácter marcadamente agresivo. Nestes casos, a potencial perigosidade deberá ser apreciada pola autoridade competente municipal, de oficio ou despois de notificación ou denuncia, atendendo criterios obxectivos e logo de informe dunha ou dun profesional veterinario designado para o efecto.

Artigo 17. *Licenza municipal e obriga de inscrición no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos*

1. A tenza e a custodia dos animais potencialmente perigosos requirirán a obtención previa da licenza administrativa outorgada polo concello correspondente nos termos previstos no artigo 3 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos. Para os efectos da expedición da licenza no caso de persoas posuidoras distintas á propietaria do animal, será válido o seguro de responsabilidade civil subscrito por esta última. No caso de posuír varios animais potencialmente perigosos será exixible unha única licenza, sempre e cando todos os animais conten co correspondente seguro de responsabilidade civil. A licenza terá un período de validez de cinco anos e poderá ser renovada por períodos sucesivos de igual duración.

2. Os animais potencialmente perigosos deberanse inscribir no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos no prazo de quince días desde a obtención da licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos. No suposto previsto no punto 1 deste artigo, para o caso do segundo e posteriores animais, o dito prazo comezará a computarse desde a adquisición do animal.

Artigo 18. *Responsabilidade e obrigas das persoas propietarias e posuidoras de animais potencialmente perigosos*

1. Quen teña en propiedade ou posúa un animal potencialmente perigoso que agrida persoas ou outros animais causándolles feridas de mordedura será responsable de que o animal sexa sometido a recoñecemento dunha veterinaria ou dun veterinario en exercicio libre da profesión en dúas ocasións dentro dos quince días seguintes á agresión. Neste recoñecemento o veterinario ou a veterinaria responsable emitirá un certificado no que conste se o animal presenta ou non síntomas de doenza infecto-contaxiosa, que comunicará ás autoridades competentes en sanidade animal no caso de sospeita.

2. Os cans potencialmente perigosos terán que circular, nas vías públicas e nos lugares e espazos de uso público en xeral, atados con correa non extensible de menos de dous metros de longo, provistos da correspondente buceira homologada e axeitada para a súa raza.

3. Cando as circunstancias así o aconsellen poderanse establecer excepcións ao cumprimento de determinadas obrigas das persoas propietarias de animais potencialmente perigosos no caso de:

a) Organismos públicos ou privados que utilicen estes animais cunha función social.

b) Explotacións agrarias que utilicen cans de garda, defensa e manexo de gando, así como actividades de carácter cinexético, sen que estes poidan dedicarse en ningún caso ás actividades ilícitas recollidas nesta lei.

c) Probas de traballo e deportivas, co fin de seleccionar exemplares que participen nestas e que estean autorizadas e supervisadas pola autoridade autonómica competente.

Por vía regulamentaria habilitarase o procedemento para a aplicación destas excepcións.

Artigo 19. *Esterilización de animais potencialmente perigosos*

1. A esterilización dos animais potencialmente perigosos, ademais de se poder facer por vontade das persoas propietarias, realizarase obrigatoriamente por mandato ou resolución das autoridades administrativas ou xudiciais.

2. Os propietarios e as propietarias deste tipo de animais deberán comunicar ao Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (Regiac) a súa castración ou esterilización, coa remisión da copia da certificación veterinaria acreditativa do devandito feito no prazo de tres días, contados desde que a esterilización ou castración se levase a cabo.

3. Regulamentariamente desenvolverase o procedemento administrativo necesario para acordar a esterilización dun animal potencialmente perigoso polo órgano territorial de dirección da consellaría competente en materia de protección animal, naqueles supostos de reiteradas agresións ás persoas ou danos a outros animais.

Artigo 20. *Instalacións*

As instalacións destinadas a albergaren animais potencialmente perigosos deberán reunir os requisitos que se establezan regulamentariamente. En todo caso, deberanse observar as medidas de seguridade que eviten a fuxida destes animais ou o contacto con eles, respectando de todos os modos a súa protección e benestar.

TÍTULO II
Animais domésticos

Artigo 21. *Obrigas específicas das persoas posuidoras e propietarias de animais domésticos*

1. Sen prexuízo das obrigas establecidas no artigo 7, correspóndenlles ás persoas posuidoras ou propietarias de animais domésticos as seguintes obrigas específicas:

a) A esterilización dos cans de asistencia segundo a súa normativa específica, así como dos cans que se manteñan en polígonos industriais e obras.

b) Sen prexuízo das disposicións establecidas nas correspondentes ordenanzas municipais, prohíbese levar ceibos nas vías públicas os cans e os demais animais domésticos, que deberán ir provistos de correa e colar ou outro elemento de retención, agás naqueles lugares nos que se permita que transiten en liberdade e, en todo caso, baixo o control e a responsabilidade dos posuidores ou das posuidoras daqueles. Malia o anterior, nos carreiros e camiños no ámbito rural poderase levar solto o animal sempre que non se ocasione danos, molestias nin riscos ás persoas, a outros animais e ás cousas.

c) Cando se produza un cadro de agresión por parte dun animal doméstico, deberanse facilitar os datos do animal e da persoa responsable del tanto á persoa agredida ou aos seus representantes legais coma ás autoridades competentes, sen prexuízo da obriga de o someter ao control veterinario previsto no artigo 18.1.

d) Comunicar ao Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía o extravío ou a morte do animal doméstico, no caso de inscrición obrigatoria, no prazo máximo de setenta e dúas horas desde que se teña coñecemento de tales feitos.

2. A tenza de animais domésticos en recintos ou vivendas privadas queda condicionada ás necesidades etolóxicas de cada especie e raza, ao espazo, ás circunstancias hixiénicas óptimas e á adopción das axeitadas medidas de seguridade, sen prexuízo do disposto nas normas que constitúan o réxime interior das comunidades de veciños. A tenza ou posesión de máis de cinco animais, maiores de tres meses, pertencentes á especie canina, estará sometida á obriga de comunicación previa á consellaría competente en materia de protección animal, de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente.

Non obstante, cando a xuízo das autoridades autonómicas competentes en materia de sanidade e benestar animal, a tenza destes animais poida comportar un risco sanitario ou se precisen condicións diferentes ás existentes para garantir o seu benestar e protección, deberá ser obxecto de autorización como establecemento de coleccións zoolóxicas particulares, consonte o establecido no citado artigo 10.

Artigo 22. *Recollida e acollemento dos animais vagabundos e extraviados*

1. Os concellos recollerán os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal e albergaranos en centros de recollida de animais abandonados inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos ata que sexan retirados polos seus propietarios ou propietarias, sexan acollidos temporalmente ou adoptados, ou ben se lles dea outro destino autorizado segundo os supostos establecidos nesta lei.

2. Os concellos poderán prestar o servizo de recollida e acollemento por si mesmos ou asociados, en réxime de xestión directa ou indirecta. Así mesmo, poderán subscribir convenios de colaboración nesta materia con outras administracións públicas e entidades, como as asociacións de protección e defensa dos animais.

3. Os concellos poderán recoller e acoller animais por solicitude das persoas propietarias deles, logo de xustificación por parte destas da imposibilidade da asunción das obrigas derivadas desta lei.

4. Os requisitos mínimos para a prestación dos servizos de recollida e acollemento de animais abandonados estableceranse regulamentariamente. Estes servizos levaranos a cabo persoas coa formación necesaria para o manexo e a atención dos animais aloxados, e contarán cos medios e as instalacións adecuadas así como coa asistencia veterinaria especializada precisa.

5. Os centros de recollida de animais abandonados comunicarán, cunha periodicidade anual, as datas de entrada e saída de cada animal, a identificación e o destino deles e mais as incidencias sanitarias significativas dos animais á consellaría competente en materia de protección animal, segundo o procedemento que regulamentariamente se determine.

5 *bis*. Excepcionalmente, en situacións de emerxencia que poidan comprometer o benestar dos animais, os cidadáns e as cidadás poderán realizar a recollida de xeito puntual e desinteresado dun animal vagabundo ou extraviado ata a súa entrega final ou posta á disposición do centro de recollida autorizado que a autoridade competente determine.

Artigo 23. *Abandono de animais domésticos*

1. De o animal recollido se atopar identificado ou ter persoa propietaria coñecida, o centro de recollida poñerá en coñecemento desta a entrada do animal nas súas instalacións, no prazo de corenta e oito horas desde a súa recollida.

Se transcorridos dous días desde a comunicación á súa persoa propietaria, esta non procede á retirada do animal, o centro notificaralle que dispón dun prazo máximo de dez días naturais, contados desde o día seguinte ao da devandita notificación, para a recuperación do animal, logo de satisfacción de todos os gastos, incluídos os veterinarios, derivados da súa recollida e estancia no centro, e coa exhibición da licenza correspondente no suposto de se tratar dun animal potencialmente perigoso.

2. Ao transcorrer o prazo máximo de dez días naturais, contados desde o día seguinte ao da notificación ou da publicación, no suposto de notificación infrutuosa, sen se ter retirado o animal, este pasará a ter a consideración de animal abandonado, o que habilitará o concello para lle dar o destino que legalmente proceda. Neste suposto, o centro de recollida deberá dar traslado dos feitos á consellaría competente en materia de protección animal para os efectos da apertura do correspondente expediente sancionador.

3. De o animal recollido non se atopar identificado e non ter dona ou dono coñecido, pasará a ter a consideración de animal abandonado. Se ao transcorrer dez días naturais desde a entrada no centro de recollida non é reclamado pola persoa propietaria, posuidora ou autorizada, logo de acreditación da propiedade ou posesión, o centro queda habilitado para lle dar o destino que legalmente proceda.

4. Os animais recollidos deberán ser necesariamente identificados, de acordo co artigo 12 desta lei, para poder ser entregados ás persoas propietarias deles, segundo as obrigas establecidas para cada especie, facéndose cargo estas dos gastos derivados da dita actuación.

Artigo 24. *Adopción dos animais domésticos abandonados*

1. O destino prioritario dos animais domésticos abandonados será a súa adopción. As administracións públicas implicadas e os centros de recollida poñerán en marcha medidas destinadas ao fomento da adopción responsable destes animais.

2. Sen prexuízo dos que se establezan regulamentariamente, deberanse cumprir os seguintes requisitos para a adopción:

a) Que o animal doméstico que se vai adoptar teña a condición de abandonado, segundo os prazos e as condicións establecidos no artigo 23.

b) Que o animal doméstico proveña dun centro de recollida autorizado.

c) Que o animal doméstico sexa declarado apto para a adopción polo veterinario ou pola veterinaria responsable do centro de recollida no que se encontre. Os animais deben ser entregados en adopción identificados, vacinados, desparasitados e esterilizados segundo prescrición da veterinaria ou do veterinario responsable, co fin de garantir o seu correcto estado hixiénico-sanitario.

d) A adopción deberá ser gratuíta, sen prexuízo de que o propio centro de recollida poida repercutir sobre quen o adopte os custos derivados dos tratamentos subministrados, da identificación e da esterilización, segundo proceda.

3. As persoas físicas que adopten animais de compañía segundo o establecido neste artigo quedarán sometidas ás obrigas previstas para as persoas propietarias e posuidoras de animais establecidas nesta lei.

Artigo 25. *Acollemento temporal de animais domésticos*

1. Cando non sexa posible a adopción ou cando concorran circunstancias que o aconsellen, o centro de recollida poderá entregar o animal abandonado, en réxime de acollemento temporal, a persoas físicas que poidan garantir o coidado, a atención e as condicións hixiénico-sanitarias que precise. En calquera caso, será necesario o cumprimento do establecido no artigo 24.2.c) e o acollemento estará condicionado á devolución inmediata do animal de aparecer unha persoa adoptante.

2. A persoa física que acolla temporalmente un animal neste réxime estará obrigada a comunicar ao centro que llo entrega calquera incidencia ao seu respecto.

3. Os domicilios en que se acollan temporalmente animais de compañía terán a consideración de fogares de acollida.

Regulamentariamente establecerase o número máximo de animais que se poderán acoller nun mesmo fogar de acollida.

4. As persoas físicas que acollan temporalmente animais domésticos quedarán sometidas ás obrigas previstas nos artigos 7 e 21. As obrigas específicas das persoas propietarias incluídas no artigo 8 corresponderán ao centro que entrega o animal en acollemento temporal.

5. Os concellos e os centros de recollida autorizados manterán unha relación actualizada destes fogares de acollida.

Artigo 26. *Colonias felinas*

1. Os concellos poderán establecer, conforme as condicións e os requisitos que se determinen regulamentariamente, lugares destinados a colonias felinas controladas, como un posible destino das comunidades de gatos sen propietario ou propietaria que vivan na rúa, sempre que as condicións do contorno o permitan, co fin da súa protección e control poboacional.

2. Os gatos integrantes destas colonias deberán ser capturados para a súa marcaxe, esterilización e control sanitario. A identificación realizarase a nome do concello, ao que lle compete a vixilancia e o control sanitario destas poboacións.

TÍTULO III
Animais silvestres mantidos en catividade

Artigo 27. *Normas xerais*

1. A persoa propietaria ou posuidora dun animal silvestre mantido en catividade é responsable da súa protección e benestar nos termos previstos nesta lei.

2. Para o mantemento en catividade de animais silvestres deberase acreditar a súa orixe legal, de acordo co estipulado na normativa sanitaria, de comercio e de conservación da natureza e na demais normativa que resulte aplicable, segundo os casos.

3. Sen prexuízo do indicado nos puntos 1 e 2, para a tenza en catividade de exemplares de animais silvestres pertencentes a especies autóctonas, incluídas as declaradas como especies cinexéticas, será preceptiva a autorización expresa da consellaría competente en materia de protección animal. Será obrigatoria así mesmo a identificación individual mediante microchip ou anel identificativo destes animais, segundo o procedemento que se estableza regulamentariamente.

4. No caso de tenza de exemplares de animais silvestres pertencentes a especies declaradas como exóticas invasoras, serán aplicables os requisitos establecidos na súa normativa reguladora específica.

5. Os preceptos recollidos nos artigos 22, 23 e 24 serán aplicables a todos os exemplares de especies silvestres mantidos en catividade, agás aqueles pertencentes a especies que conten con normativa específica de aplicación na que se recollen as autoridades competentes responsables da súa protección e custodia. En especial, exceptúanse os exemplares de especies silvestres acollidas nun réxime de protección especial, as especies cinexéticas e as especies declaradas como exóticas invasoras.

Artigo 28. *Aves de rapina en catividade*

1. A tenza de aves de rapina en catividade requirirá, sen prexuízo das normas nacionais e internacionais que lle sexan aplicables, obter previamente a autorización administrativa outorgada pola

consellaría competente en materia de protección animal, cos requisitos e segundo o procedemento que regulamentariamente se estableza.

2. Todos aqueles exemplares de aves de rapina que dispoñan da autorización mencionada no punto anterior deberán estar identificados individualmente con microchip ou anel, sen prexuízo de calquera outro sistema de marcaxe que se poida establecer regulamentariamente, e inscribirse na sección correspondente do Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía.

3. A cría en catividade de aves de rapina só se poderá levar a cabo en establecementos de cría de animais autorizados consonte o establecido no artigo 10 desta lei.

TÍTULO IV
Asociacións de protección e defensa dos animais

Artigo 29. *Normas xerais*

1. As asociacións de protección e defensa dos animais inscribiranse de maneira obrigatoria no Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía, conforme o procedemento regulamentariamente establecido.

2. Así mesmo, estas asociacións están obrigadas a comunicar as modificacións producidas nos seus órganos de goberno, estatutos, datos de contacto ou calquera outro dato que conste na inscrición rexistral e mais a súa baixa como asociación, de ser o caso.

3. As asociacións de protección e defensa dos animais teñen a obriga de denunciar os feitos constitutivos de infracción administrativa segundo o previsto nesta lei perante as autoridades públicas competentes. Para tal efecto, recoñeceráselles a condición de interesadas no procedemento administrativo sancionador consonte o disposto no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 30. *Entidades colaboradoras*

1. As asociacións de protección e defensa dos animais inscritas no rexistro previsto no artigo 29.1 poderán ser declaradas entidades colaboradoras da Administración xeral da Comunidade Autónoma, conforme o procedemento que se determine regulamentariamente, cando cumpran cos seguintes requisitos:

a) Ter o domicilio no territorio da Comunidade Autónoma.

b) Que o seu ámbito de actuación sexa a Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Que participen activamente en programas en materia de protección animal.

d) Que participen activamente en programas dirixidos a potenciar a adopción nos centros de recollida de animais abandonados autorizados pola autoridade competente.

2. A consellaría competente en materia de protección animal poderá establecer convenios coas entidades colaboradoras para o desenvolvemento de actuacións en relación coa protección e a defensa dos animais, e de xeito particular para o desenvolvemento de campañas de concienciación para a identificación, adopción e esterilización de animais de compañía, así como para a promoción de campañas de divulgación e educación no coñecemento, a protección e a defensa animal para a sensibilización da cidadanía.

TÍTULO V
Comité Consultivo para a Protección Animal

Artigo 31. *Comité Consultivo para a Protección Animal*

1. Créase o Comité Consultivo para a Protección Animal como órgano de consulta e asesoramento, adscrito á consellaría competente en materia de protección animal, que terá como obxectivo o estudo e a proposta das principais accións na loita fronte ao maltrato e o abandono dos animais de compañía.

2. O Comité Consultivo para a Protección Animal levará a cabo as seguintes funcións, sen prexuízo das que se lle poidan encomendar regulamentariamente:

a) Emitir informes e ditames, así como realizar os estudos que lle solicite a consellaría competente en materia de protección animal.

b) Promover estudos de planificación e coordinación nesta materia.

3. A súa composición e o seu funcionamento determinaranse por vía regulamentaria. Na súa composición deberase garantir a presenza de representantes das consellarías con competencias en materia de sanidade animal, saúde pública e accesibilidade, da Federación Galega de Municipios e Provincias, das asociacións de protección e defensa dos animais inscritas no rexistro regulado no artigo 29, do Consello Galego de Colexios Veterinarios e das entidades de carácter ambiental inscritas no rexistro previsto no Decreto 226/2007, do 22 de novembro, polo que se crea o Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na designación das persoas que ocupen as vogalías procurarase o respecto do principio de presenza equilibrada de mulleres e homes na composición do órgano colexiado.

TÍTULO VI
Divulgación, educación e formación en materia de protección animal

Artigo 32. *Divulgación, educación e formación*

1. A Administración autonómica está obrigada á divulgación dos contidos desta lei. Para tal efecto, promoverá especialmente campañas periódicas de sensibilización e de promoción sobre a tenza responsable, campañas divulgativas sobre a obriga de identificación animal e a adopción de medidas para evitar a reprodución incontrolada e o abandono dos animais domésticos, así como campañas de fomento das adopcións nos centros de recollida autorizados.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma divulgará o contido desta lei entre o alumnado escolar e a cidadanía e velará pola inclusión de contidos relacionados coa protección animal nos programas educativos que se desenvolvan no seu ámbito territorial.

Así mesmo, promoverá a realización de campañas de formación destinadas ás persoas propietarias e posuidoras de animais, co fin de garantir unha tenza acorde coas súas necesidades etolóxicas e fisiolóxicas e mais de obter unha óptima inserción e convivencia dos animais no medio.

3. As asociacións de protección e defensa dos animais, especialmente as declaradas entidades colaboradoras, cooperarán coas administracións públicas de Galicia na observancia e difusión do establecido nesta lei.

Artigo 33. *Asesoramento e colaboración coa Administración local*

A Administración xeral da Comunidade Autónoma prestará asesoramento e colaboración técnica para a axeitada execución polas administracións locais das actuacións de divulgación e formación en materia de protección dos animais.

TÍTULO VII
Inspección, control e vixilancia

Artigo 34. *Disposicións xerais*

1. A inspección, o control e a vixilancia superior do cumprimento do establecido nesta lei, así como das súas normas de desenvolvemento, corresponden á Administración xeral da Comunidade Autónoma, a través da consellaría competente en materia de protección animal, sen prexuízo das competencias específicas en materia de sanidade animal atribuídas á consellaría correspondente e das atribuíbles aos concellos dentro do seu ámbito territorial.

2. Os concellos están obrigados a realizar os labores necesarios de inspección, control e vixilancia do cumprimento do disposto nesta lei dentro do seu ámbito territorial e segundo a súa normativa reguladora.

3. O servizo de inscrición no rexistro, vixilancia e inspección poderá ser obxecto dunha taxa fiscal.

4. Os servizos veterinarios oficiais da Administración xeral da Comunidade Autónoma serán competentes na comprobación do cumprimento dos requisitos en materia de sanidade e protección animal, saúde pública e ambiente establecidos nesta lei e na demais normativa aplicable nestas materias.

Artigo 35. *Inspeccións*

1. O persoal funcionario debidamente acreditado para realizar funcións inspectoras pola consellaría competente en materia de protección animal ten carácter de axente da autoridade. As actas que formalice este persoal funcionario, nas que, observándose os requisitos legais correspondentes, se recollan feitos constatados por eles, farán proba destes, salvo que se acredite o contrario. Da devandita acta asinada polo axente da autoridade entregarase copia á parte interesada.

2. O persoal indicado no punto anterior está facultado para realizar no curso da inspección exames, controis, toma de mostras e recollida de información, así como para acceder aos lugares, aos espazos e ás instalacións onde se encontren os animais ou se desenvolvan as actividades mencionadas nesta lei, logo de identificación e sen necesidade de aviso previo.

3. Para os efectos da realización das inspeccións que se mencionan no punto anterior, facilitaráselles aos inspectores provistos da correspondente credencial o acceso a todos os establecementos e dependencias relacionados coas actividades reguladas nesta lei, así como a información e as axudas precisas para o desempeño das súas funcións.

4. No caso de que sexa necesaria a entrada aos domicilios e aos restantes lugares cuxo acceso requira o consentimento da persoa titular, deberase obter este ou, no seu defecto, a oportuna autorización xudicial.

TÍTULO VIII
Potestade sancionadora

CAPÍTULO I
Infraccións administrativas

Artigo 36. *Réxime sancionador*

1. Constitúen infracción administrativa as accións e omisións tipificadas na presente lei, que serán sancionadas de acordo co disposto neste título.

2. Consonte o artigo 27.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as disposicións regulamentarias de desenvolvemento poderán introducir especificacións ou graduacións ao cadro de infraccións ou sancións establecidas nesta lei que, sen constituír novas infraccións ou sancións, nin alterar a natureza ou os límites das que esta lei recolle, contribúan á máis correcta identificación das condutas ou á máis precisa determinación das sancións correspondentes.

3. O anterior enténdese sen prexuízo da competencia sancionadora local dentro dos límites impostos polo necesario respecto ao principio de legalidade.

4. Non se sancionarán os feitos que xa fosen sancionados penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

5. As infraccións á presente lei clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 37. *Responsabilidade administrativa*

1. Serán responsables das infraccións tipificadas nesta lei as persoas físicas e xurídicas que, por acción ou omisión, realicen as actuacións tipificadas como infracción administrativa nela a título de dolo ou culpa.

2. Cando o cumprimento das obrigas a que se refire esta lei corresponda a varias persoas conxuntamente, así como cando non sexa posible determinar o grao de participación das distintas persoas físicas ou xurídicas que interviñesen na comisión da infracción, a responsabilidade será solidaria. Non obstante, cando a sanción sexa pecuniaria e resulte posible individualizarase na resolución en función do grao de participación de cada responsable.

3. Das sancións pecuniarias impostas a persoas xurídicas serán responsables subsidiariamente os administradores ou as administradoras que non realizasen os actos necesarios que fosen da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas infrinxidas, consentisen o incumprimento por quen deles depende ou adoptasen acordos que fixesen posible a comisión de tales infraccións. Así mesmo, serán responsables subsidiarias das sancións impostas ás persoas xurídicas que cesasen nas súas actividades aquelas persoas que ocupasen cargos de administrador ou administradora no momento de se cometer a infracción.

4. A responsabilidade administrativa será exixible sen prexuízo da que poida corresponder no ámbito civil ou penal.

5. No caso de realización de pelexas, festas, espectáculos ou calquera outra actividade prohibida, serán responsables da comisión da infracción administrativa as persoas organizadoras, as persoas que cedesen por calquera título terreos, locais ou animais para o desenvolvemento do espectáculo, así como as persoas participantes nel.

Artigo 38. *Infraccións leves*

Teñen a consideración de infraccións administrativas leves as seguintes:

a) A venda, doazón ou cesión de animais a menores de dezaseis anos ou a persoas incapacitadas sen autorización de quen teña a súa patria potestade, tutela ou custodia.

b) O regalo de animais de compañía como recompensa ou premio en eventos ou atraccións públicas.

c) A exhibición dos animais de compañía destinados á venda en escaparates ou zonas expostas á vía pública ou a modo de reclamo comercial.

d) Non manter os animais en condicións hixiénico-sanitarias axeitadas e/ou non someter os animais aos recoñecementos veterinarios precisos.

e) Manter os animais en instalacións que non reúnan os requisitos previstos no artigo 9.e).

f) Non facilitar aos animais a alimentación e bebida abondas e axeitadas ás súas necesidades, agás por prescrición veterinaria, salvo que o prexuízo para o animal sexa grave ou moi grave. De se producir un dano para o animal grave ou moi grave, esta conduta cualificarase como un suposto de maltrato tipificado nos artigos 39.a) ou 40.a), segundo as consecuencias que diso deriven.

g) Exercer a venda de animais domésticos fóra dos establecementos legalmente autorizados.

h) (Sen contido).

i) Transportar animais en condicións inaxeitadas ou en maleteiros que non estean especialmente adaptados, incumprindo as obrigas previstas no artigo 11 desta lei, sempre que os animais non sufran danos. De se producir danos no animal, esta infracción cualificarase como infracción grave tipificada no artigo 39.k).

j) A non recollida inmediata dos excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública.

k) Alimentar os animais vagabundos ou extraviados nas vías públicas sen contar coa correspondente autorización municipal, agás situacións que poidan comprometer o benestar dos animais.

l) Non adoptar as medidas necesarias para impedir que o animal poida acceder libremente ás vías ou aos espazos públicos ou privados, así como non impedir o libre acceso do animal a outros animais ou o contacto sen permiso con persoas ou cousas, e así mesmo non impedir a entrada do animal en recintos ou lugares non autorizados.

m) Manter no mesmo recinto ou en vivenda privada máis de cinco animais, incumprindo os requisitos do artigo 21.2.

n) Non manter actualizados os datos comunicados aos rexistros obrigatorios previstos nesta lei.

ñ) Non contar coa formación necesaria para o manexo e a atención dos animais aloxados nos centros de cría, venda e importación de animais.

o) Calquera outra actuación que supoña un incumprimento das obrigas establecidas nesta lei ou vulneración das prohibicións previstas nela e que non estea tipificada como infracción grave ou moi grave.

Artigo 39. *Infraccións graves*

Teñen a consideración de infraccións administrativas graves as seguintes:

a) O maltrato aos animais que lles cause dor, sufrimento, lesións ou danos non invalidantes nin irreversibles.

b) Non proporcionar aos animais os tratamentos necesarios para evitar o seu sufrimento.

c) A non identificación dos animais, cando esta sexa obrigatoria conforme o previsto nesta lei.

d) A utilización de calquera mecanismo ou utensilio que, destinado a limitar ou empecer a mobilidade dos animais, lles produza dor, danos, sufrimento, menoscabo ou estrés innecesario, en especial os que lles impidan manter a cabeza na posición natural, agás prescrición veterinaria, ou manter os animais da especie canina atados de forma permanente ou limitarlles os movementos que son necesarios durante a maior parte do día, e o emprego de instrumentos ou métodos daniños de suxeición, retención ou educación, como os colares eléctricos que produzan descargas.

e) Levar animais atados a vehículos a motor en marcha.

f) Non adoptar as medidas necesarias para evitar a reprodución incontrolada dos animais, consonte o previsto no artigo 21 desta lei.

g) (Sen contido).

h) O abandono dos animais de compañía, nos termos previstos no artigo 4.7 desta lei.

i) A venda reiterada de animais domésticos fóra dos establecementos legalmente autorizados. Enténdese por venda reiterada o feito dunha persoa ter sido denunciada pola comisión desta infracción ata en dúas ocasións no prazo dun ano.

j) A venda de animais silvestres mantidos en catividade fóra dos establecementos autorizados.

k) O incumprimento das obrigas establecidas no artigo 10 para os establecementos e no artigo 14 para os eventos con animais de compañía, excepto o establecido como infracción moi grave no artigo 40.c) seguinte, e o transporte inaxeitado de animais de compañía incumprindo as obrigas previstas no artigo 11 desta lei, sempre que os animais sufran danos.

l) A utilización dos animais en traballos que os inmobilicen causándolles dor.

ll) A venda de animais enfermos ou con defectos coñecidos pola parte vendedora, agás o disposto no artigo 40.d).

m) A cría con fins comerciais ou a comercialización de animais sen cumprir os requisitos previstos no artigo 13 desta lei.

n) A recollida de animais vagabundos ou extraviados sen a correspondente autorización, agás os supostos previstos no artigo 22.5 *bis*.

ñ) A cesión en adopción de animais abandonados sen cumprir os requisitos establecidos nesta lei.

o) (Sen contido).

p) Ser titular dun establecemento dos previstos no artigo 10 sen posuír as autorizacións administrativas previstas nel.

q) Non ter subscrito o seguro de responsabilidade civil no suposto previsto no artigo 17 desta lei.

r) A negativa ou resistencia a subministrar datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades competentes, ou os seus axentes, co fin de cumprir as funcións establecidas nesta lei, así como a subministración intencionada de información inexacta ou de documentación falsa.

r bis) Empregar animais para desempeñar traballos contravindo o establecido no artigo 9.f), utilizalos como reclamo na mendicidade ou en calquera outra actividade ambulante, ou o seu uso en atraccións feirais e outras asimilables, agás autorización da autoridade competente.

s) A comisión dunha infracción administrativa leve cando no prazo dun ano o suxeito fose sancionado por unha ou máis infraccións leves e a resolución ou as resolucións sancionadoras resultasen firmes na vía administrativa.

Artigo 40. *Infraccións moi graves*

Teñen a consideración de infraccións moi graves as seguintes:

a) O maltrato aos animais que lles cause a morte ou lles provoque lesións ou danos invalidantes ou irreversibles.

b) A manipulación da identificación dos animais de compañía en todos os supostos.

c) A organización e realización de pelexas, festas, espectáculos ou calquera outra actividade que leve consigo malos tratos, crueldade ou sufrimento.

d) A venda de animais con doenza infecto-contaxiosa coñecida pola parte vendedora.

e) A mutilación dos animais sen prescrición e control veterinario e mais a esterilización e intervención cirúrxica de animais non efectuadas por unha ou un profesional veterinario.

f) A subministración de estimulantes non autorizados ou de substancias que poidan atentar contra a saúde dos animais de compañía, agás prescrición veterinaria.

g) A contravención da orde de inmobilización dos animais acordada polas autoridades competentes.

h) A obstaculización do cumprimento das medidas provisionais.

i) Educar os animais de forma agresiva, estresante ou violenta, así como instigalos ou preparalos para pelexas ou ataques nos termos sinalados no artigo 9.q) desta lei.

j) Non tomar as medidas necesarias para evitar que os animais causen danos á saúde pública ou animal ou á seguridade pública.

k) Disparar intencionadamente contra os animais, agás nos supostos establecidos no artigo 15.

l) A práctica da eutanasia dos animais vulnerando o disposto no artigo 15 desta lei.

ll) O emprego e a tenza de animais de especies silvestres nos circos.

m) A comisión dunha infracción administrativa grave cando no prazo dun ano o mesmo suxeito fose sancionado pola comisión dunha ou varias infraccións graves e a resolución ou as resolucións sancionadoras resultasen firmes na vía administrativa.

CAPÍTULO II
Sancións

Artigo 41. *Sancións pecuniarias*

1. As infraccións administrativas tipificadas no capítulo anterior serán obxecto das seguintes sancións:

a) As infraccións leves, apercibimento ou sanción económica de 100 a 500 euros.

b) As graves, con multas de 501 a 5.000 euros.

c) As moi graves, con multas de 5.001 a 30.000 euros.

2. Cando, como consecuencia da comisión da infracción, a persoa infractora obteña un beneficio cuantificable, poderá superarse o límite superior das multas previstas no punto anterior ata acadar a contía do beneficio obtido.

3. Os ingresos procedentes das sancións impostas polos órganos competentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia pola comisión das infraccións tipificadas nesta lei deberanse destinar a actuacións que teñan por obxecto o fomento da protección dos animais.

4. A corrección da situación creada pola comisión dunha infracción grave ou moi grave efectuada en calquera momento anterior á finalización do procedemento administrativo sancionador determinará a aplicación da sanción no grao medio da escala correspondente ás infraccións de gravidade inmediatamente inferior.

Artigo 42. *Sancións accesorias*

O órgano competente para resolver poderá impoñer, ademais das multas indicadas no artigo anterior, as sancións accesorias seguintes:

1. O comiso dos animais, no caso da comisión de infraccións graves e moi graves.

2. O pechamento dos establecementos previstos no artigo 10 desta lei para a realización da mesma actividade no exercicio da cal se cometeu a infracción que se sanciona. Este pechamento terá un período de duración de entre un a cinco anos para as infraccións graves e de cinco ata dez anos, ou o pechamento definitivo, para as infraccións moi graves.

3. A prohibición temporal do exercicio dalgunha das actividades reguladas por esta lei no exercicio da cal se cometeu a infracción, por un período de entre un e cinco anos para as infraccións graves e de cinco a dez anos, ou a prohibición definitiva, para as infraccións moi graves.

4. A prohibición para a tenza de animais de compañía por un período de entre un e cinco anos para as infraccións graves e de cinco ata dez anos para as moi graves.

5. A perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas en materia de protección animal por un período de entre un e cinco anos para as infraccións graves e de cinco ata dez anos, ou definitivamente, para as infraccións moi graves.

6. A retirada do recoñecemento de entidade colaboradora, pola comisión de infraccións graves ou moi graves.

7. A baixa nos rexistros previstos no articulado desta lei.

8. A revogación ou a retirada das licenzas, acreditacións ou autorizacións outorgadas ao abeiro desta lei, pola comisión de infraccións graves ou moi graves.

Artigo 43. *Graduación das sancións*

1. A imposición das sancións previstas nesta lei graduarase de conformidade co previsto no artigo 29.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, tendo en conta ademais os seguintes criterios:

a) A transcendencia social ou sanitaria e a natureza do prexuízo causado pola infracción.

b) O ánimo de lucro e a contía do beneficio económico obtido na comisión da infracción.

c) O asañamento ou o grao de crueldade na comisión da infracción.

d) A reincidencia, pola comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme na vía administrativa. Se concorre a reincidencia, a sanción pecuniaria que se debe impoñer incrementarase nun 50 por cento da contía máxima prevista da escala correspondente ao tipo infractor.

e) A intencionalidade.

f) A realización de actos para ocultar o seu descubrimento.

g) A agrupación e organización para a comisión da infracción.

h) O número de animais afectados.

2. As infraccións administrativas cometidas por persoas que, polo seu cargo ou función, están obrigadas a facerlles cumprir aos demais os preceptos desta lei serán sancionadas, sen prexuízo das demais responsabilidades que poidan concorrer, con multa da contía máxima da escala do artigo 41.1 correspondente ao tipo de infracción de que se trate.

3. No suposto de que uns mesmos feitos sexan constitutivos de dúas ou máis infraccións administrativas das previstas nesta lei impoñerase a sanción correspondente á infracción de maior gravidade, que se graduará atendendo a cualificación e o número de infraccións concorrentes.

4. As sancións que se impoñan aos distintos responsables dunha mesma infracción terán entre si carácter independente.

CAPÍTULO III
Medidas provisionais

Artigo 44. *Medidas provisionais*

1. Previamente á incoación dun procedemento administrativo sancionador ou ben durante a súa tramitación, o órgano competente poderá acordar motivadamente as medidas provisionais que estime necesarias para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer, de conformidade coa normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As medidas provisionais poderán consistir en:

a) O comiso ou a retirada dos animais obxecto de protección, sempre que existan indicios de infracción das disposicións desta lei que así o aconsellen.

b) A clausura ou o pechamento de establecementos e instalacións, así como a suspensión ou paralización de actividades que non conten coas preceptivas autorizacións ou rexistros, ata que non sexan reparados os defectos observados ou se cumpran os requisitos exixidos polas razóns de protección e benestar animal.

c) A revogación de licenzas e autorizacións.

d) A confiscación dos elementos e efectos empregados para a comisión da presunta infracción.

3. As medidas provisionais adoptaranse tendo en conta o principio de proporcionalidade e os obxectivos que se pretenden garantir coa súa adopción.

4. As medidas adoptadas con anterioridade ao inicio do procedemento deberán ser confirmadas, modificadas ou recollidas no acordo do inicio do procedemento sancionador, que se ditará dentro dos quince días seguintes á adopción das medidas provisionais. Estas medidas quedarán sen efecto de non se iniciar o procedemento no devandito prazo ou de o acordo de iniciación non conter un pronunciamento expreso sobre elas.

5. As medidas provisionais manteranse mentres persistan as causas que motivaron a súa adopción. En todo caso, extinguiranse cando cause efectos a resolución administrativa que poña fin ao procedemento correspondente.

6. Se o depósito prolongado dos animais procedentes de retiradas cautelares pode ser perigoso para a súa supervivencia ou comportarlles sufrimentos innecesarios, a consellaría ou o concello competente poderá decidir sobre o destino deles antes da resolución do correspondente procedemento sancionador, que será prioritariamente a adopción ou a acollida no caso dos cans e gatos.

Artigo 45. *Reposición da situación alterada e reparación dos gastos e dos danos e perdas*

As sancións que se poidan impoñer á persoa infractora son compatibles coa exixencia da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados que se determine na resolución sancionadora. Neste sentido, a persoa infractora deberá aboar a totalidade dos gastos derivados da comisión da infracción e, en especial, os xerados pola recollida, o mantemento e os tratamentos sanitarios dos animais.

CAPÍTULO IV
Procedemento sancionador

Artigo 46. *Competencia sancionadora*

1. O procedemento sancionador previsto nesta lei tramitarase de conformidade coa lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Corresponde aos concellos a incoación e tramitación dos procedementos incoados pola comisión de infraccións tipificadas como leves nas alíneas c), j) e k) do artigo 38 desta lei.

3. Corresponde á consellaría competente en materia de protección animal a incoación e tramitación dos expedientes sancionadores no caso das restantes infraccións cualificadas como leves e polas infraccións cualificadas como graves e moi graves. A incoación e a instrución destes expedientes sancionadores corresponden ás xefaturas territoriais previstas no artigo 35 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, da consellaría competente en materia de protección animal.

4. A resolución do procedemento sancionador corresponderá:

a) Á persoa titular da alcaldía do concello nos procedementos incoados pola comisión de infraccións leves tipificadas nas alíneas c), j) e k) do artigo 38 desta lei, e ás persoas titulares das xefaturas territoriais previstas no artigo 35 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, da consellaría competente en materia de protección animal nos demais supostos de infraccións leves, agás as previstas na alínea b) seguinte.

b) Á persoa titular da dirección xeral competente en materia de protección animal nos procedementos incoados pola comisión de infraccións administrativas cualificadas como graves, así como para todas as infraccións leves e graves cometidas polos concellos.

c) Á persoa titular da consellaría competente en materia de protección animal nos procedementos incoados pola comisión de infraccións cualificadas como moi graves.

Artigo 47. *Prescrición das infraccións e sancións*

1. As infraccións administrativas leves prescribirán no prazo dun ano, as infraccións graves no prazo de dous anos e as moi graves no prazo de tres anos.

O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese. No caso de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo comezará a correr desde que rematase a conduta infractora.

2. As sancións administrativas impostas por infraccións leves prescribirán aos dous anos, por infraccións graves aos tres anos e por infraccións moi graves aos catro anos, contados desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou transcorrese o prazo para presentar recurso contra ela. No caso de desestimación presunta do recurso de alzada interposto contra a resolución pola que se impón a sanción, o prazo de prescrición da sanción comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo legalmente previsto para a resolución do dito recurso.

Artigo 48. *Caducidade do procedemento sancionador*

1. Nos procedementos sancionadores instruídos en aplicación desta lei deberá ditarse e notificarse a oportuna resolución no prazo máximo dun ano, contado a partir do momento en que se acordou a súa iniciación.

2. A falta de notificación da resolución á persoa interesada no devandito prazo determinará a caducidade do procedemento, agás nos supostos en que o procedemento se paralizase por causas imputables ás persoas interesadas ou se acordase a súa suspensión nos casos previstos no artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o que interromperá o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.

3. Ao se iniciar un procedemento sancionador, de os feitos poderen ser presuntamente constitutivos de delito ou falta, poñerase en coñecemento do Ministerio Fiscal, con remisión do actuado. En aplicación do principio de *non bis in idem*, a instrución de causa penal perante os tribunais de xustiza suspenderá a tramitación do expediente administrativo sancionador que fose incoado polos mesmos feitos.

Artigo 49. *Publicidade das sancións*

1. O órgano competente para resolver o procedemento sancionador poderá acordar por razón de exemplaridade que se dea publicidade ás sancións impostas pola comisión de infraccións graves ou moi graves, cando a especial transcendencia social, sanitaria ou a natureza do prexuízo causado, o asañamento ou grao de crueldade ou o número de animais afectados motiven a adopción de tal medida. A publicidade destas sancións requirirá que as devanditas sancións adquiran firmeza na vía xudicial.

2. A publicidade das sancións efectuarase no *Diario Oficial de Galicia*, facéndose indicación expresa na publicación das persoas físicas ou xurídicas responsables e das infraccións cometidas.

Disposición adicional primeira. *Prazos de resolución dos procedementos de outorgamento de autorización dos establecementos previstos no artigo 10*

A resolución expresa dos procedementos administrativos relativos á solicitude de outorgamento das autorizacións dos establecementos do artigo 10 deberá ser notificada no prazo máximo de seis meses desde a data en que a solicitude teña entrada no rexistro.

Disposición adicional segunda. *Efecto desestimatorio do silencio*

Nos procedementos administrativos relativos ás solicitudes que se indican a seguir, logo de vencer o prazo establecido sen se ter notificado resolución expresa, as persoas interesadas poden entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo:

— Nas solicitudes de autorización dos establecementos do artigo 10 desta lei.

— Nas solicitudes para a declaración como entidade colaboradora da Administración das asociacións de protección e defensa dos animais.

Disposición adicional terceira. *Actualización do importe de multas pecuniarias*

Mediante un decreto aprobado polo Consello da Xunta de Galicia poderase proceder á actualización dos importes das sancións recollidas no artigo 41.1 desta lei.

Disposición adicional cuarta. *Réxime sancionador*

1. As infraccións administrativas en materia de animais potencialmente perigosos sancionaranse de conformidade coa Lei 50/1999, do 23 de decembro, coa excepción das infraccións en materia de identificación destes animais, que se sancionarán de acordo con esta lei.

2. As infraccións administrativas en materia de parques zoolóxicos sancionaranse de conformidade coa Lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos.

Disposición transitoria primeira. *Rexistros*

1. O Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia creado mediante o Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade, pasará a denominarse Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (Reganuz). O dito rexistro continuará a rexerse polo disposto no Decreto 153/1998, do 2 de abril, en todo o que non se opoña a esta lei, ata que entre en vigor o desenvolvemento regulamentario desta.

2. O Rexistro Xeral de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade pasará a denominarse Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía. O dito rexistro continuará a rexerse polo disposto no Decreto 153/1998, do 2 de abril, en todo o que non se opoña a esta lei, ata que entre en vigor o desenvolvemento regulamentario desta.

3. O Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e de Animais Potencialmente Perigosos regulado no Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos, pasará a denominarse Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (Regiac). O dito rexistro continuará a rexerse polo disposto no Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, en todo o que non se opoña a esta lei, ata que entre en vigor o desenvolvemento regulamentario desta.

Disposición transitoria segunda. *Consello Galego de Protección dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade*

O Consello Galego de Protección dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade creado polo Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993,

do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade, continuará a funcionar coa mesma composición, funcións e réxime de funcionamento previsto no dito decreto ata a publicación do desenvolvemento regulamentario do Comité Consultivo para a Protección Animal previsto no artigo 31, momento no que aquel consello quedará suprimido.

Disposición transitoria terceira. *Establecementos de animais de compañía, adopción de animais abandonados, acollemento temporal e colonias felinas*

Os establecementos de animais de compañía obxecto de regulación deberanse adaptar aos requisitos previstos nesta lei no prazo máximo de dezaoito meses a partir da súa entrada en vigor.

Os novos requisitos e as medidas establecidas nesta norma para a entrega en adopción dos animais abandonados, o acollemento temporal deles e a creación de colonias felinas deberanse adoptar no prazo máximo de dezaoito meses a partir da súa entrada en vigor.

Disposición transitoria cuarta. *Procedementos administrativos en tramitación*

1. Aos procedementos sancionadores que se encontren en tramitación á entrada en vigor desta lei seranlles aplicables as disposicións sancionadoras vixentes no momento de se produciren os feitos que constitúan infracción administrativa. As disposicións sancionadoras producirán efecto retroactivo en canto favorezan a persoa presuntamente infractora ou infractora, tanto no referido á tipificación da infracción coma á sanción e aos seus prazos de prescrición, incluso respecto das sancións pendentes de cumprimento á entrada en vigor desta lei.

2. O resto de procedementos administrativos en tramitación á entrada en vigor desta lei tramitaranse pola normativa vixente baixo a que iniciaron a súa tramitación.

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Queda derrogada a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o disposto nesta lei.

2. O Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade, permanecerá vixente no que non se opoña a esta lei, en tanto en canto non se aprobe a súa normativa de desenvolvemento.

3. O Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos permanecerá vixente no que non se opoña a esta lei.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Autorízase o Consello da Xunta para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei no prazo máximo de doce meses desde a súa entrada en vigor. O anterior enténdese sen

prexuízo do desenvolvemento normativo que corresponda aos concellos no ámbito das súas competencias.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

Francisco Casal Vidal
Secretario de Comisión (en funcións)

Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación co Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia

- 8133 (10/PL-000003)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia
BOPG nº 104, do 25.04.2017

Ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das emendas mantidas e dos votos particulares formulados ao Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos:

— G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 15749).
— G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 15750).
— G. P. de En Marea (doc. núm. 15769).

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15749
Data envío: 07/09/2017 16:20:54.291

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara **MANTÉN**, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas ao **Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia [10/PL-000003** (doc. núm. **8.133**)], que non foron incorporadas ao ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/09/2017 16:20:26

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15750
Data envío: 07/09/2017 16:26:15.123

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, a través do portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, comunícalle a esa Presidencia que mantén para a súa defensa en Pleno, as emendas presentadas ao Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia agás as aprobadas, transaccionadas ou retiradas (doc. núm. 8133)

Pazo do Parlamento, 7 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/09/2017 16:25:25

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 18:26
Nº Rexistro: 15769
Data envio: 07/09/2017 18:26:24.528

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, MANTÉN, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas ao *Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia (doc. 8133(10/PL-000003))*, que non foron incorporadas ao Ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 07/09/2017 18:25:49

Texto para Pleno

PROXECTO DE LEI DE PROTECCIÓN E BENESTAR DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA EN GALICIA

Proxecto de lei: BOPG núm. 110, do 04.05.2017
Emendas ao articulado: BOPG núm. 125, F.2, do 08.06.2017
Informe de Ponencia: BOPG núm. 148, do 19.07.2017
Ditame da Comisión: BOPG núm. 173, do 11.09.2017

DITAME DA COMISIÓN:

Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº1, de Substitución.

Débese substituír o título da lei, así como ao longo do texto onde se faga referencia a el, polo seguinte:
"Lei de protección e benestar dos animais domésticos e salvaxes en catividade en Galicia."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº1, de Modificación.

Débese modificar o propio título do proxecto de lei (e a exposición de motivos e todos os artigos concordantes), que quedará redactado co seguinte contido:
"Proxecto de lei de protección e benestar dos animais domésticos en Galicia"

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*
Esta lei ten por obxecto establecer as normas que garanten a protección e o benestar, así como a posesión e a tenza responsable dos animais de compañía, incluíndo os silvestres mantidos en catividade con fins distintos dos produtivos, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº2, de Substitución.

Débese substituír o texto do artigo 1 polo seguinte:
Esta lei ten por obxecto establecer as normas para a protección e o benestar, así como a posesión e tenza responsable, dos animais domésticos e salvaxes en catividade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 2. *Exclusións e aplicación supletoria*

1. Esta lei non será aplicable aos animais que sexan obxecto dunha regulación específica, e, entre outros, aos:
— Animais de produción destinados ao seu aproveitamento, incluído o autoconsumo.
— Animais pertencentes á familia dos équidos.
— Animais empregados en calquera espectáculo taurino, incluídos os encerros.
— Animais silvestres no medio natural.
— Animais empregados para experimentación ou outros fins científicos.
2. Ás colección de animais dos parques ou das reservas zoolóxicas e aos cans de asistencia seralles aplicable supletoriamente esta lei nos aspectos non previstos na súa normativa específica de regulación.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº2, de Modificación.

Débese modificar o artigo 2, que quedará redactado co seguinte contido:
"Artigo 2. *Exclusións e aplicación supletoria*
Esta lei non será aplicable aos animais que sexan obxecto dunha regulación específica e, entre outros, aos:
- Animais dedicados á produción.
- Animais silvestres no medio natural.
- Animais empregados para experimentación ou outros fins científicos.
2. Ás colección de animais e especies declaradas cinexéticas dos parques ou reservas zoolóxicas seralles aplicable supletoriamente esta lei nos aspectos non previstos na súa normativa específica de regulación.

_____

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº3, ao apartado 1, de Supresión.

Débese suprimir o texto do segundo guión do punto 1.

_____

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº4, ao apartado 1, de Supresión.

Débese suprimir o texto do terceiro guión do punto 1.

_____

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº3, ao apartado 1, de Supresión.

Suprimir no punto 1 as seguintes epígrafes:

"- Animais pertencentes á familia dos équidos.
- Animais empregados en calquera espectáculo taurino, incluídos os encerros."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 3. *Fins*

Esta lei ten os seguintes fins:

1. Acadar o máximo nivel de protección e benestar dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei, consonte a súa condición de seres vivos dotados de sensibilidade física e psíquica.

2. Fomentar o coñecemento do mundo animal que contribúa a unha conduta máis responsable e cívica das persoas no respecto, a defensa e a preservación dos animais, así como na súa tenza, acorde coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas deles.

3. Compatibilizar o benestar dos animais co seu gozo e mantemento polas persoas.

4. Harmonizar a tenza dos animais coa convivencia social pacífica e segura.

4 *bis.* Impulsar e promover a identificación dos animais para combater o seu abandono e maltrato.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 4. *Definicións*

Para os efectos desta lei entenderase por:

1. Animais de compañía: os animais de calquera especie, dos incluídos no ámbito de aplicación desta lei, que teña no seu poder o ser humano, sempre que a súa tenza non supoña como destino o seu consumo ou o aproveitamento das súas producións, ou non se leve a cabo, en xeral, con fins comerciais ou lucrativos. En todo caso, dentro desta definición inclúense, na súa totalidade, os cans, os gatos, os furóns e os animais das colección zoolóxicas dos parques ou reservas zoolóxicas, con independencia do fin ao que sexan destinados ou do lugar en que habiten, ademais de todos aqueles exemplares de animais silvestres mantidos en catividade con fins distintos dos produtivos.

2. Animais domésticos: aqueles animais de compañía pertencentes a especies que críe e posúa tradicional e habitualmente o ser humano, co fin de vivir en domesticidade no contorno do fogar, así como os de acompañamento, condución e axuda de persoas con discapacidade recoñecida.

3. Animais silvestres mantidos en catividade: aqueles animais de compañía distintos dos animais domésticos.

4. Animais de produción: os animais de produción, reprodución, ceba ou sacrificio, incluídos os animais de peletaría ou de actividades cinexéticas, mantidos, cebados ou criados para a produción de alimentos ou produtos de orixe animal, comprendido o autoconsumo, para calquera uso industrial ou calquera outro fin comercial ou lucrativo.

5. Animais potencialmente perigosos: considéranse animais potencialmente perigosos aqueles animais de compañía pertencentes tanto á fauna autóctona coma alóctona que, con independencia da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertenzan, poidan causar a morte ou provocar lesións ás persoas ou a outros animais, ou producir danos de certa entidade ás cousas, bardante o suposto previsto no artigo 1.2 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.

6. Animais silvestres: o conxunto de especies, subespecies, poboación e individuos animais que viven e se reproducen de forma natural en estado silvestre, incluídos os que se encontran en invernada ou están de paso, con independencia do seu carácter autóctono ou alóctono, e da posibilidade do seu aproveitamento cinexético. Non se entenderán comprendidos os animais das devanditas especies que teñan o

carácter de domésticos, os criados con fins produtivos ou de aproveitamento deles ou das súas producións ou cultivos e mais os de experimentación ou investigación científica coa debida autorización.

7. Animais abandonados: os animais de compañía, incluíndo os vagabundos ou extraviados, cuxa persoa propietaria sexa descoñecida ou da que non sexa posible a súa localización, e aquel animal que, con propietaria ou propietario coñecido, non é recuperado nos prazos legalmente establecidos tras o correspondente requirimento consonte o establecido no artigo 23. Terá igualmente o carácter de abandonado aquel animal que non sexa retirado pola persoa propietaria del de calquera centro ou establecemento de animais no prazo convido, sen prexuízo do procedemento para a súa recollida consonte o establecido no artigo 23.

8. Animais identificados: os animais de compañía que, tendo implantado o sistema de marcaxe legalmente establecido por unha veterinaria ou un veterinario habilitado, estean dados de alta no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía ou en calquera outro rexistro considerado oficial no territorio en que se establezan, ben sexa doutra comunidade autónoma, do Estado español ou doutro Estado.

9. Propietario ou propietaria: a persoa física ou xurídica responsable da custodia dun animal de compañía que figure inscrita como propietaria no rexistro de identificación correspondente. Naqueles supostos en que non exista constancia desta inscrición, considérase propietario ou propietaria a quen poida demostrar a súa titularidade por calquera medio admitido en dereito. As persoas menores e incapacitadas poderán ser propietarias de acordo coas regras xerais sobre capacidade establecidas no Código civil.

10. Posuidor ou posuidora: a persoa física que, sen reunir a condición de propietaria ou propietario segundo o establecido na definición anterior, teña e/ou estea encargada do coidado do animal de compañía.

11. Tenza responsable: o conxunto de obrigas, condicións e compromisos que deben asumir as persoas propietarias e posuidoras para garantir e asegurar o benestar dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei e a súa calidade de vida, conforme as súas necesidades etolóxicas e fisiolóxicas.

12. Asociacións de protección e defensa dos animais: aquelas asociacións constituídas legalmente e inscritas no rexistro oficial correspondente, sen fin de lucro, que teñen por obxecto fundamental a defensa e protección dos animais no medio en que vivan.

13. Eutanasia: a morte deliberada e provocada dun animal, sempre prescrita e efectuada por unha ou un profesional

veterinario, coa finalidade de lle evitar sufrimento grave e irremediable ou afección grave, ou ben por razóns motivadas de sanidade animal, de saúde pública, de seguridade das persoas ou ambientais.

14. Maltrato: calquera conduta que ocasione directa ou indirectamente ao animal dor, sufrimentos ou danos evitables, tanto físicos coma psíquicos, ou a morte, sexa por acción ou omisión dolosa ou neglixente**. Quedan excluídos desta definición os supostos en que concorra caso fortuíto ou forza maior.**

15. Establecemento de animais de compañía: calquera recinto, instalación, edificio ou grupo de edificios, incluíndo anexos e espazos que non estean totalmente pechados ou cubertos, así como as instalacións móbiles onde se aloxen, manteñan, críen ou se preste servizos a estes animais.

16. Núcleo zoolóxico: conxunto formado polo establecemento ou recinto de animais de compañía, tanto de titularidade pública coma privada, e a colección zoolóxica que alberga.

17. Colección zoolóxica: conxunto de animais de compañía que habitan nun núcleo zoolóxico, de xeito permanente ou temporal.

18. Canceira deportiva: núcleo zoolóxico dedicado ao fomento, á cría e ao coidado de cans coa finalidade da práctica dalgunha modalidade deportiva, incluída a actividade cinexética, que albergue unha cantidade superior a dez exemplares maiores de tres meses de idade, ou quince cans maiores de tres meses de idade no caso de canceiras deportivas dedicadas á actividade cinexética.

19. Aves de rapina en catividade: aquelas especies de aves e os seus híbridos pertencentes ás ordes falconiformes e estrixiformes que se atopan en catividade.

20. Consellaría competente en materia de protección animal: a consellaría con competencias e funcións en materia de conservación da natureza, segundo o establecido no correspondente decreto de estrutura orgánica.

21. Consellaría competente en materia de sanidade animal: a consellaría con competencias e funcións en materia de protección e control da sanidade animal, segundo o establecido no correspondente decreto de estrutura orgánica.

22. Eventos con animais de compañía: calquera actividade que supoña a exhibición e a realización de concursos, exposicións, certames, feiras ou atraccións públicas, de acordo co establecido na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, no relativo aos espectáculos públicos e ás actividades recreativas, recollidos baixo unha mesma autorización, que implique a participación de animais de compañía (agás os parques

zoolóxicos, de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos).

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº7, ao apartado 13, de Supresión.

Suprimir o texto que figura despois de: “afección grave...”.

_____

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº9, ao apartado 13, de Substitución.

Débese substituír o texto do punto 4.13 polo seguinte:

Eutanasia: a morte deliberada e provocada dun animal, sempre prescrita e efectuada por unha ou un profesional veterinario e con métodos humanitarios, coa finalidade de lle evitar sufrimento grave e irremediable ou afección grave. Diferénciase do sacrificio en que este último se levará a cabo sobre o animal san por cuestións de saúde pública, sanidade animal ou por seguridade das persoas, sempre de maneira xustificada.

_____

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº6, ao apartado 13, de Modificación.

Débese modificar o punto 13 do artigo 4, que quedará redactado co seguinte contido:
"13. Eutanasia: a morte deliberada e provocada dun animal, sempre prescrita e efectuada por unha ou un profesional veterinario, coa finalidade de lle evitar sufrimento grave e irremediable ou afección grave, ou nos casos de situacións irreversibles e respecto de animais non suxeitos a tratamento."

_____

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº11, ao apartado 22, de Substitución.

Débese substituír o texto do punto 22 polo seguinte:

22. Eventos con animais domésticos e salvaxes en catividade: calquera actividade que supoña a exhibición, realización de

concursos, exposicións, certames, feiras ou atraccións públicas, de acordo co establecido na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, no relativo aos espectáculos públicos e actividades recreativas, recollidos baixo unha mesma autorización que implique a participación de animais domésticos e salvaxes en catividade (agás parques zoolóxicos, de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos).

_____

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Organización e competencias

Artigo 5. *Principio xeral*

Todas as administracións públicas de Galicia cooperarán no desenvolvemento das medidas de defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei e mais na denuncia perante os órganos competentes de calquera actuación contraria ao disposto nela.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 6. *Competencias das administracións en materia de protección animal*

1. Atribúese ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei en cadanseu termo municipal.
2. No ámbito da Administración autonómica, a aplicación desta lei corresponde á consellaría competente en materia de protección animal.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 7. *Obrigas das persoas propietarias e posuidoras de animais de compañía*

1. A persoa propietaria ou posuidora dun animal é responsable da súa protección e benestar e deberá cumprir con todas as obrigas previstas nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan.
2. As persoas propietarias e posuidoras de animais teñen a obriga de garantir as seguintes necesidades básicas:
a) Subministrarlles a alimentación, a auga e os coidados, que estean en consonancia coas súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas, axeitados para o seu normal desenvolvemento.
b) Proporcionarlles aloxamento suficiente, cómodo, seguro, ao abeiro das inclemencias meteorolóxicas, e mantelos en boas condicións hixiénico-sanitarias e ambientais, todo conforme a súa etoloxía e as súas características físicas.
c) Sometelos ás revisións veterinarias necesarias e prestarlles todos aqueles tratamentos veterinarios preventivos, paliativos ou curativos que sexan precisos para garantir un bo estado sanitario, ou que lles eviten sufrimento, así como sometelos a calquera tratamento preventivo que sexa declarado obrigatorio para o seu benestar ou para a protección da saúde pública ou a sanidade animal.
d) Proporcionarlles o necesario exercicio físico e descanso, de acordo coas súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas.
e) Proporcionarlles un contorno libre de estrés, medo e sufrimento, así como a posibilidade de interacción necesaria para o seu normal desenvolvemento.
3. As persoas propietarias ou posuidoras de animais teñen, ademais das anteriores, as seguintes obrigas:
a) Colaborar coas autoridades e os seus axentes e mais facilitarlles canta documentación e información lles sexa requirida, así como o acceso ou a entrada aos lugares que sexa necesario, co fin de cumprir as previsións contidas nesta lei.
b) Adoptar as medidas necesarias para que os animais non poidan acceder libremente ás vías nin aos espazos públicos ou privados. No caso dos cans, deberán levalos provistos de correa e colar ou outros elementos de retención, agás os supostos establecidos nas actividades autorizadas en que os animais precisan transitar en liberdade ou naqueles lugares en que se permita que transiten en liberdade, e, en todo o caso, baixo o control e a responsabilidade das persoas propietarias

ou posuidoras deles, coa evitación de danos ou molestias ás persoas viandantes ou a outros animais.

Así mesmo, deberase impedir ás persoas ou a outros animais o libre acceso ao lugar onde se aloxen os animais

O acceso dos animais no caso dos locais destinados a espectáculos públicos, deportivos e culturais someterase ao disposto nas normas municipais aplicables, co necesario respecto á restante normativa de aplicación.

c) Recoller os excrementos que os animais depositen nas vías e nos espazos públicos e privados de uso común.

d) Evitar a reprodución incontrolada dos animais.

e) Manter actualizados os datos comunicados aos rexistros obrigatorios previstos nesta lei.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 8. *Responsabilidade por danos*

1. En materia de responsabilidade por danos haberá que aterse ao disposto no artigo 1905 do Código civil.
2. Será obrigatoria a contratación dun seguro de responsabilidade civil nos supostos legal ou regulamentariamente previstos.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 9. *Prohibicións xenéricas*

Están prohibidas as seguintes condutas ou prácticas en relación cos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei:

a) O maltrato aos animais, no sentido indicado no artigo 4.14.

b) O abandono dos animais, no sentido indicado no artigo 4.7.

c) A utilización de calquera mecanismo ou utensilio que, destinado a limitar ou empecer a mobilidade dos animais, lles produza dor, danos, sufrimentos, menoscabo ou estrés innecesarios, en especial os que lles impidan manter a cabeza na posición natural, agás prescrición veterinaria. Neste sentido, prohíbese **manter os animais da especie canina atados de forma permanente ou limitarlles os movementos que son necesarios durante a maior parte do día,** así como o emprego de instrumentos ou métodos daniños de suxeición, retención ou educación, como os colares eléctricos que produzan descargas.

d) Non proporcionar aos animais a auga e a alimentación abondas e adecuadas ás súas necesidades, agás por prescrición veterinaria.

e) Manter os animais en condicións inadecuadas, desde o punto de vista hixiénico-sanitario ou ambiental, ou desatender o coidado e a atención necesarios, de acordo coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas segundo a raza e a especie.

f) Obrigar os animais a desempeñaren traballos ou actividades nos que o esforzo exixido supere a súa capacidade ou ben se poña en perigo a súa saúde.

g) Empregar animais en atraccións feirais e outras asimilables, **agás o disposto no artigo 14.**

h) Practicar mutilacións aos animais, incluídas aquelas que teñan como finalidade o mantemento das características dun tipo racial ou estéticas. Exclúense aquelas mutilacións necesarias por razóns médico-cirúrxicas, de esterilización, por exixencia funcional ou por supoñer un beneficio futuro para o animal, as cales deberán ser, en todo caso, prescritas e realizadas por unha ou un profesional veterinario.

i) Regalar animais como recompensa, premio **ou gratificación** en eventos ou atraccións públicas, de acordo co definido no artigo 4.22.

j) Utilizar animais en pelexas, festas, espectáculos ou calquera outra actividade que leven consigo malos tratos, crueldade ou sufrimento.

k) A entrada e permanencia de animais de compañía nos locais ou lugares destinados á preparación, a venda, o almacenamento, o transporte ou a manipulación de alimentos.
Malia o anterior, e sen prexuízo do establecido nas ordenanzas municipais correspondentes, as persoas propietarias de hoteis, pensións, restaurantes, bares, cafetarías e similares poderán autorizar ao seu criterio a entrada e permanencia dos animais de compañía nos seus establecementos, para o que deberán mostrar un distintivo que o indique nun lugar visible á entrada do establecemento.
En todo caso, exceptúanse das prohibicións establecidas nesta alínea os cans de asistencia e os pertencentes ás Forzas Armadas e aos corpos e forzas de seguridade do Estado, do ámbito autonómico e local, así como os das empresas de seguridade legalmente habilitadas e os dos corpos de salvamento e rescate.
l) O emprego e a tenza de animais de especies silvestres nos circos.
m) A filmación ou realización de escenas para cine, televisión ou calquera outro medio audiovisual que recolla escenas de crueldade, maltrato, morte ou sufrimento de animais, **agás autorización da consellaría competente en materia de protección animal, co fin de garantir que o dano sexa simulado e que os produtos e os medios empregados non provoquen ningún prexuízo ao animal.**
n) A utilización de calquera tipo de produtos ou substancias farmacolóxicas para modificar o comportamento natural dos animais que se utilizan para o traballo fotográfico, publicitario, de exposición ou exhibición.
o) Exercer a mendicidade ou calquera outra actividade ambulante utilizando animais como medio de publicidade ou reclamo destas actividades.
p) Alimentar os animais vagabundos ou extraviados nas vías públicas sen contar coa correspondente autorización municipal**, agás situacións que poidan comprometer o benestar dos animais.**
q) Dar educación agresiva, estresante ou violenta aos animais, así como de instigación ou preparación para pelexas ou ataques, quitando os adestradores de cans de empresas de seguridade legalmente habilitadas e de corpos e forzas de seguridade do Estado e as excepcións previstas no artigo 11 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos. Neste punto, prohíbese expresamente implicar os animais en pelexas, ataques ou agresións, incluíndo a súa organización, así como

encirralos, permitirlles ou non impedirlles atacar unha persoa ou calquera outro animal.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº8, ao apartado c), de Modificación.

Débese modificar a alínea c) do artigo 9, que quedará redactada co seguinte contido:
"c) A utilización de calquera mecanismo ou utensilio que limite ou empeza a mobilidade dos animais, podendo producirlles dor, danos, sufrimentos, menoscabo ou tensión innecesarios. Neste sentido, prohíbese o emprego de instrumentos ou métodos daniños de suxeición, retención ou educación como as cadeas, os cables ou as cordaxes, os colares eléctricos que produzan descargas, os de afogo e os de pinchos."

_____

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº8, ao apartado c), de Adición.

Engadir ao final, despois de: "...descargas", o seguinte texto: “,..., colares de pinchos, de afogo ou de citronella”.

_____

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº17, ao apartado j), de Substitución.

Débese substituír o texto da alínea j) do artigo 9 polo seguinte:

j) Utilizar animais en pelexas, festas, espectáculos ou calquera outra actividade que leven consigo malos tratos, crueldade ou sufrimento, como as pelexas con cans, galos, os eventos de carácter taurino e as competicións de tiro ao pombiño.

_____

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº11, ao apartado j), de Adición.

Engadir despois de: "sufrimento", o seguinte texto: “...como as pelexas de cans, galos, os eventos taurinos e as competicións de tiro ao pombiño”.

_____

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº12, ao apartado l), de Supresión.

Suprimir: “...de especies silvestres...”.

_____

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº21, ao apartado q) bis), de Adición.

Débese engadir unha nova alínea:
q *bis*) Manter os animais atados ou encadeados durante longos períodos de tempo ou limitarlles de forma duradeira o movemento necesario para eles e as súas condicións etolóxicas.
No regulamento que desenvolva esta lei concretaranse os prazos de tempo, os sistemas de suxeición aceptados, etc.

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 10. *Clasificación e rexistro dos núcleos zoolóxicos*

1. Os núcleos zoolóxicos serán obxecto de autorización ou de comunicación previa ao inicio da súa actividade, de acordo co establecido nesta lei. A autorización ou presentación da comunicación de inicio da actividade, segundo os casos, supoñerá a inscrición de oficio do establecemento no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (Reganuz), adscrito á consellaría competente en materia de protección animal, conforme o procedemento de autorización e comunicación previa que regulamentariamente se determine.
2. Por razóns de saúde pública, seguridade pública e protección do ambiente serán obxecto de autorización e inscrición no Reganuz os seguintes tipos de establecementos ou recintos de núcleos zoolóxicos: os establecementos ou recintos de coleccións zoolóxicas particulares, os centros de recuperación de fauna silvestre, os centros de recollida de animais abandonados, os centros de cría, os establecementos de venda de animais, as residencias de animais, os centros de terapia a humanos con animais (excepto équidos), as canceiras deportivas, os centros de adestramento e os centros de adopción de animais de compañía. Os centros de importación de animais de compañía e mais os parques zoolóxicos e as reservas zoolóxicas serán obxecto de inscrición no Reganuz, tras a súa autorización, de acordo co réxime de autorización específico contido na normativa correspondente de aplicación, en cada caso.
3. Serán obxecto de comunicación previa ao inicio da súa actividade os establecementos veterinarios e os centros dedicados á hixiene e ao coidado estético dos animais, para a súa inscrición no Reganuz, de conformidade co disposto na normativa de unidade de mercado, nesta lei e na demais normativa aplicable. Regulamentariamente poderán establecerse outros tipos de establecementos ou recintos obxecto de comunicación previa.
4. Os núcleos zoolóxicos deberán cumprir, sen prexuízo dos que se establezan regulamentariamente, os seguintes requisitos mínimos e obrigas:
a) Dispoñer de boas condicións hixiénico-sanitarias e ambientais, así como de espazos e locais adecuados ás condicións fisiolóxicas e **etolóxicas** dos animais que alberguen.
b) Dispoñer de rexistros de entrada e saída de animais, segundo os casos, nas condicións e co contido que

regulamentariamente se estableza. Como mínimo deberase recoller nestes rexistros: a data de entrada do animal; a procedencia ou orixe; a especie, a raza e, se é o caso, a identificación individual; as incidencias sanitarias, a data e a causa da baixa e o destino.

c) Adoptar as medidas necesarias para evitar os contaxios entre os animais que alberguen e dispoñer das medidas para evitar que os animais poidan escapar.

d) Os establecementos que fagan entrega de animais mediante venda débeno facer coas debidas garantías sanitarias, libres de toda doenza, acreditándoo coa documentación que regulamentariamente se determine.

e) Será obrigatoria a subministración ás consellarías competentes en materia de protección e sanidade animal de toda a información de carácter zoosanitario ou calquera outra relacionada co cumprimento desta lei e da restante normativa vixente que lles sexa solicitada.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº14, ao apartado 2, de Supresión.

Suprimir o seguinte texto no punto 2: "...(excepto équidos)...".

_____

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº13, ao apartado 2, de Modificación.

Débese modificar o punto 2 do artigo 10, que quedará redactado co seguinte contido:

"2. Por razóns de saúde e seguridade públicas e protección do ambiente serán obxecto de autorización e inscrición no Reganuz os seguintes tipos de establecementos ou recintos de núcleos zoolóxicos: os establecementos ou recintos de colección zoolóxicas particulares, os centros de recuperación de fauna silvestre, os centros de recollida de animais abandonados, os centros de cría, os establecementos de venda de animais, as residencias de animais, os centros de terapia a humanos con animais, as canceiras deportivas, os centros de adestramento, os centros de adopción de animais de compañía, os establecementos didácticos e os centros ecuestres. Os centros de importación de animais de compañía e mais os parques zoolóxicos e as reservas zoolóxicas serán obxecto de inscrición no Reganuz, tras a súa autorización, de

acordo co réxime autorizatorio específico contido na normativa correspondente de aplicación, en cada caso."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 11. *Transporte dos animais de compañía*

1. Sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente na materia, o transporte dos animais de compañía efectuarase segundo as peculiaridades propias de cada especie, co espazo, as dimensións e os requisitos hixiénico-sanitarios axeitados, de acordo co que se determine regulamentariamente. Durante o seu transporte, os animais deberán ser alimentados e abeberados segundo se estableza regulamentariamente. Así mesmo, empregaranse equipos axeitados na carga e descarga de animais que non produzan danos ou sufrimentos.
2. Non se poderán transportar animais feridos ou enfermos, salvo:
a) Que se trate de animais levemente feridos ou enfermos, cuxo transporte non sexa causa de lesións ou sufrimentos innecesarios.
b) Que os animais sexan transportados co obxecto de os someter á atención, ao diagnóstico e/ou ao tratamento veterinario. Na medida do posible, no caso de animais residentes en establecementos autorizados, a atención veterinaria intentarase aplicar no propio establecemento, en prol do seu benestar.
3. No transporte e na permanencia en vehículos de particulares estacionados, **incluídos os seus remolques**, o animal dispoñerá de ventilación e temperaturas adecuadas, así como de espazo abondo que lle permita levantarse, xirar e tombarse.
4. Queda prohibido o transporte de animais de compañía nos maleteiros totalmente pechados e sen ventilación axeitada, así como levalos atados a vehículos de motor en marcha.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 12. *Identificación dos animais de compañía*

1. Para os efectos desta lei, a identificación dos animais da especie canina é obrigatoria sen excepción. O animal deberá ser identificado dentro dos seus tres primeiros meses de vida e, en todo caso, antes de ser obxecto de transmisión. Así mesmo, serán obxecto de identificación obrigatoria todos os animais catalogados como potencialmente perigosos.

As persoas propietarias e criadoras de cans están obrigadas a proceder á súa identificación no prazo establecido no parágrafo anterior. Sen prexuízo do disposto no punto 2 do artigo 28 e nos demais supostos establecidos nesta lei, a identificación do resto de animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei será voluntaria. Nestes casos, as condicións desa identificación fixaranse regulamentariamente.

No caso específico dos gatos e furóns que sexan obxecto de traslado a outros países serán aplicables as obrigas establecidas na normativa vixente que regula o desprazamento de animais de compañía.

2. A identificación comprende o sistema de marcaxe legalmente establecido, a expedición do correspondente documento de identificación ou pasaporte nos casos que corresponda, segundo o modelo normativamente regulado, así como a inscrición do animal no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (Regiac).

3. A inscrición no Regiac (Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía), sen prexuízo dos demais requisitos establecidos regulamentariamente, conterá o código identificador do animal, o número de pasaporte sanitario nos casos en que este sexa preceptivo, a especie e a raza, o sexo, a data do nacemento e o enderezo habitual do animal, xunto cos datos identificativos da persoa propietaria del.

No caso de inscrición obrigatoria, o cambio de titularidade dun animal de compañía será comunicado ao devandito rexistro, tanto pola persoa cedente coma pola adquirente da súa titularidade, no prazo máximo de dez días desde que se produza a efectiva entrega del.

Quedan exceptuados da obriga de inscrición no Regiac os cans que proveñan doutros territorios do Estado e que permanezan transitoriamente en Galicia un período de tempo inferior a tres meses.

4. A identificación será requisito previo e obrigatorio para realizar calquera transmisión do animal, cando aquela sexa obrigatoria segundo a especie, a título oneroso ou gratuíto, e

debe constar en calquera documento que faga referencia a el. Non se expedirán pasaportes sanitarios a cans sen facer constar a identificación do animal.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº25, ao apartado 1, de Substitución.

Débese substituír o texto deste punto polo seguinte:
1. Para os efectos desta lei, a identificación dos animais das especies canina e felina, así como nos furóns, é obrigatoria sen excepción. O animal deberá ser identificado dentro dos seus tres primeiros meses de vida ou, en todo caso, antes de ser obxecto de transmisión.
As persoas propietarias e criadoras de cans están obrigadas a proceder á súa identificación nestes prazos. A identificación dos gatos e furóns será obrigatoria, sen prexuízo das obrigas que estableza a normativa vixente que regula o desprazamento de animais de compañía.

_____

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº16, ao apartado 1, de Substitución.

Substituír o texto orixinal polo seguinte:
"1. Para os efectos desta lei, a identificación de cans, gatos e furóns é obrigatoria. As persoas propietarias deberán identificalos dentro dos seus tres primeiros meses de vida ou, en todo cado, antes de ser obxecto de transmisión."

_____

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº17, ao apartado 1, de Modificación.

Débese modificar o punto 1 do artigo 12, que quedará redactado co seguinte contido:
"1. Para os efectos desta lei, a identificación mediante microchip dos animais de compañía é obrigatoria sen excepción. O animal deberá ser identificado dentro dos seus tres primeiros meses de vida.
As persoas propietarias e criadoras de cans e gatos están obrigadas a proceder á súa identificación no prazo establecido. Así mesmo, os cans e os gatos irán sempre provistos dun colar identificativo que permita axilizar a busca do seu propietario en caso de perda ou abandono. Sen prexuízo do disposto no punto 2 do artigo 28 e nos demais supostos establecidos nesta

lei, a identificación do resto de animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei será voluntaria. Nestes casos, as condicións desa identificación fixaranse regulamentariamente.
No caso específico dos gatos e furóns que sexan obxecto de traslado a outros países serán aplicables as obrigas establecidas na normativa vixente que regula o desprazamento de animais de compañía."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 13. *Cría e venda de animais de compañía*

1. A cría con fins comerciais de animais de compañía só poderá efectuarse en establecementos debidamente autorizados e inscritos como centros de cría no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (Reganuz) establecido no artigo 10. Estes centros deberán ter o seu número de inscrición nun lugar visible.
2. Queda prohibida a compra, a venda**, a cesión ou a doazón** ambulante de animais de compañía.
3. Igualmente queda prohibida a venda, cesión ou doazón de animais de compañía ás persoas menores de dezaseis anos ou ás incapacitadas, agás que conten con autorización expresa de quen teña a súa patria potestade, tutela ou custodia, e de conformidade, se é o caso, coa sentenza de incapacitación. O incumprimento desta prohibición e da contida no punto 2 anterior constituirá unha infracción administrativa nos termos previstos nesta lei.
4. Os centros de cría e os establecementos de venda de animais non poderán efectuar vendas ou cesións de animais de compañía a laboratorios ou outros establecementos con destino a labores de experimentación sen a correspondente autorización.
5. Os centros de cría e os establecementos de venda radicados en Galicia que oferten a venda de animais por calquera medio de comunicación, revistas ou publicacións, anuncios na rúa ou en establecementos ou edificios públicos, redes sociais ou calquera outro medio a través da internet terán que incluír na súa publicidade ou anuncio o número de inscrición no Reganuz.
6. Os centros de cría e os establecementos de venda entregarán a quen compre un animal, en papel ou en formato electrónico, toda a información precisa sobre a súa orixe, a identificación no caso en que sexa obrigatoria, as características, os tratamentos sanitarios aplicados ao animal no establecemento, os coidados e o manexo.
7. Os centros de cría e os establecementos de venda entregarán os animais en bo estado de saúde, certificado por unha ou un profesional veterinario, e identificados, no caso de que esta identificación sexa obrigatoria, segundo o establecido no artigo 12.
8. As crías de cans e gatos non poderán separarse das súas nais antes das dez semanas de vida, co fin de evitar problemas de saúde ou comportamento. Neste sentido deberanse tomar

as medidas necesarias para acadar a socialización dos cachorros con anterioridade á súa transmisión.
9. Os animais de compañía destinados á venda non se poderán exhibir nos escaparates ou nas zonas expostas á vía pública, ou a modo de reclamo comercial.
10. Os establecementos de cría, venda ou importación de animais deberán contar con persoal suficiente e coa formación necesaria para o manexo e a atención dos animais aloxados nestes, o que se determinará regulamentariamente.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº28, ao apartado 8, de Modificación.

Na primeira liña, onde pon: "As crías...", debe pór: "Os cachorros...", e ao final desta liña onde pon: "....antes das dez semanas..." ,debe pór: "...antes das catorce semanas".

_____

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº29, ao apartado 9, de Adición.

Débese engadir, ao final deste punto, o seguinte texto:
"...A Xunta de Galicia determinará regulamentariamente as condicións de aloxamento, alimentación, abeberamento e exercicio diario."

_____

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº30, ao apartado 10 bis), de Adición.

Débese engadir un novo punto 10 *bis*:
10 *bis.* Os establecementos de cría deberán constatar en todo momento, mediante certificado expedido por unha ou un profesional veterinario alleo ao establecemento, o estado de saúde das femias utilizadas para a cría, evitando o seu sufrimento tanto físico coma psíquico, establecendo a idade mínima de comezo de cría, os intervalos axeitados para que poida descansar e recuperarse e mais unha nutrición adaptada ás súas necesidades.
Por outra banda, cando a femia non poida seguir criando será destinada a un centro para posibilitar a súa adopción ou acollemento.

_____

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº18, ao apartado 10 bis), de Adición.

Débese engadir un novo punto no artigo 13, que quedará redactado co seguinte contido:
"10 *bis*. Os establecementos de cría deberán constatar en todo momento, mediante certificado expedido por unha ou un profesional veterinario, o bo estado de saúde das femias utilizadas para a cría."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 14. *Eventos con animais de compañía*

1. A realización de eventos con animais de compañía deberá ser obxecto de autorización previa ao seu desenvolvemento, outorgada pola consellaría competente en materia de protección animal, cos requisitos e segundo o procedemento que regulamentariamente se establezan, sen prexuízo de calquera outra autorización que sexa preceptiva.
2. En todo caso, deberase dispoñer dun espazo axeitado no que poidan atenderse aqueles animais que precisen asistencia veterinaria e dun equipamento básico, co material imprescindible, para estabilizar e trasladar o animal a un centro veterinario axeitado cando se requira.
3. As solicitudes de autorización para a realización dos eventos sinalados no punto 1 serán presentadas por quen os organice cunha antelación mínima dun mes previa ao seu desenvolvemento, e deberanse acompañar dunha memoria cos aspectos que se determinen regulamentariamente. O organizador ou a organizadora deberá responsabilizarse de que todos os animais participantes cumpren cos requisitos que regulamentariamente se establezan para cada especie.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº31, ao apartado 1, de Substitución.

Débese substituír o texto deste punto polo seguinte:
1. A realización de eventos con animais domésticos e/ou salvaxes en catividade deberá ser obxecto de autorización previa ao seu desenvolvemento, outorgada pola consellaría competente en materia de protección animal, cos requisitos e segundo o procedemento que regulamentariamente se establezan, sen prexuízo de calquera outra autorización que sexa preceptiva.

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 15. *Eutanasia*

1. A eutanasia dos animais será prescrita e realizada por unha ou un facultativo veterinario, de forma rápida e indolora, coa aplicación de sedación cando o manexo do animal poida supoñer un estrés ou sufrimento adicional, e efectuada con métodos que impliquen o mínimo sufrimento e provoquen unha perda de consciencia inmediata.
2. Por vía regulamentaria determinaranse os métodos autorizados para a eutanasia animal.
3. As consellarías competentes en materia de protección e sanidade animal poderán establecer excepcións aos métodos de eutanasia en situacións de emerxencia e/ou perigosidade debidamente xustificados. Cando sexa preciso o emprego de armas de fogo, e non exista outro método alternativo, estas deberán ser empregadas polas forzas ou corpos de seguridade ou por persoal expresamente autorizado polas ditas consellarías, logo de valoración da situación e dos riscos que implica, e actuando segundo a normativa específica aplicable.
4. Non se poderá dar morte aos animais acollidos nun centro de recollida ou fogar de acollida temporal, con independencia do tempo transcorrido desde a súa entrada.
5. Exceptúanse da prohibición establecida no punto anterior os supostos de eutanasia do animal debidamente motivados por escrito por unha ou un profesional veterinario, co fin de lle evitar un sufrimento grave e irremediable ou unha afección grave, ou ben por razóns motivadas de sanidade ou benestar animal, de saúde pública, de seguridade das persoas ou ambientais.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº17, ao apartado 5, de Supresión.

Suprimir o texto que figura despois de: “afección grave”.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº32, ao apartado 5, de Substitución.

Débese substituír o texto deste punto polo seguinte:

5. Exceptúanse da prohibición establecida no punto anterior os supostos de eutanasia do animal debidamente motivados por escrito por unha ou un profesional veterinario, co fin de lle evitar un sufrimento grave e irremediable ou unha afección grave.

_____

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Animais potencialmente perigosos

Artigo 16. *Animais potencialmente perigosos*

1. Considéranse animais potencialmente perigosos aqueles animais de compañía pertencentes tanto á fauna autóctona coma alóctona que, con independencia da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertenzan, poidan causar a morte ou provocar lesións ás persoas ou a outros animais, ou producir danos de certa entidade ás cousas, excepto o suposto previsto no artigo 1.2 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.

2. En todo caso, entenderase por cans potencialmente perigosos aqueles nos que concorran calquera das condicións seguintes:

a) Cans que polas súas características raciais poidan ser aptos para o adestramento para a garda e defensa, e en concreto os cans pertencentes ás seguintes razas: American Stafforshire Terrier, Pit Bull Terrier, Bullmastif, Dobermann, Dogo Arxentino, Dogo de Bordeos, Dogo do Tíbet, Fila Brasileiro, Mastín Napolitano, Presa Canario, Presa Mallorquín (*Ca de Bou*), Rottweiler, Bull Terrier, Staffordshire Bull Terrier, Tosa Inu e Akita Inu, e mais as restantes razas que poidan determinarse na normativa estatal sobre animais potencialmente perigosos de obrigado cumprimento.

Tamén serán considerados potencialmente perigosos os cruzamentos en primeira xeración destas razas ou os cruzamentos destas razas con outras.

b) Cans que foron adestrados para a garda e defensa.

c) Cans que tiveron algún episodio de agresións a persoas ou ataques de certa entidade a animais ou ás cousas, ou aqueles que manifesten un carácter marcadamente agresivo. Nestes casos, a potencial perigosidade deberá ser apreciada pola autoridade competente municipal, de oficio ou despois de notificación ou denuncia, atendendo criterios obxectivos e logo de informe dunha ou dun profesional veterinario designado para o efecto.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº33, ao apartado 2.c, de Modificación.

Débese substituír o texto do punto 2.c) polo seguinte:
c) Cans que tiveron algún episodio de agresións a persoas ou ataques de certa entidade a animais ou ás cousas, ou aqueles que manifesten un carácter marcadamente agresivo. Nestes casos, a potencial perigosidade deberá ser apreciada pola autoridade competente municipal, de oficio ou despois de notificación ou denuncia, atendendo criterios obxectivos e logo de informe dunha ou dun profesional veterinario e dunha ou dun etólogo que valore a educación e socialización do can.

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 17. *Licenza municipal e obriga de inscrición no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos*

1. A tenza e a custodia dos animais potencialmente perigosos requirirán a obtención previa da licenza administrativa outorgada polo concello correspondente nos termos previstos no artigo 3 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos. Para os efectos da expedición da licenza no caso de persoas posuidoras distintas á propietaria do animal, será válido o seguro de responsabilidade civil subscrito por esta última. No caso de posuír varios animais potencialmente perigosos será exixible unha única licenza, sempre e cando todos os animais conten co correspondente seguro de responsabilidade civil. A licenza terá un período de validez de cinco anos, e poderá ser renovada por períodos sucesivos de igual duración.
2. Os animais potencialmente perigosos deberanse inscribir no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos no prazo de quince días desde a obtención da licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos. No suposto previsto no punto 1 deste artigo, para o caso do segundo e posteriores animais, o dito prazo comezará a computarse desde a adquisición do animal.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 18. *Responsabilidade e obrigas das persoas propietarias e posuidoras de animais potencialmente perigosos*

1. Quen teña en propiedade ou posúa un animal potencialmente perigoso que agrida persoas ou outros animais causándolles feridas de mordedura será responsable de que o animal sexa sometido a recoñecemento dunha veterinaria ou dun veterinario en exercicio libre da profesión en dúas ocasións dentro dos quince días seguintes á agresión. Neste recoñecemento o veterinario ou a veterinaria responsable emitirá un certificado no que conste se o animal presenta ou non síntomas de doenza infecto-contaxiosa, que comunicará ás autoridades competentes en sanidade animal no caso de sospeita.
2. Os cans potencialmente perigosos terán que circular, nas vías públicas e nos lugares e espazos de uso público en xeral, atados con correa non extensible de menos de dous metros de longo, provistos da correspondente buceira homologada e axeitada para a súa raza.
3. Cando as circunstancias así o aconsellen poderanse establecer excepcións ao cumprimento de determinadas obrigas das persoas propietarias de animais potencialmente perigosos no caso de:
a) Organismos públicos ou privados que utilicen estes animais cunha función social.
b) Explotacións agrarias que utilicen cans de garda, defensa e manexo de gando, así como actividades de carácter cinexético, sen que estes poidan dedicarse en ningún caso ás actividades ilícitas recollidas nesta lei.
c) Probas de traballo e deportivas, co fin de seleccionar exemplares que participen nestas e que estean autorizadas e supervisadas pola autoridade autonómica competente.
Por vía regulamentaria habilitarase o procedemento para a aplicación destas excepcións.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº34, ao apartado 1, de Substitución.

Débese substituír o texto deste punto polo seguinte:
1. O/a propietario/a ou posuidor/a dun animal potencialmente perigoso que agrida persoas ou outros animais causándolles feridas de mordedura será responsable de que o animal sexa

sometido a recoñecemento dun/ha veterinario/a en exercicio libre da profesión en dúas ocasións dentro dos quince días seguintes á agresión. Neste recoñecemento o veterinario/a responsable emitirá un certificado no que conste se o animal presenta ou non síntomas de doenza infecto-contaxiosa, que comunicará ás autoridades competentes en sanidade animal no caso de sospeita. Ademais deste recoñecemento veterinario, será obrigatorio o recoñecemento por parte dunha ou un etólogo que poida valorar a causa do ataque.

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 19. *Esterilización de animais potencialmente perigosos*

1. A esterilización dos animais potencialmente perigosos, ademais de se poder facer por vontade das persoas propietarias, realizarase obrigatoriamente por mandato ou resolución das autoridades administrativas ou xudiciais.
2. Os propietarios e as propietarias deste tipo de animais deberán comunicar ao Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (Regiac) a súa castración ou esterilización, coa remisión da copia da certificación veterinaria acreditativa do devandito feito no prazo de tres días, contados desde que a esterilización ou castración se levase a cabo.
3. Regulamentariamente desenvolverase o procedemento administrativo necesario para acordar a esterilización dun animal potencialmente perigoso polo órgano territorial de dirección da consellaría competente en materia de protección animal, naqueles supostos de reiteradas agresións ás persoas ou danos a outros animais.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 20. *Instalacións*

As instalacións destinadas a albergaren animais potencialmente perigosos deberán reunir os requisitos que se establezan regulamentariamente. En todo caso, deberanse observar as medidas de seguridade que eviten a fuxida destes animais ou o contacto con eles, respectando de todos os modos a súa protección e benestar.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO II

Animais domésticos

Artigo 21. *Obrigas específicas das persoas posuidoras e propietarias de animais domésticos*

1. Sen prexuízo das obrigas establecidas no artigo 7, correspóndenlles ás persoas posuidoras ou propietarias de animais domésticos as seguintes obrigas específicas:
a) A esterilización dos cans de asistencia segundo a súa normativa específica, así como dos cans que se manteñan en polígonos industriais e obras.
b) Sen prexuízo das disposicións establecidas nas correspondentes ordenanzas municipais, prohíbese levar ceibos nas vías públicas os cans e os demais animais domésticos, que deberán ir provistos de correa e colar ou outro elemento de retención, agás naqueles lugares nos que se permita que transiten en liberdade e, en todo caso, baixo o control e a responsabilidade dos posuidores ou das posuidoras daqueles. Malia o anterior, nos carreiros e camiños no ámbito rural poderase levar solto o animal sempre que non se ocasione danos, molestias nin riscos ás persoas, a outros animais e ás cousas.
c) Cando se produza un cadro de agresión por parte dun animal doméstico, deberanse facilitar os datos do animal e da persoa responsable del tanto á persoa agredida ou aos seus representantes legais coma ás autoridades competentes, sen prexuízo da obriga de o someter ao control veterinario previsto no artigo 18.1.
d) Comunicar ao Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía o extravío ou a morte do animal doméstico, no caso de inscrición obrigatoria, no prazo máximo de setenta e dúas horas desde que se teña coñecemento de tales feitos.
2. A tenza de animais domésticos en recintos ou vivendas privadas queda condicionada ás necesidades etolóxicas de cada especie e raza, ao espazo, ás circunstancias hixiénicas óptimas e á adopción das axeitadas medidas de seguridade, sen prexuízo do disposto nas normas que constitúan o réxime interior das comunidades de veciños. A tenza ou posesión de máis de cinco animais, maiores de tres meses, pertencentes á **especie canina**, estará sometida á obriga de comunicación previa á consellaría competente en materia de protección

animal, de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente.

Non obstante, cando a xuízo das autoridades autonómicas competentes en materia de sanidade e benestar animal, a tenza destes animais poida comportar un risco sanitario ou se precisen condicións diferentes ás existentes para garantir o seu benestar e protección, deberá ser obxecto de autorización como establecemento de coleccións zoolóxicas particulares, consonte o establecido no citado artigo 10.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 22. *Recollida e acollemento dos animais* ***vagabundos e extraviados***

1. Os concellos recollerán os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal e albergaranos en centros de recollida de animais abandonados inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos ata que sexan retirados polos seus propietarios ou propietarias, sexan acollidos temporalmente ou adoptados, ou ben se lles dea outro destino autorizado segundo os supostos establecidos nesta lei.
2. Os concellos poderán prestar o servizo de recollida e acollemento por si mesmos ou asociados, en réxime de xestión directa ou indirecta. Así mesmo, poderán subscribir convenios de colaboración nesta materia con outras administracións públicas e entidades, como as asociacións de protección e defensa dos animais.
3. Os concellos poderán recoller e acoller animais por solicitude das persoas propietarias deles, logo de xustificación por parte destas da imposibilidade da asunción das obrigas derivadas desta lei.
4. Os requisitos mínimos para a prestación dos servizos de recollida e acollemento de animais abandonados estableceranse regulamentariamente. **Estes servizos levaranos a cabo persoas** coa formación necesaria para o manexo e a atención dos animais aloxados, e contarán cos medios e as instalacións adecuadas así como coa asistencia veterinaria especializada precisa.
5. Os centros de recollida de animais abandonados comunicarán, cunha periodicidade anual, as datas de entrada e saída de cada animal, a identificación e o destino deles e mais as incidencias sanitarias significativas dos animais á consellaría competente en materia de protección animal, segundo o procedemento que regulamentariamente se determine.
5 bis. Excepcionalmente, en situacións de emerxencia que poidan comprometer o benestar dos animais, os cidadáns e as cidadás poderán realizar a recollida de xeito puntual e desinteresado dun animal vagabundo ou extraviado ata a súa entrega final ou posta á disposición do centro de recollida autorizado que a autoridade competente determine.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº24, ao apartado 5, de Modificación.

Débese modificar o punto 5 do artigo 22 que quedará redactado co seguinte contido:
"5. Os centros de recollida de animais abandonados comunicarán, cunha periodicidade semestral, as datas de entrada e saída de cada animal, a identificación e o destino deles e mais as incidencias sanitarias significativas dos animais á consellaría competente en materia de protección animal, segundo o procedemento que regulamentariamente se determine."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 23. *Abandono de animais domésticos*

1. De o animal recollido se atopar identificado ou ter persoa propietaria coñecida, o centro de recollida poñerá en coñecemento desta a entrada do animal nas súas instalacións, no prazo de corenta e oito horas desde a súa recollida.
Se transcorridos dous días desde a comunicación á súa persoa propietaria, esta non procede á retirada do animal, o centro notificaralle que dispón dun prazo máximo de **dez días naturais**, contados desde o día seguinte ao da devandita notificación, para a recuperación do animal, logo de satisfacción de todos os gastos, incluídos os veterinarios, derivados da súa recollida e estancia no centro, e coa exhibición da licenza correspondente no suposto de se tratar dun animal potencialmente perigoso.
2. Ao transcorrer o prazo máximo de **dez días naturais**, contados desde o día seguinte ao da notificación ou da publicación, no suposto de notificación infrutuosa, sen se ter retirado o animal, este pasará a ter a consideración de animal abandonado, o que habilitará o concello para lle dar o destino que legalmente proceda. Neste suposto, o centro de recollida deberá dar traslado dos feitos á consellaría competente en materia de protección animal para os efectos da apertura do correspondente expediente sancionador.
3. De o animal recollido non se atopar identificado e non ter dona ou dono coñecido, pasará a ter a consideración de animal abandonado. Se ao transcorrer **dez días naturais** desde a entrada no centro de recollida non é reclamado pola persoa propietaria, posuidora ou autorizada, logo de acreditación da propiedade ou posesión, o centro queda habilitado para lle dar o destino que legalmente proceda.
4. Os animais recollidos deberán ser necesariamente identificados, de acordo co artigo 12 desta lei, para poder ser entregados ás persoas propietarias deles, segundo as obrigas establecidas para cada especie, facéndose cargo estas dos gastos derivados da dita actuación.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº29, ao apartado 4, de Modificación.

Débese modificar o punto 4 do artigo 23 que quedará redactado co seguinte contido:

"4. Todos os animais recollidos deberán ser necesariamente identificados para poder ser entregados ás persoas propietarias deles, segundo as obrigas establecidas para cada especie, facéndose cargo estas dos gastos derivados da dita actuación."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº43, ao apartado 4 bis), de Adición.

Débese engadir un novo punto:
4 *bis*. Os centros de recollida terán a obriga de difundir en redes sociais ou nos medios que habilite a consellaría os animais extraviados ou abandonados que recollan das rúas. Estarán obrigados a difundir unha fotografía do animal, así como a data e o lugar onde foron recollidos, facilitando así que o seu dono ou dona os poida encontrar, no caso de animais extraviados.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº30, ao apartado 4 bis), de Adición.

Débese engadir un novo punto no artigo 23 que quedará redactado co seguinte contido:
"4 *bis*. Os centros de recollida terán a obriga de facer labor de difusión dos animais extraviados ou abandonados que recollan nas rúas, facilitando unha imaxe nítida deles, así como a data e o lugar onde foron recollidos."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 24. *Adopción dos animais domésticos abandonados*

1. O destino prioritario dos animais domésticos abandonados será a súa adopción. As administracións públicas implicadas e os centros de recollida poñerán en marcha medidas destinadas ao fomento da adopción responsable destes animais.
2. Sen prexuízo dos que se establezan regulamentariamente, deberanse cumprir os seguintes requisitos para a adopción:
a) Que o animal doméstico que se vai adoptar teña a condición de abandonado, segundo os prazos e as condicións establecidos no artigo 23.
b) Que o animal doméstico proveña dun centro de recollida autorizado.
c) Que o animal doméstico sexa declarado apto para a adopción polo veterinario ou pola veterinaria responsable do centro de recollida no que se encontre. Os animais deben ser entregados en adopción identificados, vacinados, desparasitados e esterilizados segundo prescrición da veterinaria ou do veterinario responsable, co fin de garantir o seu correcto estado hixiénico-sanitario.
d) A adopción deberá ser gratuíta, sen prexuízo de que o propio centro de recollida poida repercutir sobre quen o adopte os custos derivados dos tratamentos subministrados, da identificación e da esterilización, segundo proceda.
3. As persoas físicas que adopten animais de compañía segundo o establecido neste artigo quedarán sometidas ás obrigas previstas para as persoas propietarias e posuidoras de animais establecidas nesta lei.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº44, ao apartado 2.b, de Adición.

Débese engadir ao final deste apartado:
"..., dando sempre prioridade aos fogares de acollida."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 25. *Acollemento temporal de animais domésticos*

1. Cando non sexa posible a adopción ou cando concorran circunstancias que o aconsellen, o centro de recollida poderá entregar o animal abandonado, en réxime de acollemento temporal, a persoas físicas que poidan garantir o coidado, a atención e as condicións hixiénico-sanitarias que precise. En calquera caso, será necesario o cumprimento do establecido no artigo 24.2.c) e o acollemento estará condicionado á devolución inmediata do animal de aparecer unha persoa adoptante.
2. A persoa física que acolla temporalmente un animal neste réxime estará obrigada a comunicar ao centro que llo entrega calquera incidencia ao seu respecto.
3. Os domicilios en que se acollan temporalmente animais de compañía terán a consideración de fogares de acollida.
Regulamentariamente establecerase o número máximo de animais que se poderán acoller nun mesmo fogar de acollida.
4. As persoas físicas que acollan temporalmente animais domésticos quedarán sometidas ás obrigas previstas nos artigos 7 e 21. As obrigas específicas das persoas propietarias incluídas no artigo 8 corresponderán ao centro que entrega o animal en acollemento temporal.
5. Os concellos e os centros de recollida autorizados manterán unha relación actualizada destes fogares de acollida.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 26. *Colonias felinas*

1. Os concellos poderán establecer, conforme as condicións e os requisitos que se determinen regulamentariamente, lugares destinados a colonias felinas controladas, como un posible destino das comunidades de gatos sen propietario ou propietaria que vivan na rúa, sempre que as condicións do contorno o permitan, co fin da súa protección e control poboacional.
2. Os gatos integrantes destas colonias deberán ser capturados para a súa marcaxe, esterilización e control sanitario. A identificación realizarase a nome do concello, ao que lle compete a vixilancia e o control sanitario destas poboacións.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº47, ao apartado 1, de Substitución.

Débese substituír o texto deste apartado polo seguinte:
1.Os concellos crearán, conforme as condicións e os requisitos que se determinen regulamentariamente, lugares destinados a colonias felinas controladas, como un posible destino das comunidades de gatos sen propietario ou propietaria que vivan na rúa, sempre que as condicións do contorno o permitan, co fin da súa protección e control poboacional, e poderán subscribir acordos de colaboración con asociacións e entidades de protección e defensa dos animais. Tamén se habilitará unha zona onde poder acoller aos gatos que precisen dun fogar de acollida e non exista tal posibilidade, facilitando así o seu coidado por parte das asociacións protectoras de animais dedicadas a eles.

_____

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº34, ao apartado 1, de Modificación.

Débese modificar o punto 1 do artigo 26 que quedará redactado co seguinte contido:
"1. Os concellos acondicionarán colonias felinas controladas en cada municipio, garantindo así as condicións hixiénico-sanitarias, a alimentación e o acubillo, así como as medidas de prevención de enfermidades entre os felinos, sempre que as condicións do contorno así o permitan, e poderán subscribir

acordos de colaboración con entidades e asociacións protectoras de animais, que se encargarán da colonia felina.
Establecerase un período transitorio dun ano desde a entrada en vigor desta lei para o acondicionamento destas colonias felinas polos concellos de Galicia."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº48, ao apartado 2, de Substitución.

Débese substituír o texto deste punto polo seguinte:
2.Os gatos integrantes destas colonias deberán ser capturados para a súa marcaxe, esterilización e control sanitario. A identificación realizarase a nome da asociación protectora encargada da colonia felina, que será a responsable do control hixiénico-sanitario destas poboacións mediante os controis veterinarios necesarios. Ademais, poderanse levar a cabo adopcións e acollementos dos gatos que sexan aptos, valoración que debe facer a asociación protectora responsable.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº35, ao apartado 2, de Modificación.

Débese modificar o punto 2 do artigo 26 que quedará redactado co seguinte contido:
"2. Os felinos integrantes destas colonias deberán ser capturados para a súa marcaxe, esterilización e control sanitario. A identificación realizarase a nome da asociación protectora encargada da colonia felina, que será a responsable do control hixiénico-sanitario destas poboacións mediante os controis veterinarios necesarios."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº49, ao apartado 2 bis), de Adición.

Engadirase un novo punto:
2 bis. Créase a figura de coidador ou coidadora de colonia felina, voluntariado da asociación protectora responsable, que será recoñecida polo concello garantindo así a seguridade tanto dos felinos coma dos seus coidadores.

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO III

Animais silvestres mantidos en catividade

Artigo 27. *Normas xerais*

1. A persoa propietaria ou posuidora dun animal silvestre mantido en catividade é responsable da súa protección e benestar nos termos previstos nesta lei.
2. Para o mantemento en catividade de animais silvestres deberase acreditar a súa orixe legal, de acordo co estipulado na normativa sanitaria, de comercio e de conservación da natureza e na demais normativa que resulte aplicable, segundo os casos.
3. Sen prexuízo do indicado nos puntos 1 e 2, para a tenza en catividade de exemplares de animais silvestres pertencentes a especies autóctonas, incluídas as declaradas como especies cinexéticas, será preceptiva a autorización expresa da consellaría competente en materia de protección animal. Será obrigatoria así mesmo a identificación individual mediante microchip ou anel identificativo destes animais, segundo o procedemento que se estableza regulamentariamente.
4. No caso de tenza de exemplares de animais silvestres pertencentes a especies declaradas como exóticas invasoras, serán aplicables os requisitos establecidos na súa normativa reguladora específica.
5. Os preceptos recollidos nos artigos 22, 23 e 24 serán aplicables a todos os exemplares de especies silvestres mantidos en catividade, agás aqueles pertencentes a especies que conten con normativa específica de aplicación na que se recollen as autoridades competentes responsables da súa protección e custodia. En especial, exceptúanse os exemplares de especies silvestres acollidas nun réxime de protección especial, as especies cinexéticas e as especies declaradas como exóticas invasoras.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 28. *Aves de rapina en catividade*

1. A tenza de aves de rapina en catividade requirirá, sen prexuízo das normas nacionais e internacionais que lle sexan aplicables, obter previamente a autorización administrativa outorgada pola consellaría competente en materia de protección animal, cos requisitos e segundo o procedemento que regulamentariamente se estableza.
2. Todos aqueles exemplares de aves de rapina que dispoñan da autorización mencionada no punto anterior deberán estar identificados individualmente con microchip ou anel, sen prexuízo de calquera outro sistema de marcaxe que se poida establecer regulamentariamente, e inscribirse na sección correspondente do Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía.
3. A cría en catividade de aves de rapina só se poderá levar a cabo en establecementos de cría de animais autorizados consonte o establecido no artigo 10 desta lei.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO IV

Asociacións de protección e defensa dos animais

Artigo 29. *Normas xerais*

1. As asociacións de protección e defensa dos animais inscribiranse de maneira obrigatoria no Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía, conforme o procedemento regulamentariamente establecido.
2. Así mesmo, estas asociacións están obrigadas a comunicar as modificacións producidas nos seus órganos de goberno, estatutos, datos de contacto ou calquera outro dato que conste na inscrición rexistral e mais a súa baixa como asociación, de ser o caso.
3. As asociacións de protección e defensa dos animais teñen a obriga de denunciar os feitos constitutivos de infracción administrativa segundo o previsto nesta lei perante as autoridades públicas competentes. **Para tal efecto, recoñeceráselles a condición de interesadas no procedemento administrativo sancionador consonte o disposto no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.**

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº50, ao apartado 3 bis), de Adición.

Engadirase un novo punto:
3 *bis*. A Administración autonómica está obrigada á convocatoria anual de axudas económicas dentro das posibilidades orzamentarias para o financiamento da actividade das asociacións de protección e defensa dos animais.

_____

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº20, ao apartado 3 bis), de Adición.

Engadir un novo punto, que sería o 3 bis), co seguinte texto:
"3 bis). A Administración autonómica convocará anualmente subvencións para o financiamento da actividade das asociacións de protección e defensa dos animais."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 30. *Entidades colaboradoras*

1. As asociacións de protección e defensa dos animais inscritas no rexistro previsto no artigo 29.1 poderán ser declaradas entidades colaboradoras da Administración xeral da Comunidade Autónoma, conforme o procedemento que se determine regulamentariamente, cando cumpran cos seguintes requisitos:
a) Ter o domicilio no territorio da Comunidade Autónoma.
b) Que o seu ámbito de actuación sexa a comunidade autónoma de Galicia.
c) Que participen activamente en programas en materia de protección animal.
d) Que participen activamente en programas dirixidos a potenciar a adopción nos centros de recollida de animais abandonados autorizados pola autoridade competente.
2. A consellaría competente en materia de protección animal poderá establecer convenios coas entidades colaboradoras para o desenvolvemento de actuacións en relación coa protección e a defensa dos animais, e de xeito particular para o desenvolvemento de campañas de concienciación para a identificación, adopción e esterilización de animais de compañía, así como para a promoción de campañas de divulgación e educación no coñecemento, a protección e a defensa animal para a sensibilización da cidadanía.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO V

Comité Consultivo para a Protección Animal

Artigo 31. *Comité Consultivo para a Protección Animal*

1. Créase o Comité Consultivo para a Protección Animal como órgano de consulta e asesoramento, adscrito á consellaría competente en materia de protección animal, que terá como obxectivo o estudo e a proposta das principais accións na loita fronte ao maltrato e o abandono dos animais de compañía.
2. O Comité Consultivo para a Protección Animal levará a cabo as seguintes funcións, sen prexuízo das que se lle poidan encomendar regulamentariamente:
a) Emitir informes e ditames, así como realizar os estudos que lle solicite a consellaría competente en materia de protección animal.
b) Promover estudos de planificación e coordinación nesta materia.
3. A súa composición e o seu funcionamento determinaranse por vía regulamentaria. Na súa composición deberase garantir a presenza de representantes das consellarías con competencias en materia de sanidade animal, saúde pública e accesibilidade, da Federación Galega de Municipios e Provincias, das asociacións de protección e defensa dos animais inscritas no rexistro regulado no artigo 29, do Consello Galego de Colexios Veterinarios e das entidades de carácter ambiental inscritas no rexistro previsto no Decreto 226/2007, do 22 de novembro, polo que se crea o Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.
Na designación das persoas que ocupen as vogalías procurarase o respecto do principio de presenza equilibrada de mulleres e homes na composición do órgano colexiado.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº37, ao apartado 1, de Modificación.

Débese modificar o punto 1 do artigo 31, que quedará redactado co seguinte contido:

"1. Créase o Comité Consultivo para a Protección Animal como órgano de estudo, consulta e asesoramento, adscrito á consellaría competente en materia de protección animal, que terá como obxectivo o deseño de iniciativas de políticas de goberno para a loita activa contra o maltrato e o abandono animal."

_____

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº51, ao apartado 2.b) bis), de Adición.

Engadirase un nova alínea:
2. b) *bis*) Elaborar, promover e velar pola implantación de políticas de goberno contra o maltrato e o abandono animal, como incluír no ensino programas sobre o respecto, a empatía e a protección dos animais, e levar a cabo diversos eventos, como charlas sobre os dereitos e deberes das persoas propietarias e posuidoras dos animais e as sancións que pode carrexar o incumprimento desta lei e das demais normas sobre protección e benestar animal.

_____

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº21, ao apartado 2.b) bis), de Adición.

Engadir unha nova alínea b) bis):
"2. b) bis) Avaliar as políticas relativas á protección e loita contra o maltrato animal e mais formular propostas ao respecto."

_____

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº38, ao apartado 3, de Modificación.

Débese modificar o punto 3 do artigo 31, que quedará redactado co seguinte contido:
"3. A súa composición e o seu funcionamento determinaranse por vía regulamentaria, mais, en calquera caso e en respecto da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectivas de homes e mulleres, e a propia Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, será obrigatoria a presenza equilibrada de mulleres e homes, de forma que, no conxunto ao que se refira, as persoas de cada sexo non superen o 60 % nin sexan menos do 40 %.
Na súa composición deberase garantir a presenza dun representante da consellaría con competencias en materia de sanidade animal, de representantes de profesionais expertos en benestar e protección animal, das asociacións de protección e defensa dos animais, do Consello Galego de Colexios

Veterinarios, das entidades de carácter ambiental e da Federación Galega de Municipios e Provincias.
Todas as persoas integrantes deste consello deberán acreditar unha clara concienciación coa protección e o benestar animal."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO VI

Divulgación, educación e formación en materia de protección animal

Artigo 32. *Divulgación, educación e formación*

1. A Administración autonómica está obrigada á divulgación dos contidos desta lei. Para tal efecto, promoverá especialmente campañas **periódicas de sensibilización e** de promoción sobre a tenza responsable, campañas divulgativas sobre a obriga de identificación animal e a adopción de medidas para evitar a reprodución incontrolada e o abandono dos animais domésticos, así como campañas de fomento das adopcións nos centros de recollida autorizados.
2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma divulgará o contido desta lei entre o alumnado escolar e a cidadanía e velará pola inclusión de contidos relacionados coa protección animal nos programas educativos que se desenvolvan no seu ámbito territorial.
Así mesmo, promoverá a realización de campañas de formación destinadas ás persoas propietarias e posuidoras de animais, co fin de garantir unha tenza acorde coas súas necesidades etolóxicas e fisiolóxicas e mais de obter unha óptima inserción e convivencia dos animais no medio.
3. As asociacións de protección e defensa dos animais, especialmente as declaradas entidades colaboradoras, cooperarán coas administracións públicas de Galicia na observancia e difusión do establecido nesta lei.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 33. *Asesoramento e colaboración coa Administración local*

A Administración xeral da Comunidade Autónoma prestará asesoramento e colaboración técnica para a axeitada execución polas administracións locais das actuacións de divulgación e formación en materia de protección dos animais.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO VII

Inspección, control e vixilancia

Artigo 34. *Disposicións xerais*

1. A inspección, o control e a vixilancia superior do cumprimento do establecido nesta lei, así como das súas normas de desenvolvemento, corresponden á Administración xeral da Comunidade Autónoma, a través da consellaría competente en materia de protección animal, sen prexuízo das competencias específicas en materia de sanidade animal atribuídas á consellaría correspondente e das atribuíbles aos concellos dentro do seu ámbito territorial.
2. Os concellos están obrigados a realizar os labores necesarios de inspección, control e vixilancia do cumprimento do disposto nesta lei dentro do seu ámbito territorial e segundo a súa normativa reguladora.
3. O servizo de inscrición no rexistro, vixilancia e inspección poderá ser obxecto dunha taxa fiscal.
4. Os servizos veterinarios oficiais da Administración xeral da Comunidade Autónoma serán competentes na comprobación do cumprimento dos requisitos en materia de sanidade e protección animal, saúde pública e ambiente establecidos nesta lei e na demais normativa aplicable nestas materias.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº52, ao apartado 2, de Adición.

Débese engadir ao final deste punto, despois de: "...reguladora.", o seguinte:
"..., xunto coa divulgación deste labor de control ante a cidadanía, e establecer medidas para facilitar a participación social nesta supervisión que acollerá a concellaría de medio ambiente de cada localidade nun protocolo único en toda a Comunidade Autónoma determinado pola Administración xeral."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº53, ao apartado 4 bis), de Adición.

Débense engadir un novo punto:
4 *bis*. Esta vixilancia e control serán aplicados de maneira prioritaria sobre os centros e colectivos que recolle esta lei e que obteñen un beneficio privado nas súas actividades con animais, como as canceiras, os centros de cría, as explotacións e os centros ou recintos similares.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº54, ao apartado 4 ter), de Adición.

Débense engadir un novo punto:
4 *ter*. Todos os concellos deben dispoñer dun servizo veterinario vinte e catro horas, xa sexa propio ou mediante convenio de colaboración cun centro ou unha veterinaria ou un veterinario privado, para poder asistir de urxencia os animais que así o precisen.
Entre os servizos que deben prestar está o de desprazamento e asistencia veterinaria in situ, o desprazamento e o traslado dos animais ao centro para lles prestar alí o tratamento (que incluirá a cirurxía urxente cando sexa necesaria) e o de contar cun lugar para aloxar os animais mentres o seu estado de saúde así o require.
Para estes efectos, a Xunta de Galicia dotará dunha partida orzamentaria para acadar os fins deste artigo.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 35. *Inspeccións*

1. O persoal funcionario debidamente acreditado para realizar funcións inspectoras pola consellaría competente en materia de protección animal ten carácter de axente da autoridade. As actas que formalice este persoal funcionario, nas que, observándose os requisitos legais correspondentes, se recollan feitos constatados por eles, farán proba destes, salvo que se acredite o contrario. Da devandita acta asinada polo axente da autoridade entregarase copia á parte interesada.
2. O persoal indicado no punto anterior está facultado para realizar no curso da inspección exames, controis, toma de mostras e recollida de información, así como para acceder aos lugares, aos espazos e ás instalacións onde se encontren os animais ou se desenvolvan as actividades mencionadas nesta lei, logo de identificación e sen necesidade de aviso previo.
3. Para os efectos da realización das inspeccións que se mencionan no punto anterior, facilitaráselles aos inspectores provistos da correspondente credencial o acceso a todos os establecementos e dependencias relacionados coas actividades reguladas nesta lei, así como a información e as axudas precisas para o desempeño das súas funcións.
4. No caso de que sexa necesaria a entrada aos domicilios e aos restantes lugares cuxo acceso requira o consentimento da persoa titular, deberase obter este ou, no seu defecto, a oportuna autorización xudicial.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº39, ao apartado 4, de Supresión.

Débese suprimir o punto 4 do artigo 35.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº55, ao apartado 4, de Substitución.

Débese substituír o texto deste punto polo seguinte:
4. No caso de que sexa necesaria a entrada aos domicilios e aos restantes lugares cuxo acceso requira o consentimento da persoa titular, deberase obter este ou, no seu defecto, a oportuna autorización xudicial, agás nos supostos en que existan claros indicios de risco inminente para a vida dos animais.

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO VIII

Potestade sancionadora

CAPÍTULO I

Infraccións administrativas

Artigo 36. *Réxime sancionador*

1. Constitúen infracción administrativa as accións e omisións tipificadas na presente lei, que serán sancionadas de acordo co disposto neste título.
2. Consonte o artigo 27.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as disposicións regulamentarias de desenvolvemento poderán introducir especificacións ou graduacións ao cadro de infraccións ou sancións establecidas nesta lei que, sen constituír novas infraccións ou sancións, nin alterar a natureza ou os límites das que esta lei recolle, contribúan á máis correcta identificación das condutas ou á máis precisa determinación das sancións correspondentes.
3. O anterior enténdese sen prexuízo da competencia sancionadora local dentro dos límites impostos polo necesario respecto ao principio de legalidade.
4. Non se sancionarán os feitos que xa fosen sancionados penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.
5. As infraccións á presente lei clasifícanse en leves, graves e moi graves.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 37. *Responsabilidade administrativa*

1. Serán responsables das infraccións tipificadas nesta lei as persoas físicas e xurídicas que, por acción ou omisión, realicen as actuacións tipificadas como infracción administrativa nela a título de dolo ou culpa.
2. Cando o cumprimento das obrigas a que se refire esta lei corresponda a varias persoas conxuntamente, así como cando non sexa posible determinar o grao de participación das distintas persoas físicas ou xurídicas que interviñesen na comisión da infracción, a responsabilidade será solidaria. Non obstante, cando a sanción sexa pecuniaria e resulte posible individualizarase na resolución en función do grao de participación de cada responsable.
3. Das sancións pecuniarias impostas a persoas xurídicas serán responsables subsidiariamente os administradores ou as administradoras que non realizasen os actos necesarios que fosen da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas infrinxidas, consentisen o incumprimento por quen deles depende ou adoptasen acordos que fixesen posible a comisión de tales infraccións. Así mesmo, serán responsables subsidiarios das sancións impostas ás persoas xurídicas que cesan nas súas actividades aquelas persoas que ocupasen cargos de administrador ou administradora no momento de se cometer a infracción.
4. A responsabilidade administrativa será exixible sen prexuízo da que poida corresponder no ámbito civil ou penal.
5. No caso de realización de pelexas, festas, espectáculos ou calquera outra actividade prohibida, serán responsables da comisión da infracción administrativa as persoas organizadoras, as persoas que cedesen por calquera título terreos, locais ou animais para o desenvolvemento do espectáculo, así como as persoas participantes nel.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 38. *Infraccións leves*

Teñen a consideración de infraccións administrativas leves as seguintes:

a) A venda, doazón ou cesión de animais a menores de dezaseis anos ou a persoas incapacitadas sen autorización de quen teña a súa patria potestade, tutela ou custodia.

b) O regalo de animais de compañía como recompensa ou premio en eventos ou atraccións públicas.

c) A exhibición dos animais de compañía destinados á venda en escaparates ou zonas expostas á vía pública ou a modo de reclamo comercial.

d) Non manter os animais en condicións hixiénico-sanitarias axeitadas e/ou non someter os animais aos recoñecementos veterinarios precisos.

e) Manter os animais en instalacións que non reúnan os requisitos previstos no artigo 9.e).

f) Non facilitar aos animais a alimentación e bebida abondas e axeitadas ás súas necesidades, agás por prescrición veterinaria, salvo que o prexuízo para o animal sexa grave ou moi grave. De se producir un dano para o animal grave ou moi grave, esta conduta cualificarase como un suposto de maltrato tipificado nos artigos 39.a) ou 40.a) segundo as consecuencias que diso deriven.

g) Exercer a venda de animais domésticos fóra dos establecementos legalmente autorizados.

h) (Sen contido).

i) Transportar animais en condicións inaxeitadas ou en maleteiros que non estean especialmente adaptados, incumprindo as obrigas previstas no artigo 11 desta lei, sempre que os animais non sufran danos. De se producir danos no animal, esta infracción cualificarase como infracción grave tipificada no artigo 39.k).

j) A non recollida inmediata dos excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública.

k) Alimentar os animais vagabundos ou extraviados nas vías públicas sen contar coa correspondente autorización municipal, **agás situacións que poidan comprometer o benestar dos animais.**

l) Non adoptar as medidas necesarias para impedir que o animal poida acceder libremente ás vías ou aos espazos públicos ou privados, así como non impedir o libre acceso do animal a outros animais ou o contacto sen permiso con persoas

ou cousas, e así mesmo non impedir a entrada do animal en recintos ou lugares non autorizados.

m) Manter no mesmo recinto ou en vivenda privada máis de cinco animais, incumprindo os requisitos do artigo 21.2.

n) Non manter actualizados os datos comunicados aos rexistros obrigatorios previstos nesta lei.

ñ) Non contar coa formación necesaria para o manexo e a atención dos animais aloxados nos centros de cría, venda e importación de animais.

o) Calquera outra actuación que supoña un incumprimento das obrigas establecidas nesta lei ou vulneración das prohibicións previstas nela e que non estea tipificada como infracción grave ou moi grave.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.

Emenda nº60, ao apartado h), de Substitución.

Débese substituír o texto desta alínea polo seguinte:

h) Empregar animais para desempeñar traballos contravindo o establecido no artigo 9.f), utilizalos como reclamo en calquera actividade ambulante ou o seu uso en atraccións feirais e outras asimilables.

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 39. *Infraccións graves*

Teñen a consideración de infraccións administrativas graves as seguintes:
a) O maltrato aos animais que lles cause dor, sufrimento, lesións ou danos non invalidantes nin irreversibles.
b) Non proporcionar aos animais os tratamentos necesarios para evitar o seu sufrimento.
c) A non identificación dos animais, cando esta sexa obrigatoria conforme o previsto nesta lei.
d) A utilización de calquera mecanismo ou utensilio que, destinado a limitar ou empecer a mobilidade dos animais, lles produza dor, danos, sufrimento, menoscabo ou estrés innecesario, en especial os que lles impidan manter a cabeza na posición natural, agás prescrición veterinaria, **ou manter os animais da especie canina atados de forma permanente ou limitarlles os movementos que son necesarios durante a maior parte do día, e** o emprego de instrumentos ou métodos daniños de suxeición, retención ou educación, como os colares eléctricos que produzan descargas.
e) Levar animais atados a vehículos con motor en marcha.
f) Non adoptar as medidas necesarias para evitar a reprodución incontrolada dos animais, consonte o previsto no artigo 21 desta lei.
g) (Sen contido).
h) O abandono dos animais de compañía, nos termos previstos no artigo 4.7 desta lei.
i) A venda reiterada de animais domésticos fóra dos establecementos legalmente autorizados. Enténdese por venda reiterada o feito dunha persoa ter sido denunciada pola comisión desta infracción ata en dúas ocasións no prazo dun ano.
j) A venda de animais silvestres mantidos en catividade fóra dos establecementos autorizados.
k) O incumprimento das obrigas establecidas no artigo 10 para os establecementos e no artigo 14 para os eventos con animais de compañía, excepto o establecido como infracción moi grave no artigo 40.c) seguinte, e o transporte inaxeitado de animais de compañía incumprindo as obrigas previstas no artigo 11 desta lei, sempre que os animais sufran danos.
l) A utilización dos animais en traballos que os inmobilicen causándolles dor.
ll) A venda de animais enfermos ou con defectos coñecidos pola parte vendedora, agás o disposto no artigo 40.d).

m) A cría con fins comerciais ou a comercialización de animais sen cumprir os requisitos previstos no artigo 13 desta lei.
n) A recollida de animais vagabundos ou extraviados sen a correspondente autorización, **agás os supostos previstos no artigo 22.5 bis.**
ñ) A cesión en adopción de animais abandonados sen cumprir os requisitos establecidos nesta lei.
o) (Sen contido).
p) Ser titular dun establecemento dos previstos no artigo 10 sen posuír as autorizacións administrativas previstas nel.
q) Non ter subscrito o seguro de responsabilidade civil no suposto previsto no artigo 17 desta lei.
r) A negativa ou resistencia a subministrar datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades competentes, ou os seus axentes, co fin de cumprir as funcións establecidas nesta lei, así como a subministración intencionada de información inexacta ou de documentación falsa.
r bis) Empregar animais para desempeñar traballos contravindo o establecido no artigo 9.f), utilizalos como reclamo na mendicidade ou en calquera outra actividade ambulante, ou o seu uso en atraccións feirais e outras asimilables, agás autorización da autoridade competente.
s) A comisión dunha infracción administrativa leve cando no prazo dun ano o suxeito fose sancionado por unha ou máis infraccións leves e a resolución ou as resolucións sancionadoras resultasen firmes na vía administrativa.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº44, ao apartado d), de Modificación.

Débese modificar a alínea d) do artigo 39, que quedará redactada co seguinte contido:
"d) A utilización de calquera mecanismo ou utensilio que limite ou empeza a mobilidade dos animais, podendo producirlles dor, danos, sufrimentos, menoscabo ou tensión innecesarios, tales como o emprego de instrumentos ou métodos daniños de suxeición, retención ou educación como as cadeas, os cables ou as cordaxes, os colares eléctricos que produzan descargas, os de afogo e os de pinchos."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 40. *Infraccións moi graves*

Teñen a consideración de infraccións moi graves as seguintes:
a) O maltrato aos animais que lles cause a morte ou lles provoque lesións ou danos invalidantes ou irreversibles.
b) A manipulación da identificación dos animais de compañía en todos os supostos.
c) A organización e realización de pelexas, festas, espectáculos ou calquera outra actividade que leve consigo malos tratos, crueldade ou sufrimento.
d) A venda de animais con doenza infecto-contaxiosa coñecida pola parte vendedora.
e) A mutilación dos animais sen prescrición e control veterinario, a esterilización e intervención cirúrxica de animais non efectuadas por unha ou un profesional veterinario.
f) A subministración de estimulantes non autorizados ou de substancias que poidan atentar contra a saúde dos animais de compañía, agás prescrición veterinaria.
g) A contravención da orde de inmobilización dos animais acordada polas autoridades competentes.
h) A obstaculización do cumprimento das medidas provisionais.
i) Educar os animais de forma agresiva, estresante ou violenta, así como instigalos ou preparalos para pelexas ou ataques nos termos sinalados no artigo 9.q) desta lei.
j) Non tomar as medidas necesarias para evitar que os animais causen danos á saúde pública ou animal ou á seguridade pública.
k) Disparar intencionadamente contra os animais, agás nos supostos establecidos no artigo 15.
l) A práctica da eutanasia dos animais vulnerando o disposto no artigo 15 desta lei.
ll) O emprego e a tenza de animais de especies silvestres nos circos.
m) A comisión dunha infracción administrativa grave cando no prazo dun ano o mesmo suxeito fose sancionado pola comisión dunha ou varias infraccións graves e a resolución ou as resolucións sancionadoras resultasen firmes na vía administrativa.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº27, ao apartado II), de Supresión.

Suprimir na alínea ll) o seguinte : “de especies silvestres”.

_____

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº46, ao apartado m bis), de Adición.

Débese engadir unha nova alínea no artigo 40 ,que quedará redactada co seguinte contido:
"m *bis*) O tiro ao pombiño e actividades semellantes."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Sancións

Artigo 41. *Sancións pecuniarias*

1. As infraccións administrativas tipificadas no capítulo anterior serán obxecto das seguintes sancións:
a) As infraccións leves, apercibimento ou sanción económica de 100 a 500 euros.
b) As graves, con multas de 501 a 5.000 euros.
c) As moi graves, con multas de 5.001 a 30.000 euros.
2. Cando, como consecuencia da comisión da infracción, a persoa infractora obteña un beneficio cuantificable, poderá superarse o límite superior das multas previstas no punto anterior ata acadar a contía do beneficio obtido.
3. Os ingresos procedentes das sancións impostas polos órganos competentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia pola comisión das infraccións tipificadas nesta lei deberanse destinar a actuacións que teñan por obxecto o fomento da protección dos animais.
4. A corrección da situación creada pola comisión dunha infracción grave ou moi grave efectuada en calquera momento anterior á finalización do procedemento administrativo sancionador determinará a aplicación da sanción no grao medio da escala correspondente ás infraccións de gravidade inmediatamente inferior.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 42. *Sancións accesorias*

O órgano competente para resolver poderá impoñer, ademais das multas indicadas no artigo anterior, as sancións accesorias seguintes:

1. O comiso dos animais, no caso da comisión de infraccións graves e moi graves.
2. O pechamento dos establecementos previstos no artigo 10 desta lei para a realización da mesma actividade no exercicio da cal se cometeu a infracción que se sanciona. Este pechamento terá un período de duración de entre un a cinco anos para as infraccións graves e de cinco ata dez anos ou o pechamento definitivo para as infracción moi graves.
3. A prohibición temporal do exercicio dalgunha das actividades reguladas por esta lei no exercicio da cal se cometeu a infracción, por un período de entre un e cinco anos para as infraccións graves e de cinco a dez anos, ou a prohibición definitiva, para as infraccións moi graves.
4. A prohibición para a tenza de animais de compañía por un período de entre un e cinco anos para as infraccións graves e de cinco ata dez anos para as moi graves.
5. A perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas en materia de protección animal por un período de entre un e cinco anos para as infraccións graves e de cinco ata dez anos, ou definitivamente, para as infraccións moi graves.
6. A retirada do recoñecemento de entidade colaboradora, pola comisión de infraccións graves ou moi graves.
7. A baixa nos rexistros previstos no articulado desta lei.
8. A revogación ou a retirada das licenzas, acreditacións ou autorizacións outorgadas ao abeiro desta lei, pola comisión de infraccións graves ou moi graves.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 43. *Graduación das sancións*

1. A imposición das sancións previstas nesta lei graduarase de conformidade co previsto no artigo 29.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, tendo en conta ademais os seguintes criterios:
a) A transcendencia social ou sanitaria e a natureza do prexuízo causado pola infracción.
b) O ánimo de lucro e a contía do beneficio económico obtido na comisión da infracción.
c) O asañamento ou o grao de crueldade na comisión da infracción.
d) A reincidencia, pola comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme na vía administrativa. Se concorre a reincidencia, a sanción pecuniaria que se debe impoñer incrementarase nun 50 por cento da contía máxima prevista da escala correspondente ao tipo infractor.
e) A intencionalidade.
f) A realización de actos para ocultar o seu descubrimento.
g) A agrupación e organización para a comisión da infracción.
h) O número de animais afectados.
2. As infraccións administrativas cometidas por persoas que, polo seu cargo ou función, están obrigadas a facerlles cumprir aos demais os preceptos desta lei serán sancionadas, sen prexuízo das demais responsabilidades que poidan concorrer, con multa da contía máxima da escala do artigo 41.1 correspondente ao tipo de infracción de que se trate.
3. No suposto de que uns mesmos feitos sexan constitutivos de dúas ou máis infraccións administrativas das previstas nesta lei impoñerase a sanción correspondente á infracción de maior gravidade, que se graduará atendendo a cualificación e o número de infraccións concorrentes.
4. As sancións que se impoñan aos distintos responsables dunha mesma infracción terán entre si carácter independente.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO III

Medidas provisionais

Artigo 44. *Medidas provisionais*

1. Previamente á incoación dun procedemento administrativo sancionador ou ben durante a súa tramitación, o órgano competente poderá acordar motivadamente as medidas provisionais que estime necesarias para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer, de conformidade coa normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. As medidas provisionais poderán consistir en:
a) O comiso ou a retirada dos animais obxecto de protección, sempre que existan indicios de infracción das disposicións desta lei que así o aconsellen.
b) A clausura ou o pechamento de establecementos e instalacións, así como a suspensión ou paralización de actividades que non conten coas preceptivas autorizacións ou rexistros, ata que non sexan reparados os defectos observados ou se cumpran os requisitos exixidos polas razóns de protección e benestar animal.
c) A revogación de licenzas e autorizacións.
d) A confiscación dos elementos e efectos empregados para a comisión da presunta infracción.
3. As medidas provisionais adoptaranse tendo en conta o principio de proporcionalidade e os obxectivos que se pretenden garantir coa súa adopción.
4. As medidas adoptadas con anterioridade ao inicio do procedemento deberán ser confirmadas, modificadas ou recollidas no acordo do inicio do procedemento sancionador, que se ditará dentro dos quince días seguintes á adopción das medidas provisionais. Estas medidas quedarán sen efecto de non se iniciar o procedemento no devandito prazo ou de o acordo de iniciación non conter un pronunciamento expreso sobre elas.
5. As medidas provisionais manteranse mentres persistan as causas que motivaron a súa adopción. En todo caso, extinguiranse cando cause efectos a resolución administrativa que poña fin ao procedemento correspondente.
6. Se o depósito prolongado dos animais procedentes de retiradas cautelares pode ser perigoso para a súa supervivencia ou comportarlles sufrimentos innecesarios, a

consellaría ou o concello competente poderá decidir sobre o destino **deles** antes da resolución do correspondente procedemento sancionador, **que será prioritariamente a adopción ou a acollida no caso dos cans e gatos.**

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 45. *Reposición da situación alterada e reparación dos gastos, danos e perdas*

As sancións que se poidan impoñer á persoa infractora son compatibles coa exixencia de reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados que se determine na resolución sancionadora. Neste sentido, a persoa infractora deberá aboar a totalidade dos gastos derivados da comisión da infracción e, en especial, os xerados pola recollida, o mantemento e os tratamentos sanitarios dos animais.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO IV

Procedemento sancionador

Artigo 46. *Competencia sancionadora*

1. O procedemento sancionador previsto nesta lei tramitarase de conformidade coa lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Corresponde aos concellos a incoación e tramitación dos procedementos incoados pola comisión de infraccións tipificadas como leves nas alíneas **c), j) e k) do artigo 38** desta lei.
3. Corresponde á consellaría competente en materia de protección animal a incoación e tramitación dos expedientes sancionadores no caso das restantes infraccións cualificadas como leves e polas infraccións cualificadas como graves e moi graves. A incoación e a instrución destes expedientes sancionadores corresponden ás xefaturas territoriais previstas no artigo 35 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, da consellaría competente en materia de protección animal.
4. A resolución do procedemento sancionador corresponderá:
a) Á persoa titular da alcaldía do concello nos procedementos incoados pola comisión de infraccións leves tipificadas nas alíneas **c), j) e k)** do artigo 38 desta lei, e ás persoas titulares das xefaturas territoriais previstas no artigo 35 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, da consellaría competente en materia de protección animal nos demais supostos de infraccións leves, agás as previstas na alínea b) seguinte.
b) Á persoa titular da dirección xeral competente en materia de protección animal nos procedementos incoados pola comisión de infraccións administrativas cualificadas como graves, así como para todas as infraccións leves e graves cometidas polos concellos.
c) Á persoa titular da consellaría competente en materia de protección animal nos procedementos incoados pola comisión de infraccións cualificadas como moi graves.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 47. *Prescrición das infraccións e sancións*

1. As infraccións administrativas leves prescribirán no prazo dun ano, as infraccións graves no prazo de dous anos e as moi graves no prazo de tres anos. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese. No caso de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo comezará a correr desde que rematase a conduta infractora.
2. As sancións administrativas impostas por infraccións leves prescribirán aos dous anos, por infraccións graves aos tres anos e por infraccións moi graves aos catro anos, contados desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou transcorrese o prazo para presentar recurso contra ela. No caso de desestimación presunta do recurso de alzada interposto contra a resolución pola que se impón a sanción, o prazo de prescrición da sanción comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo legalmente previsto para a resolución do dito recurso.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 48. *Caducidade do procedemento sancionador*

1. Nos procedementos sancionadores instruídos en aplicación desta lei deberá ditarse e notificarse a oportuna resolución no prazo máximo dun ano, contado a partir do momento en que se acordou a súa iniciación.
2. A falta de notificación da resolución á persoa interesada no devandito prazo determinará a caducidade do procedemento, agás nos supostos en que o procedemento se paralizase por causas imputables ás persoas interesados ou se acordase a súa suspensión nos casos previstos no artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o que interromperá o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.
3. Ao se iniciar un procedemento sancionador, de os feitos poderen ser presuntamente constitutivos de delito ou falta, poñerase en coñecemento do Ministerio Fiscal, con remisión do actuado. En aplicación do principio de *non bis in idem*, a instrución de causa penal perante os tribunais de xustiza suspenderá a tramitación do expediente administrativo sancionador que fose incoado polos mesmos feitos.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 49. *Publicidade das sancións*

1. O órgano competente para resolver o procedemento sancionador poderá acordar por razón de exemplaridade que se dea publicidade ás sancións impostas pola comisión de infraccións graves ou moi graves, cando a especial transcendencia social, sanitaria ou a natureza do prexuízo causado, o asañamento ou grao de crueldade ou o número de animais afectados motiven a adopción de tal medida. A publicidade destas sancións requirirá que as devanditas sancións adquiran firmeza na vía xudicial.
2. A publicidade das sancións efectuarase no *Diario Oficial de Galicia*, facéndose indicación expresa na publicación das persoas físicas ou xurídicas responsables e das infraccións cometidas.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº48, de Supresión.

Débese suprimir o artigo 49.

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional primeira. *Prazos de resolución dos procedementos de outorgamento de autorización dos establecementos previstos no artigo 10*

A resolución expresa dos procedementos administrativos relativos á solicitude de outorgamento das autorizacións dos establecementos do artigo 10 deberá ser notificada no prazo máximo de seis meses desde a data en que a solicitude teña entrada no rexistro.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional segunda. *Efecto desestimatorio do silencio*

Nos procedementos administrativos relativos ás solicitudes que se indican a seguir, logo de vencer o prazo establecido sen se ter notificado resolución expresa, as persoas interesadas poden entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo:
— Nas solicitudes de autorización dos establecementos do artigo 10 desta lei.
— Nas solicitudes para a declaración como entidade colaboradora da Administración das asociacións de protección e defensa dos animais.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº28, de Supresión.

Suprimir a disposición adicional segunda.

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional terceira. *Actualización do importe de multas pecuniarias*

Mediante un decreto aprobado polo Consello da Xunta de Galicia poderase proceder á actualización dos importes das sancións recollidas no artigo 41.1 desta lei.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional cuarta. *Réxime sancionador*

1. As infraccións administrativas en materia de animais potencialmente perigosos sancionaranse de conformidade coa Lei 50/1999, do 23 de decembro, coa excepción das infraccións en materia de identificación destes animais, que se sancionarán de acordo con esta lei.
2. As infraccións administrativas en materia de parques zoolóxicos sancionaranse de conformidade coa Lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos.

NON TEN EMENDAS

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº79, de Adición.

Débese engadir unha nova disposición:
Disposición adicional cuarta *quater*. *Dotación económica aos concellos*
A Xunta de Galicia deberá dispoñer de partidas presupostarias nos orzamentos para dotar economicamente as súas actuacións e as dos concellos de forma que poidan levar a cabo o establecido en todos e cada un dos artigos desta lei, e en concreto dos artigos 15.4, 22, 26, 29.4 e 34.6 e mais da disposición adicional quinta.

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria primeira. *Rexistros*

1. O Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia creado mediante o Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade, pasará a denominarse Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (Reganuz). O dito rexistro continuará a rexerse polo disposto no Decreto 153/1998, do 2 de abril, en todo o que non se opoña a esta lei, ata que entre en vigor o desenvolvemento regulamentario desta.

2. O Rexistro Xeral de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade pasará a denominarse Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía. O dito rexistro continuará a rexerse polo disposto no Decreto 153/1998, do 2 de abril, en todo o que non se opoña a esta lei, ata que entre en vigor o desenvolvemento regulamentario desta.

3. O Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e de Animais Potencialmente Perigosos regulado no Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos, pasará a denominarse Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (Regiac). O dito rexistro continuará a rexerse polo disposto no Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, en todo o que non se opoña a esta lei, ata que entre en vigor o desenvolvemento regulamentario desta.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria segunda. *Consello Galego de Protección dos Animais Domésticos e Salvaxes en Cativiade*

O Consello Galego de Protección dos Animais Domésticos e Salvaxes en Cativiade creado polo Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativiade, continuará a funcionar coa mesma composición, funcións e réxime de funcionamento previsto no dito decreto ata a publicación do desenvolvemento regulamentario do Comité Consultivo para a Protección Animal previsto no artigo 31, momento no que aquel consello quedará suprimido.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria terceira. *Establecementos de animais de compañía, adopción de animais abandonados, acollemento temporal e colonias felinas*

Os establecementos de animais de compañía obxecto de regulación deberanse adaptar aos requisitos previstos nesta lei no prazo máximo de dezaoito meses a partir da súa entrada en vigor.
Os novos requisitos e as medidas establecidas nesta norma, para a entrega en adopción dos animais abandonados, o acollemento temporal deles e a creación de colonias felinas, deberanse adoptar no prazo máximo de dezaoito meses a partir da súa entrada en vigor.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria cuarta. *Procedementos administrativos en tramitación*

1. Aos procedementos sancionadores que se encontren en tramitación á entrada en vigor desta lei seranlles aplicables as disposicións sancionadoras vixentes no momento de se produciren os feitos que constitúan infracción administrativa. As disposicións sancionadoras producirán efecto retroactivo en canto favorezan a persoa presuntamente infractora ou infractora, tanto no referido á tipificación da infracción coma á sanción e aos seus prazos de prescrición, incluso respecto das sancións pendentes de cumprimento á entrada en vigor desta lei.

2. O resto de procedementos administrativos en tramitación á entrada en vigor desta lei tramitaranse pola normativa vixente baixo a que iniciaron a súa tramitación.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº80, de Adición.

Disposición transitoria cuarta *bis. Observatorio de avaliación do uso de animais domésticos en circos*

A Xunta creará, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor da disposición, un observatorio do uso de animais domésticos en circos, no que estean representados os eidos científico e académico da etoloxía, a veterinaria e a zooloxía, os colexios profesionais de avogados e de veterinarios e as entidades de protección dos animais.
A función do observatorio é avaliar as condicións en que se empregan animais domésticos, co fin de comprobar que son respectuosas co seu benestar, de acordo coa lexislación vixente.
Os circos que se establezan en Galicia deben facilitar o acceso aos membros do observatorio ás súas instalacións, co fin de garantir o seu traballo.
O observatorio terá que facer públicas as súas conclusións no prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta disposición. No caso de que as conclusións determinen que a utilización dalgunha especie animal non vetada con anterioridade é incompatible coas condicións de benestar, o Goberno establecerá regulamentariamente a prohibición de uso e tenza de animais en espectáculos de circo, nas mesmas condicións que as establecidas por esta lei para os animais da fauna silvestre.

_____

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº50, de Adición.

Débese engadir unha nova disposición transitoria, que quedará redactada co seguinte contido:
"Disposición transitoria cuarta *bis*
O Goberno creará un observatorio de avaliación do uso de animais domésticos nos circos, que traballará durante o tempo dun ano, contado desde a entrada en vigor desta lei, nun informe sobre as condicións en que viven os animais non silvestres empregados naqueles, de cara á posible prohibición do seu uso."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Queda derrogada a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o disposto nesta lei.
2. O Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade, permanecerá vixente no que non se opoña a esta lei, en tanto en canto non se aprobe a súa normativa de desenvolvemento.
3. O Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos permanecerá vixente no que non se opoña a esta lei.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Autorízase o Consello da Xunta para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei no prazo máximo de doce meses desde a súa entrada en vigor. O anterior enténdese sen prexuízo do desenvolvemento normativo que corresponda aos concellos no ámbito das súas competencias.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Exposición de motivos.

I

O dereito a gozar dun ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de o conservar, consagrado no artigo 45.1 da Constitución española, e a atribución da competencia exclusiva do Estado para ditar a lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades que teñen as comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección, previsto no artigo 149.1.23 do citado texto, configuran o fundamento constitucional de competencias en materia ambiental.

Neste mesmo sentido, o artigo 148.1.9 dela recolle que as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de «medio ambiente».

O artigo 27.30 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, recolle a competencia exclusiva para ditar «normas adicionais de protección do medio ambiente e da paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución».

Con fundamento no exposto, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade, alzouse como resposta normativa ante a falta dunha lexislación actualizada e integradora sobre a protección e defensa dos animais que viven no contorno humano e co obxectivo fundamental de lles dar amparo e salvagarda mediante a regulación das mínimas atencións hixiénico-sanitarias que debían recibir, así como das obrigas das súas persoas posuidoras, dos centros de recollida, dos albergues ou das instalacións para o seu mantemento temporal, co fin de garantir uns mínimos de bo trato animal.

A concienciación, oposición e reacción da cidadanía ante situacións de maltrato, tortura ou trato inaxeitado aos animais e o tempo transcorrido desde a entrada en vigor da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade, motivaron a súa modificación a través da Lei 8/2014, do 26 de setembro. A través desta modificación procedeuse, entre outras cuestións, a incrementar o importe das sancións previstas, polo efecto disuasorio que este implica, e tras a constatación de que o maltrato dos animais diminuía naquelas comunidades autónomas cunha normativa sancionadora máis actualizada.

Cómpre agora dar un paso máis alá na mellora e actualización da defensa, o benestar e a protección dos animais, toda vez

que é constatable a persistencia de maltrato aos animais, polo que desde os poderes públicos é obrigado responder con contundencia fronte a estas condutas reprobables.

Por outra banda, é necesario dar un papel significativo nesta materia ao labor educativo e de sensibilización á cidadanía de que maltratar non significa só violencia extrema, senón que abrangue actuacións máis habituais do desexable, tales como someter os animais a condicións hixiénicas e sanitarias moi cuestionables e o seu emprego en espectáculos prohibidos ou noutros nos que non se cumpren unhas mínimas condicións de benestar.

A pesar do importante labor que están a realizar os cada vez máis presentes colectivos e asociacións protectoras de animais, a problemática do maltrato continúa no noso territorio, polo que resulta preciso combinar a disuasión que supón a imposición de fortes sancións administrativas co exercicio proactivo da sensibilización e concienciación, a través do impulso e da cooperación nas campañas de sensibilización que organicen os devanditos colectivos e asociacións.

Así, esta lei potencia e facilita a adopción dos animais abandonados que se atopen nos centros de recollida, e mesmo o seu acollemento temporal, e preverase a súa eutanasia unicamente naqueles casos prescritos e realizados por unha facultativa ou un facultativo veterinario, nos supostos e nas condicións establecidas na parte dispositiva da lei.

Por outro lado, atópase a situación daqueles animais que si son obxecto dun trato apropiado, mais respecto dos cales han de establecerse hai que establecer as normas necesarias para que a convivencia cidadá e cos animais, e no que atinxe principalmente os de compañía, sexa cordial e fluída; normas referidas a determinadas obrigas que as persoas donas ou posuidoras deles deben cumprir, tales como a adopción das medidas necesarias para evitar as molestias e os demais danos que os seus animais poidan provocar, así como a identificación dos seus animais, entre outras.

Un animal de compañía acóllese co propósito de brindar compañía ou para gozo da persoa dona ou posuidora del. Este tipo de animais caracterízanse pola súa adaptabilidade e interacción co ser humano. Un animal de compañía pódese integrar na convivencia cunha persoa, grupo, familia ou sociedade, quen, pola súa parte, debe proporcionarlle todo o necesario para o seu desenvolvemento cotián.

Posuír un animal de compañía pode ter consecuencias positivas para a saúde, e neste punto non convén esquecer tampouco o importante labor que desenvolven, sobre todo os cans, colaborando co ser humano no ámbito policial, no rescate

de persoas, como guías das persoas invidentes, na asistencia ás persoas e mesmo no ámbito terapéutico.

Nesta liña, un animal de compañía ten que ser educado para a convivencia coas persoas, sendo esta convivencia un fenómeno social común a case todas as culturas desde hai miles de anos, e desas persoas que o incorporan á súa convivencia vai depender en exclusiva o seu benestar, converténdose este nunha responsabilidade directa delas. Cómpre, en consecuencia, regular minuciosamente as prohibicións, obrigas e responsabilidades das persoas donas e posuidoras dos animais de compañía. Neste sentido hai que destacar que esta lei incorpora especificamente a obriga de identificación sen excepción de todos os animais da especie canina, o que constituirá un elemento eficaz na loita contra o abandono e o maltrato animal, ao permitir unha máis sinxela identificación do seu dono ou dona e, en consecuencia, da persoa presuntamente infractora; así como a prohibición expresa de lles dar unha educación agresiva e a prohibición de mutilacións nos animais (orellas, rabos...) co fin de manter unhas características dun tipo racial, ou a prohibición da adquisición de animais de compañía por persoas menores de dezaseis anos.

Quen tome a decisión de incorporar un animal de compañía á súa vida é responsable da súa saúde e do seu benestar, e ten que ser consciente e asumir as obrigas e responsabilidades que iso implica, o que está directamente relacionado coa necesaria intervención das administracións públicas implicadas, ás que lles compete realizar un intenso labor de información, educación e sensibilización á cidadanía.

Esta lei establece unha regulación de mínimos sobre a tenza de animais potencialmente perigosos, respectando o disposto na normativa estatal na materia, constituída fundamentalmente pola Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos, e polo Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a dita lei, e así mesmo fixa tamén un contido mínimo sobre a protección e o benestar dos animais silvestres mantidos en catividade, dadas as súas particulares características.

Por outra banda, coa redacción da nova lei cómpre proceder á adaptación da normativa autonómica na materia de autorización ao disposto na Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, que deseña un sistema que elimina regulacións innecesarias, establece procedementos máis áxiles e minimiza as cargas administrativas, co fin de fomentar e impulsar o emprendemento e a iniciativa dos operadores económicos. Non obstante, esa pretensión non pode descoñecer as especificidades propias do relacionado co

benestar animal e os animais de compañía na súa interacción coas persoas e o medio, especialmente atendendo a preservación do benestar dos propios animais, pero tamén a saúde e seguridade das persoas, o que fai preciso configurar un réxime propio descrito nesta lei respecto da exixencia de autorización.

Esta Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia establece de xeito xenérico, nos seus artigos 10.2 e 14, os requisitos da autorización para algúns tipos de núcleos zoolóxicos e para os eventos nos que participen animais de compañía, e difire ao seu desenvolvemento regulamentario a precisión detallada da súa regulación, sen prexuízo dos requisitos mínimos fixados na lei.

O reflexo legal en prol da autorización acollía unha interpretación conciliable coas previsións da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, que se viu afectada, primeiro, pola Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e máis tarde pola Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, especialmente respecto do control administrativo, ao declarar a dita lei xenericamente o libre acceso e exercicio de todas as actividades económicas en todo o territorio nacional, coa única limitación do establecido nesa lei ao disposto na normativa da Unión Europea ou en tratados e convenios internacionais.

Malia o anterior, o mantemento do réxime de autorización é unha garantía necesaria para a apertura de determinados establecementos ou a prestación de determinados servizos, fundamentada en razóns imperiosas de saúde pública, seguridade pública, protección do ambiente e interese xeral, que en suma se constitúen nunha garantía para a cidadanía.

En definitiva, a exixencia do réxime de autorización, sometido aos principios de necesidade e proporcionalidade, dabondo motivados legalmente e con especificación da súa concorrencia, atópase circunscrita a que esas razóns non poidan salvagardarse mediante a presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación previa.

II

A lei establece tamén o correspondente réxime sancionador, no que se introducen novas infraccións administrativas en consonancia coa evolución da sensibilidade social nesta materia, recollida no propio texto normativo.

En canto á súa estrutura, a lei contén corenta e nove artigos, divididos nun título preliminar e oito títulos, catro disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O título preliminar dedícase ás disposicións xerais en relación co obxecto e o ámbito de aplicación da lei, a organización e as competencias. O título I establece as disposicións xerais que rexen para os animais de compañía. E nel regúlanse as obrigas das persoas posuidoras e propietarias de animais; os establecementos de animais; os concursos, as exposicións e os espectáculos con animais; as medidas e os controis sanitarios que cómpre adoptar respecto deles; a prohibición do seu abandono, así como a prohibición do sacrificio e a regulación da eutanasia; e, por último, unha regulación mínima dos animais potencialmente perigosos. O título II dedícase especificamente aos animais domésticos, incluíndo o relativo á recollida e ao acollemento dos animais perdidos, abandonados e vagabundos. O título III regula as especialidades dos animais silvestres mantidos en catividade, entre as que se atopan as relativas ás especies exóticas invasoras e ás especies protexidas. O título IV regula as asociacións de protección e defensa dos animais e o outorgamento da condición de entidades colaboradoras. O título V refírese á creación do Comité Consultivo para a Protección Animal. O título VI regula a divulgación, a información, a formación e a educación no relativo á protección animal. O título VII recolle a inspección, o control e a vixilancia nesta materia. E, finalmente, o título VIII establece as infraccións e sancións en materia de protección animal, así como o procedemento sancionador.

Esta lei foi obxecto de consulta e consenso coas principais asociacións protectoras de animais e ecoloxistas, coa Federación Galega de Municipios e Provincias e co Consello Galego de Colexios Veterinarios, e tamén foi posta en coñecemento dos membros do Consello Galego de Protección dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.

Emenda nº29, ao apartado I. parágrafos 5º e 6º, de Supresión.

Débese suprimir o seguinte texto da exposición de motivos, apartado I, parágrafos 5º e 6º:

"A concienciación, oposición e reacción da cidadanía ante situacións de maltrato, tortura ou trato inaxeitado aos animais e o tempo transcorrido desde a entrada en vigor da Lei 1/1993, do 13 de abril, motivaron a súa modificación a través da Lei 8/2014, do 26 de setembro.

A través desta modificación procedeuse, entre outras cuestións, a incrementar o importe das sancións previstas, polo efecto disuasorio que este implica, e tras a constatación de que

o maltrato dos animais diminuía naquelas comunidades autónomas cunha normativa sancionadora máis actualizada."

_____

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº30, ao apartado I. parágrafo 9º, de Supresión.

Débese suprimir o seguinte texto da exposición de motivos, apartado I, parágrafo 9º:
"Así, esta lei potencia e facilita a adopción dos animais abandonados que se atopen nos centros de recollida, e mesmo o seu acollemento temporal, e contemplarase a súa eutanasia unicamente naqueles casos prescritos e realizados por un facultativo veterinario/a, nos supostos e nas condicións establecidas na parte dispositiva da lei."

_____

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº53, ao apartado II. parágrafo 3º, de Supresión.

Débese suprimir o apartado II, parágrafo 3º da exposición de motivos.

_____

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia (doc. núm. 8740, 10/PPL-000007)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

2.2 8740(10/PPL-000007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Publicación da iniciativa, 112, 10.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2017 10:52
Nº Rexistro: 8740
Data envio: 08/05/2017 10:52:40.241

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei de modificación da "*Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia*.**

Exposición de motivos

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social.

Fronte a un escenario dixital que ameaza con novas discriminacións sociais e un panorama comercial cada vez máis concentrado e oligopolista de medios comerciais privados, que esixiría como contrapeso un servizo público forte e participativo, a RTVG perdeu rapidamente o seu peso e influencia social. Como exemplo, a cota de pantalla da TVG-1 afundiuse do 15,5 % do ano 2008 ao 9,3 % de 2015. É necesario traballar cara un novo concepto de RTVG. A crise de credibilidade, marca e modelo da RTVG ten que dar paso a unha nova televisión moderna, fusión da Galicia urbana coa rural, e que responda á verdadeira demanda social.

A maiores, hoxe a radiotelevisión pública galega é claro exemplo dunha manipulación sistemática. Oito anos de Goberno do Sr. Feijoo deron como resultado a falta dun mandato claro de contidos e dos duros retallos do seu financiamento. A manipulación endémica da RTVG lastra a súa calidade, impide unha xestión eficaz da mesma e desnaturaliza a súa misión democrática.

Para mudar esta situación, consideramos que a radiotelevisión pública galega deberá ter como base da súa actividade: a independencia, a estabilidade, responsabilidade, e participación da sociedade civil. Neste senso, os socialistas consideramos que é urxente tamén aumentar a participación dos traballadores e traballadoras para garantir o cumprimento dos obxectivos de independencia editorial e de calidade, para o cal cumpre poñer en marcha todos os instrumentos para garantir a independencia informativa, e a súa defensa respecto a toda presión externa, gobernamental ou privada.

Artigo Único: Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Un. Modificación do artigo 23.4, que quedará redactado co seguinte texto:

"Esgotado o mandato, a directora ou director xeral continúa no exercicio das súas funcións ata o nomeamento da nova persoa elixida para o cargo. Esta prórroga non poderá superar o prazo de seis meses sen que sexa activado o procedemento previsto no artigo 23.2"

Dous. Derrógase a Disposición transitoria terceira

Tres. Modificación da Disposición transitoria cuarta, que quedará redactado co seguinte texto.

"O procedemento de elección do director ou directora xeral da CRTVG será activado no Parlamento de Galicia no prazo improrrogable de 30 días hábiles a partir da aprobación desta lei.

A estes efectos, nese tempo, abrirase un prazo de 15 días hábiles para que os grupos parlamentarios podan formular esas propostas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2017 10:52
Nº Rexistro: 8740
Data envio: 08/05/2017 10:52:40.241

Concluído ese prazo, os candidatos ou as candidatas comparecerán ante a Comisión Permanente non lexislativa de Control da CRTVG co fin de examinar a idoneidade para o cargo, de acordo co Regulamento do Parlamento, en función previsto no artigo 14 da Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. As comparecencias substanciaranse nun prazo improrrogable de 15 días hábiles.

Unha vez rematado ese proceso, procederase á primeira votación prevista no artigo 23.2 da Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, incluíndoa na orde do día do primeiro pleno ordinario que se produza.

Catro. Adición dunha Disposición transitoria sexta. bis. Contratos Programa, que quedará redactado co seguinte texto:

"Dado o tempo transcorrido desde a aprobación do primeiro mandato marco, o primeiro contrato programa previsto no artigo 33 debería referirse ao período que se inicia en decembro de 2018.

Para o período comprendido entre a aprobación desta lei e decembro de 2018, o Consello de Administración negociará coa Xunta de Galicia un plan plurianual que incorpore os contidos previstos no artigo 33.2, da Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Cinco Adición dunha Disposición transitoria sexta. ter. Estatuto Profesional, que quedará redactado co seguinte texto:

"O Consello de Administración, de acordo co previsto nos Estatutos da Corporación CRTVG, aprobará, no prazo improrrogable de 3 meses desde a aprobación desta lei, o Estatuto Profesional previsto no artigo 36, da Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2017 10:52
Nº Rexistro: 8740
Data envio: 08/05/2017 10:52:40.241

O consello de informativos previsto no artigo 36.2, da Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, será constituído no prazo improrrogable de tres meses dende a aprobación do Estatuto Profesional"

Seis. Modificación da Disposición Final Quinta. *Autoridade Audiovisual*, que quedará redactado co seguinte texto:

"A Xunta de Galicia remitirá ao Parlamento de Galicia, no prazo improrrogable de 3 meses, dende a entrada en vigor da presente lei, un proxecto de lei que regule ou encomende as función da autoridade audiovisual. Mentres non se aprobe a norma de referencia terá a consideración de autoridade audiovisual quen ata ese momento viñese exercendo tales función"

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz

ANTECEDENTES

- Constitución Española.
-
- Estatuto de Autonomía de Galicia

- Lei 6/ 199, do 1 de setembro, do audiovisutal de Galicia

- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral do sector público autonómico de Galicia.

- Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/05/2017 10:51:54

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
29 MAI. 2017
Núm. 9581

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
29 MAI. 2017
SAÍDA
Num. 559

Conforme ao establecido no art. 123 do Regulamento do Parlamento de Galicia, achégolle o escrito que contén o criterio contrario da Xunta respecto da toma en consideración e á tramitación da *Proposición de lei de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia (núm. 8740).*

O que se achega para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Medios

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
29 MAI. 2017
ENTRADA
Num. 454

galicia

Criterio respecto da toma en consideración da Proposición de Lei 8740

Manifestamos o noso criterio contrario á toma en consideración da Proposición de lei 8740, de modificación da *Lei 09/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.*

Consideramos que esa iniciativa non mellora en absoluto a Lei vixente.

A Proposición de lei simplemente establece prazos para o desenvolvemento de determinados aspectos da Lei actual, apartados que precisan dos seus propios tempos, como así o ten posto de manifesto a experiencia dende a entrada en vigor da Lei 9/2011.

SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS
A SECRETARIA XERAL
XUNTA DE GALICIA

Sierra

Asdo.: Mª Sánchez Sierra
Secretaria Xeral de Medios

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3. Comparecencias en pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 15162(10/CPP-000033)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para presentar o Plan de prevención do suicidio en Galicia

Publicación da iniciativa, 170, 06.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 4 SET. 2017
Núm. 15162

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 SET. 2017
S A I D A
Núm. 720

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Sanidade para presentar **"o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia"**.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 16476(10/MOC-000045)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co actual modelo de prevención e extinción de incendios forestais. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 10899, publicada no BOPG n.º 136, do 28.06.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:14
Nº Rexistro: 16476
Data envio: 14/09/2017 10:14:33.557

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo,** a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 13 de setembro de 2017, sobre o modelo de prevención e extinción de incendios forestais da Xunta de Galiza [doc. núm. 10899 (10/INT-000471)].

MOCIÓN:

O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Acabar coa atomización do dispositivo de prevención e extinción de incendios e retomar o control da lacra dos lumes ao dispositivo do SPDCIF.

2. Mellorar a capacidade de extinción dos medios aéreos apostando por medios con maior capacidade de auga (curiosamente Galiza carece de helicópteros pesados e moi eficaces, con alta estabilidade en condicións de moito vento como, por exemplo, o Kamov que pode descargar ata 5000 litros de auga).

3. Incrementar a vixilancia e disuasión a través de casetas de vixilancia, pechadas a día de hoxe, e volver introducir brigadas de vixilancia móbil no servizo, substituíndo a operación centinela que é un gasto moi importante (aproximadamente 600.000€).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:14
Nº Rexistro: 16476
Data envio: 14/09/2017 10:14:33.557

4. Establecer unha mesa de análise para estudar a nova tipoloxía de lumes moito máis perigosos e complexos, como son os lumes de cuarta e quinta xeración, e lumes de tipo convectivo.

5. Crear protocolos precisos para a actuación deses tipos de lumes, moito máis perigosos e destrutivos.

6. Establecer reténs de bulldozer, tres por provincia, xa que son moi operativos tanto de día como de noite para o control de lumes de alta velocidade de propagación.

7. Aplicar unha formación especifica para os bombeiros forestais de Galiza ante a multiemerxencia das tipoloxías anteriormente especificadas.

8. Modificar o Decreto 37/2006, das listaxes de contratación, eliminando o guión para que as traballadoras e traballadores de tres meses poidan optar a cubrir vacantes e non vacantes.

9. Suprimir, das cláusulas dos contratos, as mencións ou engadidos : “a duración máxima, establécese en tres meses” e a de “apoio á campaña de verán de alto risco”

10. Solicitar a ampliación dos contratos das traballadoras e traballadores de tres a nove meses en base ao capital humano que achegan e a favorecer unha contratación digna.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:14
Nº Rexistro: 16476
Data envio: 14/09/2017 10:14:33.557

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 13/09/2017 16:09:38

Paula Quinteiro Araújo na data 13/09/2017 16:09:47

Luis Villares Naveira na data 13/09/2017 16:09:55

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 16632(10/MOC-000046)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 14385, publicada no BOPG n.º 165, do 30.08.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16632
Data envio: 14/09/2017 18:52:42.620

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **MOCIÓN** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do 13 de setembro de 2017, sobre o Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia [**10/INT-000528 (14385)].**

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

1. **Retirar o Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008 de Saúde de Galicia.**
2. **Negociar na Mesa Sectorial as retribucións e dereitos conxelados para as e os profesionais do Servizo Galego de Saúde.**
3. **Reverter a supresión das xerencias de atención primaria, así coma as xerencias comarcais, organizándoas de xeito eficiente e permitindo a descentralización da xestión.**

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16632
Data envio: 14/09/2017 18:52:42.620

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 14/09/2017 18:51:42

Luis Villares Naveira na data 14/09/2017 18:51:53

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 16666(10/MOC-000047)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 13965, publicada no BOPG n.º 165, do 30.08.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 16:51
Nº Rexistro: 16666
Data envío: 15/09/2017 16:51:43.713

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 12 de setembro de 2017 sobre a reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (doc. núm. 13965).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1ª) Retirar o Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008 do 10 de xullo de saúde de Galicia.

2ª) Conformación dun grupo de traballo con representación das organizacións políticas, sindicais, profesionais e xuntas de persoal dos hospitais, que evalúe a prestación de servizos nos hospitais comarcais, estableza as prioridades con atención ás necesidades sanitarias da poboación e elabore un informe público que permita encarar as posibilidades futuras de reforma do mapa sanitario.

Pazo do Parlamento, 15 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/09/2017 16:36:04

Julio Torrado Quintela na data 15/09/2017 16:35:46

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5. Proposicións non de lei en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 10437(10/PNP-000974)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia en relación co aumento do número de equipos de valoración e orientación (EVO) para acadar no presente ano a redución das listas de agarda para a valoración do grao de discapacidade ata, como máximo, tres meses

Publicación da iniciativa, 132, 21.06.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2017 13:14
Nº Rexistro: 10437
Data envio: 13/06/2017 13:14:09.898

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao e** do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os equipos de valoración e orientación (EVO) son equipos multidisciplinares, compostos por persoal de perfil médico/a, psicólogo/a e traballador/a social, encargados de valorar e cualificar o grao de discapacidade das persoas que o soliciten.

Dependentes das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, sitúanse na Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo.

A situación a nivel xeral é de atrasos de meses na tramitación de ditas valoracións do grao de discapacidade, sendo especialmente grave a situación da provincia de Pontevedra, con 18 meses de espera en Pontevedra.

Esta situación é estrutural e ten a súa orixe máis directa na falta de persoal, pois é insuficiente con respecto ao volume de solicitudes e, por riba, non se cobren as baixas, facéndose necesario o reforzamento dos EVO con persoal fixo.

Para intentar saír ao paso da enorme lista de agarda de milleiros de persoas para a valoración do grao de discapacidade, o SERGAS ofreceu ao seu persoal a posibilidade de participar, de xeito voluntario e remunerado, fóra de xornada laboral, nos recoñecementos do grao de discapacidade, a través dun convenio de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2017 13:14
Nº Rexistro: 10437
Data envio: 13/06/2017 13:14:09.898

colaboración coa Consellería de Política Social que os sindicatos, a día de hoxe, descoñecen.

A colaboración entre o SERGAS e Política Social para a valoración do grao de discapacidade xera moitas dúbidas a respecto da garantía de cumprimento da normativa vixente. As valoracións realízase de xeito presencial por unha equipa multidisciplinar, sexan os expedientes de tipoloxía física, psíquica ou mixta.

En cambio, a valoración por parte de médicos e médicas do SERGAS, podería realizarse mediante a historia clínica informatizada, sen valoración presencial. De facerse así, non sería legal, dado que a valoración debe ser de xeito presencial.

De facerse a valoración por parte de profesionais do SERGAS como complemento á valoración das e dos outros profesionais, ao ser aquela valoración máis áxil, atascaría as equipas, tendo que coller horas extraordinarias os e as profesionais psicólogas e traballadoras sociais. De feito, ofreceuse aos equipos aumentar horas extraordinarias para certificar estas valoracións por parte de profesionais do SERGAS.

Por outra parte, a valoración da mobilidade é presencial.

En Marea entende que os EVO cumpren unha función de servizo público esencial que debe ser reforzado no seu carácter multidisciplinar.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2017 13:14
Nº Rexistro: 10437
Data envio: 13/06/2017 13:14:09.898

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a reforzar e aumentar o número de EVO para acadar, no presente ano, a redución das listas de agarda para a valoración do grao de discapacidade até, como máximo, tres meses.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea. Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 13/06/2017 13:09:12

Luis Villares Naveira na data 13/06/2017 13:09:19

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 11240(10/PNP-001055)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para aumentar a convocatoria de concursos públicos de redacción de proxectos de arquitectura e urbanismo, así como propiciar fórmulas de participación dos profesionais novos e dos pequenos estudos

Publicación da iniciativa, 144, 12.07.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 11240
Data envío: 30/06/2017 09:21:00.095

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodriguez, Raúl Fernández Fernández** e **Patricia Vilán Lorenzo,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

En Galicia son a data de hoxe ao redor de 2.700 os arquitectos/as que traballan na comunidade de forma colexiada. No 2007 eran preto de 3.200 os/as colexiados/as. Perdeuse polo tanto un capital de profesionais, de en torno a uns cincocentos, e o que é peor, moitos dos novos marcharon de Galicia, como moitos outros galegos e galegas.

Son moitas as dificultades coas que se atopa este colectivo e o resto de axentes implicados na construción, arquitectos técnicos, técnicos topógrafos, delineantes, oficiais de obra, xefes de obra, enxeñeiros, etc..

A perda de carga de traballo, a día de hoxe en torno a un 3,43 % da existente no ano 2007, foi a principal causante da baixa colexial, imprescindible para exercer a actividade por conta propia, e a que levou a moitos e moitas á busca de oportunidades no exterior, ou ben a dedicarse a actividades de carácter transversal e alleas á súa formación.

De feito a baixa de matrícula nas carreiras técnicas da comunidade galega durante estes últimos anos ten sido continua e alarmante, poñendo incluso en perigo a pervivencia dalgunha titulación. A falla de oportunidades provoca que poucos e poucas sexan as que se formulen optar por estes estudios formativos, por outro lado, aqueles que durante anos estaban entre as formacións máis admiradas e valoradas no exterior do sistema universitario español.

O Consello Superior de Colexios de Arquitectos de España vén de facer unha serie de alegacións ao proxecto de lei do Goberno central para transpoñer directivas comunitarias pendentes en materia de contratos do

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 11240
Data envio: 30/06/2017 09:21:00.095

sector público. As 13 emendas presentadas foron apoiadas por unhas 60.000 persoas, pertencentes a varios colectivos profesionais, estudantes e cidadáns/cidadás.

Ligada ás mesmas e ao marxe da aprobación e consideración das mesmas, existe unha demanda constante deste colectivo que pasa pola petición do aumento de concursos de proxectos por parte de todas as administracións. Mediante esta fórmula de concurso público foi cómo xurdiron moitos dos máis senlleiros edificios e actuacións urbanísticas de Galicia. Son procedementos que supoñen a apertura a talentos descoñecidos, a unha aposta por unha arquitectura e/ou urbanismo de calidade e culturalmente comprometidos. Procesos de concursos nos que se consegue implicar a toda a sociedade mediante os medios de comunicación, abrindo debates necesarios e participativos que favorecen a transparencia nas decisións destes procesos de contratación.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia entende que o decaemento no uso desta fórmula de contratación, relegada a casos case anecdóticos por parte da Xunta de Galicia, non contribúe en absoluto á promoción deses novos talentos, moitas veces excluídos dos poucos concursos propostos pola carencia de experiencia, e por suposto en nada ao apoio da arquitectura e urbanismo de calidade.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 11240
Data envio: 30/06/2017 09:21:00.095

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que se:

– Comprometa a que durante este ano 2017 polo menos o 10 % dos procesos de redacción de proxectos de arquitectura e urbanismo sexan mediante a fórmula de concursos de proxectos, incrementando outro 10 % cada ano ata o ano 2020.

– Revise os criterios de procedemento de adxudicación para propiciar fórmulas de participación de profesionais novos e novas e dos pequenos estudios.

Pazo do Parlamento, 22 de xuño de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 30/06/2017 09:15:22

Noela Blanco Rodríguez na data 30/06/2017 09:15:27

Raúl Fernández Fernández na data 30/06/2017 09:15:32

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/06/2017 09:15:36

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 11240
Data envio: 30/06/2017 09:21:00.095

Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/06/2017 09:15:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 13052(10/PNP-001113)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación co proxecto de construcción dun macrocomplexo comercial e de lecer no monte comunal de Liñeiriños-Cabral

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2017 13:04
Nº Rexistro: 13052
Data envio: 24/07/2017 13:04:15.554

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** relativa ao proxecto de construción dun macrocomplexo comercial e de lecer no monte comunal de Liñeiriños-Cabral

1. No concello de Vigo existe un proxecto de construción dun macrocomplexo comercial e de lecer no monte comunal de Liñeiriños-Cabral, promovido por Eurofund Investiments. Este proxecto xerou un importante rexeitamento veciñal e un posicionamento maioritario en contra por parte da asemblea da comunidade de montes en man común da parroquia de Cabral.

En relación con este tema, existen indicios de xestión fraudulenta por parte da directiva da comunidade de montes, feitos que están sendo investigados por un xulgado vigués.

2. A xuízo do BNG existen moitas razóns para desbotar un proxecto especulativo como o denominado "Porto Cabral":

a) Ambientais: posto que a ocupación de aproximadamente 500.000 m2 de monte na parroquia de Cabral vai ter un forte impacto nun espazo de grande valor social e paisaxístico.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2017 13:04
Nº Rexistro: 13052
Data envio: 24/07/2017 13:04:15.554

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Urbanísticas: en lugar de utilizar a planificación urbanística para favorecer a especulación e a desfeita do territorio, o novo plan xeral debe promover unha ordenación racional e a protección dos usos sociais do monte.

c) Económicas: pola destrución do tecido económico local que provocan as grandes superficies comerciais, que ademais levan a maior parte dos seus beneficios para fóra de Galiza.

3. Tanto a Xunta de Galiza como o concello de Vigo teñen competencias e capacidade para desbotar o proxecto de macrocentro comercial de Liñeiriños.

O concello de Vigo aprobando un plan de ordenación municipal que protexa da especulación os valores sociais e ambientais do monte de Cabral.

A Xunta de Galiza desenvolvendo un plan sectorial de equipamentos comerciais na Galiza, co obxecto de ordenar a oferta comercial e defender o comercio local e de proximidade.

Por outra banda, a Xunta de Galiza debe velar polo funcionamento democrático e a xestión transparente das comunidades do montes, polo que ten a obriga de exercer o control sobre as decisións e a xestión económica da directiva da comunidade de montes de Cabral.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2017 13:04
Nº Rexistro: 13052
Data envio: 24/07/2017 13:04:15.554

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a:

1. Desenvolver un plan sectorial de equipamentos comerciais en Galiza e aprobar unha moratoria de dez anos na concesión de licenzas para grandes áreas comerciais no concello de Vigo.

2. Exercer o control sobre a xestión administrativa e económica da comunidade de montes en man común de Cabral.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/07/2017 12:32:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2017 13:04
Nº Rexistro: 13052
Data envio: 24/07/2017 13:04:15.554

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 24/07/2017 12:32:37

Ana Pontón Mondelo na data 24/07/2017 12:32:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/07/2017 12:32:43

Olalla Rodil Fernández na data 24/07/2017 12:32:45

Noa Presas Bergantiños na data 24/07/2017 12:32:47

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.4 15198(10/PNP-001200)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a elaboración participativa dunha proposta de plan de transporte público de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:47
Nº Rexistro: 15198
Data envio: 04/09/2017 12:47:23.688

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez adxudicados os contratos de transporte da primeira fase do Plan de Transporte Público de Galiza obsérvanse as primeiras disfuncións, aínda que as eivas provocadas pola falla de planificación, precipitación e na participación social na elaboración observaranse a medio prazo.

Un repaso ao sucedido nos derradeiros anos mostra que a Xunta de Galiza actuou a golpe de sentenza e con improvisación.

A sentenza de marzo de 2016 do Tribunal Supremo que anulaba 129 concesións de transporte público por estrada, provocou a necesidade da elaboración urxente dunha Lei de Medidas Urxentes para a Actualización do Transporte de Galiza.

A Sentencia considerou que a Resolución do 26 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se aproba o Plan de modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia, incumpría o Regulamento 13/2007 que entrara en vigor anteriormente a dita resolución.

Nesta lei incluíase a elaboración dun novo Plan de Transporte de Galiza, instrumento mediante o cal se debería establecer a ordenación dos servizos de transporte público regular de competencia da Administración Xeral da

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:47
Nº Rexistro: 15198
Data envio: 04/09/2017 12:47:23.688

Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na Comunidade Autónoma.

A Lei incluía obrigatoriedade da prestación de servizo transitoriamente e, de feito, o obxectivo da Lei xa se precisaba na súa exposición de motivos :

"*Non obstante, logo de que o Tribunal Supremo anulase a ampliación dos prazos de vixencia daquelas concesións previsto naquela lei, deberanse programar os traballos de planificación do novo sistema de transporte público para a súa licitación consonte o previsto na normativa comunitaria, sen prexuízo de apostar polo mantemento das actuacións de modernización que faciliten ao sector de transporte público responder axeitadamente ás demandas do novo mapa de servizos.....Por outra parte, logo do pronunciamento do Tribunal Supremo en relación coa ampliación de prazos das concesións que establecera a Lei 5/2009,* ***no terceiro artigo do texto articulado fíxanse as regras para garantir a continuidade da prestación dos servizos de transporte público durante o tempo preciso para o desenvolvemento dos traballos de planificación e o novo deseño de servizos,*** *facilitando o mantemento de actuacións relevantes de modernización do sector previstas naquela lei".*

O dito Plan de Transporte debe estar aprobado no prazo de 21 meses desde a entrada en vigor de dita Lei 10/2016 (entrou en vigor o 23/07/2016), garantíndose que os novos contratos de transporte se produza dentro do período transitorio que establece o Regulamento 1370/2007.

Si non era suficiente coa Lei 10/2016, só cinco meses despois o Goberno presenta, na Lei de acompañamento, un conxunto de medidas que non só van directamente contra dos fundamentos e efectos xurídicos do fallo do TS senón

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:47
Nº Rexistro: 15198
Data envio: 04/09/2017 12:47:23.688

contra do Regulamento 1370/2007 e as súas directrices de interpretación do 2014.

1.- Art. 72.2. Previsión de novos servizos de transporte incluso antes da aprobación do Plan de Transporte Público de Galicia, pero, ollo, que *"se planifiquen co obxectivo de garantir a continuidade na explotación de tráficos nos que concorran as circunstancias que prevé o artigo 5.5 do Regulamento (CE) 1370/2007, e cuxa explotación se prevea coas limitacións temporais que establece o dito precepto. Esta norma resultará de aplicación aínda cando o novo servizo supoña unha reordenación en profundidade dos servizos abandonados ou en risco de abandono, incluso coa introdución, supresión ou modificación substancial dos tráficos que neles se prevían, ou coa inclusión de novas modalidades de prestación dos servizos, como servizos baixo demanda ou servizos integrados.*

Igualmente, a Administración poderá acordar o establecemento doutros servizos, nonprevistos expresamente no Plan de Transporte Público de Galicia, que resulten coherentes coa súa planificación xeral e que se propoña implantar cunha duración temporalmente limitada, ben para a satisfacción de demandas puntuais de transporte, ben para a validación de solucións de mobilidade innovadoras, ou para a experimentación, limitada no tempo ou no territorio, de alternativas non previstas inicialmente na planificación de transporte".

É notoria a actuación incumpridora do Goberno galego nesta cuestión confirmada por sentenza, pero tamén o é que se está a facer atropelada e precipitadamente o que debeu de ser un traballo de planificación de anos co fin de dotar a Galiza dun servizo de transporte público integral e adaptado a un proxecto de país establecido.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:47
Nº Rexistro: 15198
Data envio: 04/09/2017 12:47:23.688

Isto xa é historia e non ten volta atrás pero compre tomar nota para tratar de non repetir erros.

Só quedan 10 meses para que, segundo a Lei 10/2016 de medidas urxentes para a actualización do transporte de Galiza, teña que estar aprobado o novo Plan de Transporte de Galiza.

A elaboración do novo Plan debe de contar con máis participación da sociedade a través da diversidade de actores afectados e implicados, e debe de incardinarse nun proxecto de país.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego:

1) Acorda a constitución dunha Comisión especial de estudo, ao amparo do Artigo 50 do Regulamento, para a elaboración participativa dunha proposta de Plan de Transporte Público de Galiza, que estea ao tanto da evolución dos traballos de elaboración do Plan, con comparecencias de representantes de concellos, empresas do sector, asociacións sociais, e técnicos, e que finalmente aprobe un ditame antes da aprobación do Plan de Trasporte Público de Galiza polo Consello da Xunta.

2)Insta á Xunta de Galicia a:

a) Constituír unha Mesa para o Diálogo do Transporte Público na que se inclúan cando menos representantes da Xunta de Galiza, dos sindicatos do sector, das empresas do sector, da FEGAMP, das Deputacións, das direccións de colexios e das ANPAS co obxectivo de servir como espazo de información e debate e participar na elaboración de dito Plan.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:47
Nº Rexistro: 15198
Data envio: 04/09/2017 12:47:23.688

GRUPO PARLAMENTAR en marea

b) Elaborar un informe coas principais incidencias da posta en marcha da primeira fase recentemente licitada do Plan de Transporte Público de Galiza.

c) Que remita, una vez elaborado, o Plan de Transporte Público de Galiza para que o Parlamento galego se pronuncie segundo o previsto no artigo 142 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Portavoz s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 04/09/2017 12:41:15

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.5 15393(10/PNP-001208)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 8 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego á Deputación Provincial da Coruña da creación dunha mesa de traballo cos concellos da provincia da Coruña percorridos polo Camiño inglés a Santiago de Compostela e a prolongación do Camiño de Santiago a Fisterra-Muxía para a súa mellora

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 12:37
Nº Rexistro: 15393
Data envio: 05/09/2017 12:37:37.900

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez, Paula Prado del Río** e **Diego Calvo Pouso,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Como calquera ruta, o Camiño de Santiago ten unha afectación ao territorio importante que repercute en moitas e diferentes variables: económica, social, cultural, humana, entre outras.

Os territorios polo que discorre son heteroxéneos, non só nas súas características físicas, demográficas, económicas ou sociais se non tamén na súa configuración política. Este feito supón, ao tempo unha fortaleza e unha debilidade xa que pode ser que, por diferentes razóns, non todos os territorios aborden a ruta xacobea co mesmo interese e dedicación.

Neste contexto, entendemos que a cooperación interadministrativa resulta fundamental e a vía para acadala, na nosa opinión, sería establecer una canle de traballo conxunto, coa creación dun instrumento que permita ter un foro onde as administracións públicas poidan realizar e desenvolver unha planificación conxunta e integral das necesidades da ruta tramo a tramo.

A Axencia Turismo de Galicia, dentro do Plan Director dos Camiños de Santiago aprobado en 2015, ten como unha das tarefas a realizar a creación de ferramentas que posibiliten a cooperación interadministracións e público-privada en aras de establecer unha gobernanza nos diferentes Camiños de Santiago ao seu paso por Galicia.

Xa temos exemplos no caso do Camiño Francés ou o Camiño Portugués porén quedan por desenvolver outros Camiños.

Sendo importante que todos os Camiños teñan unha figura colaborativa, esta proposta vai encamiñada a desenvolver esta ferramenta en dous camiños concretos que teñen unha singularidade especial. Por unha banda o Camiño Inglés que ten a súa orixe alén do continente europeo e doutra banda o Camiño a Fisterra-Muxía, que ten a súa orixe na meta dos Camiños: Santiago de Compostela.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 12:37
Nº Rexistro: 15393
Data envio: 05/09/2017 12:37:37.900

Así, a ruta coñecida como Camiño Inglés que recolle a herdanza das peregrinacións por mar cara as costas galegas, ten como puntos de orixe na nosa Comunidade as cidades de Ferrol e A Coruña, para unirse en Bruma (concello de Mesía), e continuar ata Compostela.

O Camiño de Fisterra-Muxía é o único que ten como punto de arranque a cidade do Apóstolo Santiago e a súa meta no Finis Terrae, o cabo de Fisterra por unha banda e o Santuario da Virxe da Barca por outra.

Dous Camiños que discorren integramente pola provincia da Coruña, polo que resultaría acaído que a Deputación Provincial da Coruña liderara un proceso de creación dunha mesa de traballo cos concellos percorridos polos Camiños, como primeiro paso para establecer un diálogo fluído coa administración autonómica e os axentes económicos e sociais que teñan interese en traballar a prol da mellora do Camiño de Santiago.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que se dirixa á Deputación Provincial de A Coruña para a creación da Mesa do Camiño de Santiago na provincia da Coruña, tal como xa foron constituídas nas outras provincias. Esta mesa establecerá logo a súa organización interna con especial atención ás rutas xacobeas que discorren integramente pola provincia da Coruña: O Camiño Inglés e a prolongación do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía".

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 12:37
Nº Rexistro: 15393
Data envio: 05/09/2017 12:37:37.900

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Pedro Puy Fraga na data 05/09/2017 12:32:50

Maria Antón Vilasánchez na data 05/09/2017 12:33:16

Moisés Blanco Paradelo na data 05/09/2017 12:33:22

María Isabel Novo Fariña na data 05/09/2017 12:33:29

Marta Novoa Iglesias na data 05/09/2017 12:33:37

Cristina Isabel Romero Fernández na data 05/09/2017 12:33:44

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 05/09/2017 12:33:53

Sandra Vázquez Dominguez na data 05/09/2017 12:34:01

Paula Prado Del Río na data 05/09/2017 12:34:12

Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 12:34:25

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.6 15416(10/PNP-001213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 3 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego da constitución dunha comisión especial para a análise do expediente orixinal correspondente á doazón do pazo de Meirás a Franco, así como a procura e presentación dos procedementos necesarios para recuperar a súa titularidade pública

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15416
Data envio: 05/09/2017 14:21:04.417

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada e dos deputados, **Concepción Burgo López, Xoaquín Fernández Leiceaga, Juan Manuel Díaz Villoslada e Luis Manuel Álvarez Martínez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno.**

Exposición de motivos

Durante os últimos meses estamos asistindo a feitos totalmente inadmisibles ao redor do Pazo de Meirás, ocupado pola familia Franco.

Por unha parte, a utilización dos Franco de toda clase de argucias para non abrir o pazo ás visitas públicas, tal como é súa obriga porque o edificio ten a consideración de BIC, por outra o feito de poñer en mans da Fundación Francisco Franco, dedicada a apoloxía do ditador e do seu goberno, a xestión das visitas facendo declaracións provocadoras que atacan á dignidade das vítimas do franquismo, fai que teñamos claro que hai que tomar medidas en defensa da democracia e das vítimas.

Tamén en sucesivas declaracións, a Fundación Francisco Franco alterou gravemente a historia de como chegou a mans do ditador e da súa familia o Pazo de Meirás, antes propiedade de dona Emilia Pardo Bazán, negando as evidencias da múltiple documentación histórica existente.

O pazo non foi unha doazón do pobo galego a Franco. É cientificamente demostrable que chegou a súas mans a través de espolios continuados, ben planificados polas elites do novo réxime que se estaba formando a raíz do golpe de estado que terminou ca legalidade da República. Coaccións, ameazas, requisas dos soldos de funcionarios, expropiacións forzosas...todo isto fai que a doazón sexa un acto ilexítimo.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15416
Data envio: 05/09/2017 14:21:04.417

Os socialistas consideramos que a propiedade do Pazo de Meirás pola familia Franco é ilexítima e non debe continuar. Máis aló das provocacións da familia e da Fundación, máis aló dos incumprimentos das visitas, consideramos que o máis importante neste momento é conseguir subsanar esta inxustiza e ilegalidade conseguindo que o Pazo de Meirás pase a titularidade pública.

Consideramos unha clara anomalía histórica e democrática que a familia do ditador sega a desfrutar do pazo 80 anos despois da súa toma de posesión ilexítima, e 42 anos despois da morte de Franco, anomalía que debe rematar.

Por iso é necesario buscar xa, entre todos e co máximo consenso posible, as fórmulas que permitan o paso da titularidade do Pazo ao pobo galego, tendo en conta toda a lexislación e xurisprudencia internacional e os casos similares europeos de devolucións de propiedades subtraídas ilexitimamente. E consideramos que si ca lexislación actual non é posible a reversión da titularidade do Pazo de Meirás, é necesario poñer en marcha todos os cambios lexislativos para conseguir este fin.

Debemos atopar entre todos a maneira de facer xustiza e rematar con esta anomalía democrática que sigue sendo un insulto permanente as vítimas do franquismo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a promover a constitución dunha comisión especial que, liderada polo Goberno galego, inclúa cando menos a Deputación da Coruña, ao concello da Coruña e ao concello de Sada, ademais de outras institucións que os integrantes da dita comisión consideren necesario.

Esta comisión terá a labor de analizar a fondo o expediente orixinal de doazón da propiedade do Pazo de Meirás a Franco e atopar e presentar os procedementos necesarios para recuperar a titularidade pública do pazo, tendo en conta a nosa lexislación pero tamén a lexislación e xurisprudencia internacionais e os casos similares europeos de devolucións de propiedades subtraídas ilexitimamente.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15416
Data envio: 05/09/2017 14:21:04.417

En caso de que tecnicamente non atopen procedementos para conseguir a devolución da titularidade ao pobo galego, estará encargada de propoñer todos os cambios lexislativos necesarios para chegar a dito fin.”

Pazo do Parlamento, 5 de setembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 05/09/2017 14:19:48

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/09/2017 14:19:56

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 05/09/2017 14:20:06

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 05/09/2017 14:20:12

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.7 16054(10/PNP-001240)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 15 máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia, en colaboración coas universidades galegas, dun estudo xurídico da posibilidade e mecanismos que permitan, respectando a legalidade vixente, incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, coñecidas como Pazo de Meirás, sen custo para a cidadanía galega. (Procedemento de urxencia)

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 174, 13.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 17:36
Nº Rexistro: 16054
Data envio: 11/09/2017 17:36:04.934

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Pedro Puy Fraga, Miguel Tellado Filgueira, Paula Prado del Río, Marta Rodríguez Arias, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Carlos López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e Soraya Salorio Porral** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno,** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada polas últimas actuacións dos propietarios do Pazo de Meirás, declarado Ben de Interese Cultural, desatendendo as súas obrigas legais.

Exposición de motivos:

No ano 2008, e á vista dos informes emitidos polo Consello da Cultura Galega e a Real Academia de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, a Xunta declarou as Torres de Meirás, máis coñecidas como Pazo de Meirás, Ben de Interese Cultural (B.I.C.), coa categoría de sitio histórico (Decreto 299/2008, do 30 de decembro, D.O.G. de 21 de xaneiro).

Como recolle literalmente dito Decreto, os anteditos organismos valoraron a oportunidade da declaración das Torres de Meirás como B.I.C. pola "súa destacada importancia como lugar de memoria, reflexo dun pasado burgués, cosmopolita, nobiliario e político, indubidablemente asociado con dúas personalidades históricas de gran notoriedade: a eminente escritora galega Emilia Pardo Bazán, unha das máis salientables representantes españolas do naturalismo literario, e a figura de Francisco Franco, xefe do Estado español durante 40 anos".

As Torres de Meirás, "fantasía persoal de Emilia Pardo Bazán, un soño ou recreación arquitectónica que está moi unida a súa figura e personalidade e que é, incluso, soporte das súas ficcións literarias", foi transmitida gratuitamente en 1938 a Francisco

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 17:36
Nº Rexistro: 16054
Data envio: 11/09/2017 17:36:04.934

Franco, quen o aceptou en plena Guerra Civil como "regalo" e para convertelo na súa residencia veraniega.

Contradicindo á propaganda oficial da época, a historiografía contemporánea ten atopado documentos que indican que a cesión de recursos e propiedades non foi o resultado da acción voluntaria da cidadanía da provincia da Coruña senón da presión de falanxistas e autoridades franquistas da época no contexto social de 1938.

Como resultado da forma xurídica de negocio privado e entre particulares (a pesares da demostrada intervención de organismos públicos, como a propia Deputación Provincial coruñesa, na operación de compra e posterior doazón) coa que se materializou a adquisición por parte de Francisco Franco, na actualidade a propiedade permanece no patrimonio dos seus herdeiros.

Herdeiros que, primeiro, trataron de evitar xudicialmente a declaración pública das Torres de Meirás como B.I.C. e que desde que dita declaración é firme teñen sido obxecto de múltiples críticas derivadas da dificultade que existe para que a cidadanía poda acceder ás Torres como prevé a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia. Un incumprimento da normativa que ten levado á Xunta de Galicia a sancionar aos propietarios trala instrución do correspondente expediente administrativo.

Adicionalmente, os propietarios das Torres teñen delegado a xestión das visitas nunha Fundación, a Fundación Nacional Francisco Franco, que, contradecindo a finalidade legal e os obxetivos da apertura dun BIC ao acceso público, ten proclamado públicamente a sua intención de transformar a visita a un edificio de evidente interese cultural nun intento, nas súas propias verbas, de "mostrar al gran público la grandeza de la figura de Francisco Franco". Unha intención de máis que dubidoso encaixe na vixente legalidade democrática a expensas do que, no seu caso, poidan establecer os tribunais de xustiza.

O valor histórico e cultural das Torres de Meirás; o seu elevado carácter simbólico; o incumprimento da normativa de acceso aos BIC; as circunstancias que fixeron posible a súa adquisición a título privado polo Xefe de Estado dunha Ditadura que durou 40 anos; asi como a declarada intencionalidade de converter as visitas públicas ao Pazo nunha homenaxe a Franco fan necesario plantexarse a incorporación das Torres de Meirás ao patrimonio público, sempre respectando a legalidade vixente.

Unha incorporación que podería materializarse máis sinxelamente, en primeiro lugar, se os titulares da propiedade fixesen algo tan simple como asumir os estándares

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 17:36
Nº Rexistro: 16054
Data envio: 11/09/2017 17:36:04.934

actuais aplicados ás doazóns de bens ao Xefe de Estado de España ou a calquera outra autoridade pública: son inmediatamente incorporados ao patrimonio público. Existen diversas formas xurídicas coas que materializar esta operación de cesión ao patrimonio público, para o que só sería necesario a favorable predisposición duns propietarios que, ata o momento e por varias canles, non a teñen manifestado.

Por elo, e tendo en conta todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta de Galicia a realizar un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, que analice a posibilidade e mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans dos herdeiros legais de Francisco Franco, xefe do Estado español durante os 40 anos da Ditadura, e sen que dita incorporación ao patrimonio público implique un novo custo para o pobo de Galicia, que xa o asumíu no ano 1938".

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 11/09/2017 17:31:02

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 11/09/2017 17:31:08

Paula Prado Del Río na data 11/09/2017 17:31:28

Marta Rodriguez Arias na data 11/09/2017 17:31:47

Alberto Pazos Couñago na data 11/09/2017 17:32:06

Jacobo Moreira Ferro na data 11/09/2017 17:32:17

Antonio Mouriño Villar na data 11/09/2017 17:32:31

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 17:36
Nº Rexistro: 16054
Data envio: 11/09/2017 17:36:04.934

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

María Isabel Novo Fariña na data 11/09/2017 17:32:41

María Julia Rodriguez Barreira na data 11/09/2017 17:32:50

César Manuel Fernández Gil na data 11/09/2017 17:33:03

Carlos Enrique López Crespo na data 11/09/2017 17:33:11

Teresa Egerique Mosquera na data 11/09/2017 17:33:22

Maria Antón Vilasánchez na data 11/09/2017 17:33:37

Carlos Gómez Salgado na data 11/09/2017 17:33:44

Moisés Rodríguez Pérez na data 11/09/2017 17:33:55

María Soraya Salorio Porral na data 11/09/2017 17:34:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.8 15666(10/PNP-001223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación en que se atopan as autoescolas de Galicia a consecuencia do conflito laboral do persoal examinador de tráfico.

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15666
Data envio: 07/09/2017 11:28:03.614

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á situación límite de moitas autoescolas galegas diante da falta de persoal examinador e ás actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para paliar o seu impacto económico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde finais de xuño o colectivo de examinadores e examinadoras, diante da falta de acordo coa Dirección Xeral de Tráfico levan desenvolvido diferentes folgas sen achegarse por parte do Estado ningunha proposta firme de achegamento e salientando a falta de implicación da Xunta de Galiza para interceder no conflito.

Durante o mes de xullo, persoal das autoescolas iniciaron mobilizacións para denunciar unha situación límite. Por exemplo, o día 18 de xullo máis de 30 autoescolas da provincia de Ourense tomaron as rúas da cidade para esixir unha solución para un conflito que os afecta de forma directa. Segundo os seus cálculo, só en Ourense as repercusións económicas diante da falta de exames e

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15666
Data envio: 07/09/2017 11:28:03.614

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

perda de alumnado pode afectar de forma directa a máis de 200 familias e supoñer o peche de moitas autoescolas, especialmente aquelas das pequenas e medianas vilas.

O pasado 4 de setembro, o colectivo de examinadores e examinadoras retomaron a folga parcial, que supuxo un cen por cen do seguimento en todas as grandes cidades do territorio agás A Coruña e Pontevedra. Continúa, polo tanto, unha situación que ten consecuencias importantes para moitas pequenas e medianas empresas do noso país, para moitos galegos e galegas pendentes de se examinar e sacar adiante a obtención do carné de conducir e tamén incerteza para moitos e moitas profesionais do colectivo examinador que continúan loitando polos seus dereitos malia a falta de diálogo do goberno central. Ademais, esta situación evidencia a irracionalidade de non termos en Galiza a transferencia das competencias en materia de tráfico e seguranza viaria e seguranza pública.

Cómpre, polo tanto, que a Xunta de Galiza avalíe o seu impacto económico e leve a cabo iniciativas para palialo e para mellorar a xestión global do tráfico no noso país.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15666
Data envio: 07/09/2017 11:28:03.614

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- avaliar, en diálogo cos sectores afectados, o impacto da crise derivada dos conflitos coa Dirección Xeral de Tráfico e a necesidade de impulsar medidas fiscais e económicas para evitar o peche de pequenas e medianas empresas e o despedimento de traballadores e traballadoras.

- dirixirse ao Goberno Central para demandarlle a atención e negociación cos traballadores e traballadoras do persoal examinador de tráfico de cara a buscar un consenso.

- demandar do Goberno central a transferencia das competencias en materia de tráfico e seguranza viaria e seguranza pública.”

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Luis Bará Torres
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15666
Data envio: 07/09/2017 11:28:03.614

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/09/2017 11:27:15

María Montserrat Prado Cores na data 07/09/2017 11:27:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/09/2017 11:27:26

Olalla Rodil Fernández na data 07/09/2017 11:27:27

Xosé Luis Bará Torres na data 07/09/2017 11:27:29

Ana Pontón Mondelo na data 07/09/2017 11:27:35

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 15065(10/INT-000543)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a política do Goberno galego en relación coa regulación do sector eólico

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 12:25
Nº Rexistro: 15065
Data envio: 01/09/2017 12:25:25.256

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN.**

Está actualmente en tramitación administrativa un parque eólico en Pena Forcada, concello de Laxe, que contará con 3 aeroxeneradores de 3 MW de potencia unitaria e 151 metros de altura total; un concello que ata o de agora estaba libre dese tipo de instalacións.

A mellora da tecnoloxía eólica fai que cada vez se precisen menos unidades de aeroxeneradores para instalar a mesma potencia.

Pero o feito é que na Lei 8/2009 que regula o Aproveitamento Eólico e crea o Canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, no seu artigo 15 establécese a Cota Tributaria

"Artigo 15 Tipo de gravame e cota tributaria

1. A cota tributaria vén determinada pola aplicación á base impoñible dos seguintes tipos de gravame anuais:

- En parques eólicos que dispoñan de entre 1 e 3 aeroxeneradores: 0 euros por cada unidade de aeroxenerador.
- En parques eólicos que dispoñan de entre 4 e 7 aeroxeneradores: 2.300 euros por cada unidade de aeroxenerador.
- En parques eólicos que dispoñan de entre 8 e 15 aeroxeneradores: 4.100 euros por cada unidade de aeroxenerador.
- En parques eólicos que dispoñan de máis de 15 aeroxeneradores: 5.900 euros por unidade de aeroxenerador."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 12:25
Nº Rexistro: 15065
Data envio: 01/09/2017 12:25:25.256

E, polo tanto, o Parque Eólico de Pena Forcada-Catasol II non tería que pagar nin un euro polo Canon Eólico o que fai que esta instalación non teña practicamente retorno social, mentres que si vai implicar impactos importantísimos no Concello de Laxe.

É doadamente previsible que estes casos se produzan cada vez en máis parques e débenos levar a reflexionar acerca de tomar medidas para garantir un maior retorno social das actividades que explotan os recursos naturais do país e o seu territorio, ao marxe das garantías ambientais, paisaxísticas e de patrimonio imprescindibles.

Por outra banda a Lei 24/2013 do sector eléctrico permite que este tipo de impostos si repercutan na factura da luz dos consumidores das comunidades autónomas que os apliquen.

De ser isto así en Galiza o cobro do Canón Eólico, que ten como obxectivos contribuír a regular e preservar o medio ambiente na súa consideración de ben protexido, con carácter de ingreso compensatorio e como prestación patrimonial de dereito público de natureza extrafiscal e real, pasaría a ser un sobrecuste na factura da luz para quen máis sufre eses impactos, a cidadanía galega, nunha Galiza que xa exporta aproximadamente 1 de cada 3 MW de enerxía eléctrica producida.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

1) Ten pensado modificar o artigo 15 da Lei 8/2009 pola que se regula o aproveitamento eólico e se crean o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental tendo en conta a evolución tecnolóxica do sector que fai que se reduza o número de aeroxeneradores a igual potencia, e non se rebaixe a recadación polo Canon Eólico?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 12:25
Nº Rexistro: 15065
Data envio: 01/09/2017 12:25:25.256

GRUPO PARLAMENTAR en marea

2) Que medidas ten pensado tomar para conquerir os obxectivos de preservación da paisaxe, do medio ambiente, con efectos compensatorios a través da fiscalidade sen que iso repercuta nun sobrecusto na factura da luz para os galegos e as galegas ante a posibilidade de que se impoña a repercusión do Canon Eólico aos consumidores e consumidoras?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 01/09/2017 12:23:46

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 15083(10/INT-000545)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 13:05
Nº Rexistro: 15083
Data envio: 01/09/2017 13:05:44.694

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Ás xeadas de abril, que arrasaron boa parte dos viñedos de Ourense, e a forte seca que está poñendo nunha situación crítica aos gandeiros, sumáronselles agora as fortes tormentas do pasado 27 de agosto cando o pedrazo volveu caer afectando a varias comarcas desta provincia. Ás perdas ás que terán que facer fronte os viticultores, que as organizacións agrarias calculan xa que ascenderán a máis de catorce millóns de euros, hai que engadirlle que en moitos casos este ano non terán ningún ingreso, e si un incremento dos gastos de entre un 10 e un 15 % para coidar a segunda brotación das vides tralas xeadas.

Pero a difícil situación económica para o agro da provincia de Ourense esténdese tamén á zona de montaña, onde as tres principais producións (castaña, gandería de carne e apicultura) víronse afectadas tamén este ano como consecuencia das xeadas e da forte seca.

Ante esta situación a deputada e os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Ten previsto o Goberno galego realizar un estudo das perdas ocasionadas polos danos que as extremas condicións climatolóxicas deste ano ocasionaron no agro da provincia de Ourense, ser for o caso, cando se vai levar a cabo o dito estudo?

2ª) Que medidas ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para paliar as perdas actuais e os danos a longo prazo, ocasionados polas extremas condicións climatolóxicas deste ano no agro da provincia de Ourense?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 13:05
Nº Rexistro: 15083
Data envio: 01/09/2017 13:05:44.694

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

3ª) Vai o Goberno galego poñer en marcha axudas directas por superficie para os viticultores afectados?

4ª) Ten previsto o Goberno galego a poñer en marcha axudas directas para os produtores de castaña da provincia de Ourense afectados?

5ª) Contempla o Goberno galego a posibilidade de poñer en marcha axudas directas para os apicultores da provincia de Ourense afectados?

6ª) Vai o Goberno galego poñer en marcha axudas directas para os gandeiros de Ourense afectados?

7ª) Ten previsto o Goberno galego solicitar ao de España a declaración de zona catastrófica nos concellos afectados polos devastadores efectos da sarabia?

8ª) Que medidas puxo en marcha durante este ano o Goberno galego para loitar contra a seca na provincia de Ourense?

Pazo do Parlamento 1 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 01/09/2017 13:01:14

Raúl Fernández Fernández na data 01/09/2017 13:01:22

José Antonio Quiroga Díaz na data 01/09/2017 13:01:30

Jóse Manuel Pérez Seco na data 01/09/2017 13:01:38

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 15654(10/INT-000549)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:06
Nº Rexistro: 15654
Data envio: 07/09/2017 11:06:04.582

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Luis Bará Torres**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa as demoras tanto na avaliación como na concesión das prestacións as persoas en situación de dependencia.

Coa entrada en vigor da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, recoñecíase o dereito a que as persoas maiores o con discapacidade que non puideran valerse por si mesmas, serían atendidas polas administracións públicas, garantíndolle o acceso aos servizos sociais públicos e ás prestacións económicas axeitadas ás súas necesidades.

A atención as persoas en situación de dependencia debería ser un tema de máxima prioridade para o Goberno galego. Atender ás persoas que solicitan que se lle recoñeza o dereito e a prestación que se derive do recoñecemento. Ten que ser unha prioridade rematar co "limbo da dependencia", a eliminación das listas de espera. É preciso que toda persoa que solicita unha avaliación ou teña recoñecida unha prestación a reciba de xeito real e non teórico, sen demoras de meses ou incluso anos.

Mais a realidade é que a concreción dos dereitos recoñecidos na Lei non se están a facer nin en tempo nin en forma. Falta de orzamentos e de persoal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:06
Nº Rexistro: 15654
Data envio: 07/09/2017 11:06:04.582

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

suficientes, poucos medios, trámites burocráticos excesivos, colapsos en moitos dos servizos de xestión e atención...

Isto está a xerar retrasos escandalosos na resolución dos expedientes, e como consecuencia no recoñecemento e concesión das prestacións ás que as persoas en situación de dependencia teñen dereito.

A lexislación en vigor, establece 3 meses para facer valoración de grao de dependencia, dende a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para instrución e resolución do expediente, máis outros tres meses dende a resolución de grao e nivel para facer o PIA (Proposta Individual de Atención), é dicir asignación de recurso de atención.

Está a ser sistemático o incumprimento dos prazos de resolución. Expedientes sen resolver incluso durante anos cando a lexislación establece o prazo de meses. Segundo a información da que dispón o BNG a Xunta de Galiza está a tardar en rexistrar as solicitudes de dependencia unha media de 3 meses, acelerando só emerxencias e crianzas de menos de 3 anos.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte interpelación:

-Cales son os tempos de agarda dende que entra por rexistro unha solicitude ata que efectivamente ten o recurso a persoa demandante?

-Que motiva o enorme retraso que viven miles de persoas en Galiza para desfrutar da prestación ou servizo que lle corresponde segundo a lei de dependencia?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:06
Nº Rexistro: 15654
Data envio: 07/09/2017 11:06:04.582

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cal é o número de persoas que agardan para que se materialicen as axudas que teñen recoñecidas a través da Lei de Dependencia?

-Coida que os recursos humanos destinados a este fin é suficiente?

-Substitúese á totalidade do persoal nas súas ausencias, sexan por permisos, licenzas, vacacións, baixas...? Cal é o criterio para facelo?

-Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para solucionar este problema?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:06
Nº Rexistro: 15654
Data envio: 07/09/2017 11:06:04.582

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 07/09/2017 10:56:00

Ana Pontón Mondelo na data 07/09/2017 10:56:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/09/2017 10:56:05

Olalla Rodil Fernández na data 07/09/2017 10:56:07

Noa Presas Bergantiños na data 07/09/2017 10:56:08

Xosé Luis Bará Torres na data 07/09/2017 10:56:10

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 16700(10/POPX-000049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o cumprimento do slogan electoral "Galicia Primeiro"

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 12:02
Nº Rexistro: 16700
Data envio: 18/09/2017 12:02:26.505

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Sr. Feijóo, despois de todo o que levamos visto, queda algo do seu slogan electoral "Galicia Primeiro"?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 18/09/2017 12:01:52

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 16730(10/POPX-000050)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da defensa dos intereses de Galicia bloqueados polo Goberno central

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 13:16
Nº Rexistro: 16730
Data envío: 18/09/2017 13:16:08.741

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, como ten previsto defender os intereses de Galicia bloqueados polo Goberno de España?

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2017

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/09/2017 13:15:04

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 16846(10/POPX-000051)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para darlles solucións políticas aos problemas políticos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 18:17
Nº Rexistro: 16846
Data envio: 18/09/2017 18:17:21.674

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, voceiro do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia.**

- Que vai facer para dar solucións políticas aos problemas políticos evitando que o Goberno do Estado continúe recortando dereitos fundamentais como a liberdade de expresión , manifestación e reunión?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 18/09/2017 17:57:04

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.1 14371(10/POP-001948)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as condicións para a repartición do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para o ano 2017 establecidas na Orde do 7 de xullo de 2017

Publicación da iniciativa, 165, 30.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2017 10:44
Nº Rexistro: 14371
Data envío: 21/08/2017 10:44:04.349

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia do 10 de xullo de 2017 publicouse a Orde do 7 de xullo de 2017 pola que se establecen as condicións para a repartición do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para o ano 2017.

Na súa exposición de motivos, a Xunta de Galicia establece que "O impulso de medidas incentivadoras da xestión eficaz e eficiente dos recursos públicos dos municipios galegos é un dos principais obxectivos da Xunta de Galicia, que ten como finalidade contribuír a que os concellos poidan continuar prestando os debidos servizos á cidadanía, mellorando as condicións de vida que satisfagan as súas necesidades á vez que se reducen os custos que a prestación destes servizos traslada á carga impositiva que soporta a veciñanza. Como unha das medidas máis eficaces para acadar estes obxectivos, a Xunta de Galicia pretende promover e apoiar os proxectos de fusión municipal que inicien os concellos da nosa Comunidade Autónoma".

No artigo 1. Obxecto. No seu apartado 2, establece que "O fondo adicional do Fondo de Cooperación Local para o ano 2017, dotado con 2.236.227 euros, destínase na súa totalidade a aqueles concellos resultantes ou que resulten de procesos de fusión municipal ou de incorporación voluntaria a outros concellos, tendo en conta as particularidades previstas no artigo 5. "

No artigo 2. Beneficiarios. Establece que serán beneficiarios do fondo adicional todos os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que rematasen un proceso de fusión voluntaria no último ano, así como aqueles concellos resultantes dun proceso de fusión municipal concluído nos cinco anos anteriores.

Á vista da publicación desta Orde, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2017 10:44
Nº Rexistro: 14371
Data envio: 21/08/2017 10:44:04.349

Grupo Parlamentario

Considera o Goberno galego que dos 314 concellos existentes en Galicia, só 4 (correspondentes aos concellos fusionados ou en proceso de fusión) precisan de medidas incentivadoras da xestión eficaz e eficiente dos recursos públicos dos municipios galegos?

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 17 de agosto de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/08/2017 11:45:30

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/08/2017 11:45:34

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 18/08/2017 11:45:43

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.2 14364(10/POP-001946)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o asentamento por The Navigator Company dunha base de operacións en Galicia destinada á captación de madeira de eucalipto para a fabricación de pasta de papel

Publicación da iniciativa, 165, 30.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2017 10:39
Nº Rexistro: 14364
Data envio: 21/08/2017 10:39:37.705

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao anuncio de The Navigator Company de instalar en Galicia unha base de operacións destinada ó fornecemento de materia prima.

Non corren bos tempos para o eucalipto en Portugal logo da anunciada moratoria, hai xa meses, por parte do goberno portugués.

O día 19 de xullo a Asembleia da República aprobou unha serie de medidas para limitar e reduci-la plantación de especies coma o eucalipto. É evidente que isto non se debe a un capricho momentáneo nin a unha nova variable do mercado mundial da pasta de papel. É o resultado dunha análise seria da foresta portuguesa sumida nun caos semellante á galega e que provoca que ano tras ano principalmente na época estival os lumes sexan, o mesmo ca en Galicia, o pan de cada día.

O lume de Leiría foi a resposta, casual ou non, e cos seus mortos acelerou as medidas a tomar.

A Estratégia Nacional para as Florestas prevé que a superficie de eucaliptos non supere as 812.000Has. actuais desenvolvendo mecanismos que conduzan á redución das mesmas e aumentar a superficie de carballos e outras frondosas nun 40%.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2017 10:39
Nº Rexistro: 14364
Data envio: 21/08/2017 10:39:37.705

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Inmediatamente The Navigator Company anuncia a súa intención de instalar en Galicia unha base de operacións e posiblemente máis, destinada ó fornecemento de materia prima.

Este anuncio alarmou ós sectores máis sensibles coa desastrosa política forestal promovida por Ence e consentida e apoiada polo goberno do PP.

Non é admisible que unhas medidas sensatas, que desde o BNG levamos reclamando hai décadas para Galicia a respecto da ordenación do espazo forestal, diversificación de especies, multifuncionalidade... que parece ser queren iniciar no país veciño, poidan chegar a te-lo efecto contrario aquí no noso.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que pensa facer o Goberno galego diante da ameaza que supón para a sostibilidade e o xa deteriorado equilibrio do noso monte a anunciada instalación como captadora de madeira, ou poida que algo máis, de The Navigator Company?

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Noa Presas Bergantiños
Ana Belén Pontón Mondelo
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2017 10:39
Nº Rexistro: 14364
Data envio: 21/08/2017 10:39:37.705

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/08/2017 10:34:01

Noa Presas Bergantiños na data 21/08/2017 10:34:06

María Montserrat Prado Cores na data 21/08/2017 10:34:09

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2017 10:34:11

Olalla Rodil Fernández na data 21/08/2017 10:34:12

Xosé Luis Bará Torres na data 21/08/2017 10:34:14

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.3 14788(10/POP-001983)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a data límite que fixa a Xunta de Galicia para acadar o saneamento integral das rías galegas

Publicación da iniciativa, 170, 06.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2017 11:14
Nº Rexistro: 14788
Data envio: 30/08/2017 11:14:49.144

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno,** sobre a data límite que fixa a Xunta de Galicia para conseguir o saneamento integral das rías galegas.

Da pesca e do marisqueo viven máis de 20.000 persoas en Galicia, polo que manter unhas rías galegas sen contaminación presentase como algo fundamental para garantir a supervivencia futura do sector. O saneamento integral das mesmas debe ser un obxectivo a curto prazo por parte da Xunta de Galicia.

Actualmente están rexistrados, segundo Augas de Galicia, sobre uns 300 verquidos incontrolados nas nosas rías. Unha das máis afectadas é a Ría de Arousa con máis de 100 puntos. Esta situación afecta de forma directa á pesca e ao marisqueo, véndose prexudicadas especies como a ameixa fina ou o berberecho, tal e como reflexa a evolución no número de capturas durante os últimos anos.

En xuño deste ano o Congreso dos Deputados aprobou unha Moción, presentada por En Marea, na que se instaba ao executivo a sanear e a preservar as nosas rías, polo que agora é necesario un compromiso real por parte da Xunta de Galicia a este respecto. Ademais, debemos recordar que a Ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina, marcouse como obxectivo o saneamento integral das rías galegas durante esta lexislatura.

A importancia que ten para o sector pesqueiro e marisqueiro galego este saneamento integral é fundamental no futuro do mesmo, polo que é de obrigada

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2017 11:14
Nº Rexistro: 14788
Data envio: 30/08/2017 11:14:49.144

necesidade que a Xunta de Galicia fixe unha data límite para conseguir este saneamento integral das nosas rías.

Polo exposto, formulamos a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Cal é a data límite que fixa a Xunta de Galicia para conseguir o saneamento integral das rías galegas?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 30/08/2017 11:07:50

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/08/2017 11:07:57

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.4 12972(10/POP-001584)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre as accións previstas pola Xunta de Galicia destinadas a implantar o Plan de accesibilidade do transporte metropolitano na cidade da Coruña

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2017 11:03
Nº Rexistro: 12972
Data envio: 21/07/2017 11:03:06.759

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López, Diego Calvo Pouso, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Pleno.**

A Xunta de Galicia vén desenvolvemento a mellora dos transportes en Galicia e entre os distintos plans que se están a poñer en marcha ten unha especial relevancia para os cidadáns da Coruña a mellora do seu transporte interurbano e metropolitano, a través da penetración de autobuses interurbanos ao centro da cidade con paradas a maiores da estación de autobuses. Unha acción que permitiría aumentar como mínimo un 10 por cento os usuarios deste transporte coas vantaxes que isto tería para reducir coches particulares e, polo tanto, a mellora da mobilidade, o tráfico e a redución de gases de efecto invernadoiro.

O seguimento deste plan de penetración de transporte interurbano no centro da cidade da Coruña vén sendo desenvolvido e consensuado en diálogo cos concellos da área urbana a través da "Comisión de Seguimento do Plan de Transporte Metropolitano da Coruña".

No marco desta comisión, na última reunión celebrada o pasado 19 de abril nas dependencias da Xunta de Galicia na Coruña, ademais de explicarse o resultado do último proceso de información pública, validouse e aprobouse o plan de entrada dos autobuses interurbanos no centro da cidade coa previsión de poñelo en marcha antes do verán.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte **Pregunta Oral para a súa resposta en Pleno:**

-Que accións ten previsto realizar a Xunta de Galicia para acadar o obxectivo de implantar o plan de accesibilidade do transporte metropolitano na cidade da Coruña?

Santiago de Compostela, 21 de Xullo de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 21/07/2017 11:00:17

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2017 11:03
Nº Rexistro: 12972
Data envio: 21/07/2017 11:03:06.759

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Jaime Castiñeira Broz na data 21/07/2017 11:00:40

Marta Novoa Iglesias na data 21/07/2017 11:00:48

Gonzalo Trenor López na data 21/07/2017 11:01:03

Diego Calvo Pouso na data 21/07/2017 11:01:21

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 21/07/2017 11:01:33

María Julia Rodriguez Barreira na data 21/07/2017 11:01:46

Jacobo Moreira Ferro na data 21/07/2017 11:02:03

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.5 16702(10/PUP-000106)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das consecuencias da política levada a cabo en relación coa enerxía eólica

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 16702
Data envio: 18/09/2017 12:15:30.992

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, sobre a valoración do Goberno galego do resultado da súa política canto á enerxía eólica.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polas novidades sobre as consecuencias da política da Xunta canto á enerxía eólica.

Exposición de motivos

Durante os últimos anos coñecemos o resultado de diversas sentenzas xudiciais relativas ás consecuencias da anulación do concurso do bipartito que terá que pagar a Xunta de Galiza do peto dos galegos e galegas. Anos despois, coñécense máis evidencias que confirman o fracaso do concurso eólico impulsado polo goberno do Sr. Núñez Feijoo, que xa naceu eivado ao botar abaixo o concurso anterior por sectarismo político e que se complementou con modificacións levadas a cabo polo propio PP no Goberno do Estado para desincentivar a aposta por este tipo de enerxía.

Recentemente, coa información ao Parlamento Galego das modificacións orzamentarias de xullo de 2017 coñecemos como a Xunta de Galiza, máis concretamente a Consellaría de Economía, Emprego e Industria, aprobaba unha transferencia de crédito por importe de 2.949.935,36€ entre aplicacións orzamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 16702
Data envio: 18/09/2017 12:15:30.992

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

correspondentes aos programas 621B "Imprevistos e funcións non clasificadas" e 731A "Dirección e Servizos Xerais de Industria" co obxectivo de levar a cabo o pagamento de diferentes sentenzas.

Coñecidos estes datos e a decisión da Xunta de Galiza de levar a cabo estes acatamentos enténdese que a Xunta de Galiza asume o seu fracaso canto á súa política de desenvolvemento da enerxía eólica, certificada tamén polos datos sobre o sector da última década.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que valoración fai a Xunta de Galiza das consecuencias da súa política canto á enerxía eólica?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 16702
Data envio: 18/09/2017 12:15:30.992

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 18/09/2017 12:15:16

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.6 12769(10/POP-001532)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección e xestión da illa de Tambo, no concello de Poio

Publicación da iniciativa, 156, 02.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2017 13:09
Nº Rexistro: 12769
Data envio: 17/07/2017 13:09:01.835

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, Raúl Fernández Fernández e **María Luisa Pierres López**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O Concello de Poio, en Pontevedra, está a traballar na mellor figura de protección para a Illa de Tambo.

O día 7 de febreiro deste ano 2017, o Goberno do Estado respondía no Congreso dos Deputados o seguinte: "*En el año 2002, como consecuencia de un informe técnico elaborado por la Empresa de Transformación Agraria SA-TRAGSA, se produjo una tala selectiva en la isla para facilitar la conservación de su masa forestal y reducir el riesgo de incendios forestales. Los trabajos realizados por esta empresa especializada se dividieron en dos fases, una primera orientada a la poda controlada de pino, eucalipto y arbustos para, con el beneficio económico obtenido de la madera, acometer una segunda fase de rebrote de las cepas de eucalipto y una inversión para el acondicionamiento del cuartel de marinería de la escuela y, de este modo, mejorar el bienestar y calidad de vida de su dotación. El Ministerio de Defensa ha permitido el acceso de visitas a este enclave, con las reservas propias de su condición como zona militar, buscando el equilibrio entre el uso y disfrute por parte de la ciudadanía y, tal y como obliga la legislación vigente, las medidas para garantizar su seguridad y la protección de sus edificaciones y medioambiente para evitar la repetición de los actos vandálicos producidos en el pasado. El estado actual de conservación de la isla es satisfactorio, señalando las acciones de protección, mantenimiento y reconstrucción realizadas y que ponen de manifiesto el interés del Ministerio de Defensa en conservar en óptimas condiciones este entorno natural*".

A Universidade de Vigo fixera hai uns anos un estudo sobre o que se atopa dentro da illa: unha capela do século XVIII, as ruínas dun lazareto do século XIX, restos de petróglifos, un faro dos anos 30, unha comboa e, entre outras cousas, 3 praias marabillosas. Pero o que non dicía o estudo é

que tamén hai unha invasión de eucaliptos, mimosas, avespa velutina e ata visóns americanos.

O Concello de Poio ten posto en marcha unha Comisión de Seguimento para que a Illa de Tambo deixe de pertencer ao Ministerio de Defensa, pase a ser de uso público e se chegue, de maneira consensuada, á figura máis axeitada para a protección e xestión da illa, chegando incluso á súa inclusión no Parque Nacional das Illas Atlánticas. Nesa comisión participan o Goberno e os grupos municipais, veciños e veciñas de Poio e a Deputación de Pontevedra; estaba invitado o Goberno galego, pero aínda están a agardar a que se poña ao teléfono…

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Comparte o Goberno galego que é necesario atopar a mellor figura de protección e xestión para a Illa de Tambo, no Concello de Poio?

Pazo do Parlamento, 12 de xullo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/07/2017 11:19:29

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2017 13:09
Nº Rexistro: 12769
Data envio: 17/07/2017 13:09:01.835

Grupo Parlamentario

José Antonio Quiroga Díaz na data 13/07/2017 11:19:34

Raúl Fernández Fernández na data 13/07/2017 11:19:39

María Luisa Pierres López na data 13/07/2017 11:19:44

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.7 16845(10/PUP-000107)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a recuperación da memoria histórica

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 18:16
Nº Rexistro: 16845
Data envio: 18/09/2017 18:16:32.144

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Paula Vázquez Verao, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte ***PREGUNTA, para a súa resposta oral no pleno, con carácter urxente,*** relativa á recuperación da memoria histórica

Xustificación da urxencia.

A decisión tomada pola Fundación Franco de cancelar as visitas ao pazo de Meirás por supostos "motivos de seguridade" non é mais que un novo paso na indecencia e ofensa ás vítimas do franquismo e ao conxunto do país.

O Pazo de Meirás é quizais o elemento máis significativo do espolio ao que someteu o ditador a Galicia, roubando terreos, diñeiro , casas e patrimonio artístico do que se lucraron non só a familia Franco, senón tamén, as elites que apoiaron a ditadura.

É unha indecencia que os propietarios do pazo sexan, aínda hoxe, a Familia Franco e os xestores, unha fundación que non dubida en facer apoloxía do fascismo. Incumprindo a lei de fundacións e insultando a memoria das vítimas do Franquismo.

Compre, polo tanto, recuperar a titularidade para o país do patrimonio usurpado por Franco, pero tamén devolver a dignidade ás vítimas do terror fascista exhumando e abrindo as fosas que aínda quedan.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 18:16
Nº Rexistro: 16845
Data envio: 18/09/2017 18:16:32.144

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todo o anteriormente sinalado, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno con carácter urxente:**

- Que vai facer a Xunta de Galicia para recuperar o conxunto do espoliado por Franco, incluído o Pazo de Meirás, e proceder a apertura e exhumación das fosas dos represaliados da ditadura militar?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 18/09/2017 18:15:15

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.8 13090(10/POP-001615)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre o proceso de ampliación do Hospital de Montecelo

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2017 13:58
Nº Rexistro: 13090
Data envio: 26/07/2017 13:58:25.915

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez, Sandra Vázquez Domínguez, Jacobo Moreira Ferro e **Guadalupe Murillo Solís,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O hospital de Montecelo, construído nos anos 70, ten pasado por numerosos episodios de ampliación e reformas.

En xullo de 2016, a Consellería de Sanidade e o concello de Pontevedra asinaron un convenio de colaboración para posibilitar a ampliación do hospital e para a dotación das infraestruturas e servizos necesarios.

Por isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En que punto se atopa o proceso de ampliación do hospital de Montecelo?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 26/07/2017 13:49:51

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2017 13:49:59

María Ángeles Garcia Míguez na data 26/07/2017 13:50:05

Marta Rodriguez Arias na data 26/07/2017 13:50:11

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 26/07/2017 13:50:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2017 13:58
Nº Rexistro: 13090
Data envio: 26/07/2017 13:58:25.915

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/07/2017 13:50:29

María Soraya Salorio Porral na data 26/07/2017 13:50:36

Raquel Arias Rodríguez na data 26/07/2017 13:50:42

Sandra Vázquez Dominguez na data 26/07/2017 13:50:52

Jacobo Moreira Ferro na data 26/07/2017 13:51:01

María Guadalupe Murillo Solís na data 26/07/2017 13:51:14

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

8.9 12911(10/POP-001565)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre os datos presentados polas empresas que fixeron achegas á Consellería do Mar en resposta á consulta preliminar do mercado en relación cos custos económicos en materia de servizos de medios aéreos para salvamento marítimo de Galicia

Publicación da iniciativa, 156, 02.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2017 13:59
Nº Rexistro: 12911
Data envío: 20/07/2017 13:59:51.028

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Partido dos Socialistas de Galicia

O nove de xuño a Consellería do Mar, emitía unha consulta preliminar do mercado en relación cos custes económicos en materia de servizos de medios aéreos para salvamento marítimo de Galicia, indicaba que estudaría e analizaría a información recibida que se presentara, e podería utilizarse no proceso de planificación e desenvolvemento de procedementos de contratación que tivesen por obxecto os servizos obxecto da consulta.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cales son os datos aportados polas empresas que fixeron achegas á Consellería do Mar en resposta á consulta preliminar do mercado en relación cos custes económicos en materia de servizos de medios aéreos para salvamento marítimo de Galicia?

Pazo do Parlamento, 20 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 20/07/2017 13:57:30

Julio Torrado Quintela na data 20/07/2017 13:57:46

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es